

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Os chamullos
do Centro

25 de Xullo **A PATRIA DE TODOS**



Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono

25 de Xullo
A PATRIA DE TODOS

Portada de Vilasó



- 4** Informe. A cara (verdadeira) do Centro.
- 9** Visantón (Melide): non queren ó cura.
- 10** Os Eidos
—Unha esquerda necesariamente irresponsable.
- 12** —¿Hai un camiño cara á unidade?
Campo-Becerras: Perde-la vida por 70 pesetas.
- 16** Os pensionistas non queren calar.
- 18** Coia (Vigo): falan os fillos do proletariado.
- 20** A rapa das bestas.
- 24** ¿Unha nova celulosa?
- 25** Os medos dos empresarios.
- 28** Fiadeiro.
- 30** Cultura. Mostra de Teatro en Vigo.
- 36** Especial 25 de xullo.
—X. r. Barreiro: O galeguismo histórico.
—X Vilas Nogueira: O nacionalismo baixo o franquismo.
—X. L. Méndez Ferrín: O nacionalismo cara ó futuro.
—X Navaza: O «día» en outras nacionalidades.
—M. Rivas: O 25 de xullo, ó través da historia.

pola nosa banda

O POBO UNIDO...

Coma as Irmandades, hoxe podemos dicir que «a nosa bandeira, cos seus cores de pureza branco e azul, flameará ao vento en moitos currunchos da nosa terra decindo ao mundo que aquí hai un pobo». E claro que hai un pobo. Tódalas esperanzas tódolos proxectos, tódolos análises que agroman neste tempo que pra moitos é de reflexión teñen que partir dun convencemento: nada se inventa, non podemos agardar por ningunha clase de *maná* que nos alimente no deserto... Só o noso labor, só a nosa unidade, só o noso pobo.

—*Moralismo*, afirmarán algúns.

E hai algo de certo. Por unha banda, un pobo que mantivo a súa personalidade entre tanta despersoalización programada. (Hai cousas que compre non esquecer). Por outra, a realidade política, os comportamentos frustrantes, o desacougo de homes que deixaron suor e mocidade na loita por unha Galicia verdadeiramente democrática. Unha Galicia democrática que non fora un escenario onde ensaiaran actores alleos un sainete escrito de antemán. Houbo situacións semellantes e foi entón cando de moitos peitos xurdíu unha especie de moral, de fe. Era a creencia firme de que o pobo galego se tiña que atopar a sí mesmo.

Palabras bonitas, dirán moitos.

E non. Non sería nada difícil facer un programa mínimo de coma os galegos gobernarían a súa terra. Pro non se trata disto. Falla convencerse e convencer. Falla definir o camiño onde sexa posible que o pobo galego —o que traballa, o que ten que emigrar, o que se ve explotado— loite *unido* sin que esto signifique necesariamente que leve un único *uniforme*.

Ahí diante temos un Día de Galicia, un Día da Patria Galega. Sería bon que non chovera sobre mollado, non afondar divisións e si plantexarse seriamente a unidade dos nacionalistas. Aínda que pra iso tiveramos que dialogar unha e mil veces. Namentres, o 25 de xullo, os galegos temos que sacar as bandeiras ás fiestras e ás ruas, oficializar de feito a nosa lingua, denunciar os problemas cotiáns: dende a emigración hastra o abandono dos barrios, pasando polas traídas de auga ou os hospitais que non hai. Sempre coa seguridade de que o Día da Patria é todos e cada un dos días do calendario.

Saúde e terra.



Edita a Sociedade Galega de Publicación.

Director: Anxel Vence Lois

Xefe de Redacción: Antón López Mariño.

Reportaxes: Perfecto Conde Muruais.

Entrevistas: Xavier Navaza Blanco.

Cultura: Luís Alvarez Pousa.

Información do estado e do mundo: Xosé M. García Palmeiro.

Redacción na Coruña: Manuel Rivas.

Redacción en Vigo: Víctor Fernández Freixanes.

Corresponsais: Guillermo Campos (Pontevedra) Xosé Platero Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo) e Xosel Vilela (A Coruña).

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensin), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca), Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía), César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo), Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Enviannos información do Estado e do mundo: Roxello Martínez, (Madrid), Carlos Porto (Lisboa), Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña), Gregorio Gálvez (Euzkadi), A. Ramos Espejo (Andalucía), Equipo Andalan (Aragón), Vicent Ventura (País Valenciá), Equipo Cort (Balears), Ramón Luis Chao (París), F. Pérez-Barreiro (Londres), Domingo Fernández (Buenos Aires), Emilia Vázquez (Santiago de Chile), Baldomero Cores (Puerto Rico), Xosé L. Iglesias (Hamburgo).

Fotografía: Manuel Yáñez, Xurxo S. Lobato, Luís Gaiol.

Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confecciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Administración: Rosa M.^a Castro, Mercedes González.

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvel» (215069)

Ourense: «Eudosa Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central; Rúa do Hórreo, 94, Entrecán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos n^o 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitaráse o control de O.J.D.

TEIMA non se solidariza necesariamente cos criterios expostos polos seus colaboradores.

A cara (verdadeira) do Centro

«Que a Administración non nos poña trabas prá industrialización de Galicia» **la**labase fai dous anos nunha revista española X.A. Graiño Amarelle. Coma pra afirmar as súas verbas, ó ano seguinte, na primavera de 1976, os homes da COSA —que dirixe Graiño— convocan unha manifestación de

labregos— na organización da mesma utilizáronse semellantes métodos ós daquelas grandes concentracións na plaza de María Pita, cando Millán Astray tronaba ¡Coruñeses!, aquí tamén entrou el cáncer...— pra apoiar a industrialización, así, a secas, de Galicia.

Todos os comentaristas coincidiron en ver nesta manifestación un apoio as *industrias celulósicas*, rexeitadas polo pobo días antes nunha importante manifestación en Ponteceso. Agora, Graiño Amarelle, é senador electo por Coruña. Agora, algunhas persoas lembran octavillas espalladas polo agro chamando á manifestación —na que membros da COSA golpearon e denunciaron a varias persoas por engadir á consigna *industrialización* o adxectivo *racional*— e nas que se decían cousas coma *A certos «señoritos» chéiranlle mal as cortes das vacas e as granxas de porcos e galiñas... Tamén lles amolan os fumes das chimeneas das fábricas que veñan a transformar en Galicia as nosas producións, creando postos de traballo pra os nosos fillos. ¡Por iso se opoñen a que veñan as papeleras! ¡Mal raio parta a istes «señoritos!» ¡Eles si que contaminan o noso país! ¡Vaiamos todos os campesiños á manifestación do vinteito do marzal na Coruña!*

Alí onde se intentou instalar as industrias porcas, os labregos rexeitáronas. Nembargantes, na Coruña, estaban miles de persoas, a maior parte pensando que o que se estaba a pedir era sinxelamente fábricas e postos de traballo. Foi, vémolos agora, coma unha profecía do que un ano e pico despois sucedería nas urnas electorais.

O mar. Un dos sectores onde se fai máis difícil, xunto co agro, cambiar as antigas estruturas sindicais. Un procurador durante o franquismo, Baldomero Fernández Calviño, traballou arreo —cando se



OS DO CENTRO, ACCIONISTAS DUNHA URBANIZACION SALVAXE

XAVIER IGLESIAS

coñeceron os proxectos de reforma sindical— pra manter ben collidas as redes das cofradías. Foi coma outra predición. Os mariñeiros e pescadores tiveron que tremar das mesmas lousas corporativistas, dos estreitos ou inexistentes canles das vellas cofradías. Fernández Calviño, tamén de UCD, tamén senador por Galicia.

DO AGRO A CONSTRUCCION

Voltemos ó agro. Velahí un coñecido granxeiro, home forte e colaborador de sempre con Graiño dentro da COSA, e ó igoal que este, con intereses forestais. Manuel Corzo Diéguez é tamén industrial. Pasemos, pois, á cidade. Na Coruña, a *Constructura Hércules S.A.*

(COHESA) tenta dende hai algún tempo construír vivendas de luxo na chamada canteira de Molezún, chan que forma parte do Parque de Santa Margarita, unha das poucas zonas verdes que fica nesta cidade cada día máis abafante (ver TEIMA, número 17, Coruña: *¿A quen pedir contas?*). Neste proxecto, contra o que veñen movilizándose coma ceais nunca o fixeran as asociacións de veciños, participa coma socio Manuel Corzo (160 accións de dez mil pesetas cada unha). Con él, outros coñecidos coruñeses, algúns deles asimesmo pertencentes ó P.G.I., o partido hoxe por hoxe máis forte na UCD-Coruña. Antonio Alvarez, presidente do Deportivo (160 accións). Manuel Soto, importante industrial que, según se con-

ta, acompañou a Liaño Flores cando este presentou a documentación pra ser electo alcalde entre os concellais (560 accións). Anxel Ron Fragacado cunha irmán de Corzo e a quen se cita coma principal candidato por UCD ás próximas eleccións municipais (320 accións). ¿Cóma está a cousa? As críticas ó proxecto foron durísimas, mesmo dentro da actual Corporación. A última noticia ó respecto ten relación co muro que se está a facer arredor de todo o parque pro que, curiosamente, non afectaba ós terrenos da canteira. O propio Ministerio da Vivenda decatouse do asunto e fixo saber ó axuntamento que *«se observa que la superficie que abarca (o muro) es menor que la que aparece delimitada en el Plan General*

como parque de Santa Margarita, por lo que el ámbito del proyecto deberá ampliarse a todos los terrenos calificados como Parque». O contido desta comunicación foi coitadamente silenciado ós cidadáns, coma outras anteriores non favorables ó proxecto especulativo. Algo parecido ocorreu cando o «affaire» do *Corte Inglés*. Esta empresa comercial presentou un proxecto pra construír un gran centro comercial na canteira. Naquel entón, a Dirección Xeral de Urbanismo informara negativamente, pro a corporación municipal silenciou esta resposta. Os veciños presentaron un recurso contencioso-administrativo en relación co carácter de zona verde da canteira e por iso non entenden ben as presas de parte da corporación pra aprobar o máis axiña posible este proxecto anti-popular. No fondo estamos a asistir a un xeito de montar nos cartos que se fixo costume nos anos da dictadura, unha especulación que convertiu ás nosas cidades en cortellos inhumanos.

ALCALDADAS

Semellantes características atópanse nos proxectos de urbanización de zonas destinadas a uso público ou explotación colectiva coma son os das marismas de Miño ou da ría do Pasaxe. Cos demenciais proxectos, dos que ninguén parece responsabilizarse e que están movidos por unha especie de fio pantasma, trátase de construír apartamentos de luxo (mil seiscentas vivendas na praia grande de Miño e mil no Pasaxe). Respecto de Miño, as reaccións dos veciños foron inmediatas e contundentes ocupando as marismas e rexeitando de plano o que tentaban facer alí. Asemade, as mariscadoras da ría coruñesa deixaron claro que «pra evitar este atropello si chegara a producirse opoñeremnos por tódolos medios contra que sexa». ¿Qué intereses andan a promover estas urbanizacións? O grupo ou persoas en cuestión traballa na sombra e prefiere presentar *homes de palla*. Xa cando o da canteira de Santa Margarita

houbo presións sobor dalgúns profesionais da información pra que non se dera a coñecer a lista de accionistas da empresa promotora. E, claro, non se déu. Sobor do de Miño, esta revista decía no número 19: «A idea xurdíu nun grupo de inversores da Coruña, ligado ós irmáns Corzo Diéguez, a Graiño Amarelle e ó presidente do Club Deportivo Antonio Alvarez, principalmente. Disque tamén anda polo medio xente de Meilán Gil e dende logo é seguro que se conta a presenza dos banqueiros e inmobiliarios da familia Etcheverría. Todos eles, e alguén máis, constituiron a xa citada sociedade anónima que compró parte da superficie da marisma ó exalcalde de Sada, Xoán Fernández Arévalo, en 66 millóns de pesetas. Según se conta por Miño, este señor comprara antes ós herdeiros de Ignacio García Novoa en 36 millóns, dos que non chegou a pagar máis ca dous. Tanto na operación como na promoción da construción de bloques figura di-

señor Arévalo. O municipio de Oleiros, ó que pertence Perillo e o Pasaxe, aínda non ten aprobado definitivamente un plan de ordenación polo que non ten senso — aparte da irracionalidade do proxecto en si mesmo — dar via libre a unha obra de tal magnitude, que vai cambear toda a fisonomía da Ría e convertila nun coto pra disfrute da burguesía.

Cée: tamén perto da Coruña, tirando prá banda de Fisterra. Alí TEIMA ten un amigo. Un amigo que presentou unha querella por supostas inxurias que estarían contidas no traballo «Cée: concentrar a golpe de cacicadas», publicado nesta revista. Próximamente TEIMA recollerá unha segunda parte do «affaire». Do devandito señor, Manuel Lagoa, decíase no número 18 que resultara moi beneficiado do xeito co que o IRYDA fixo a concentración na parroquia de Pereiriña namentres a maioría dos veciños consideraban o plan coma discriminatorio e inxusto. Pois ben, Manuel Lagoa «preside a Irmandad-

PGI, partido que contaría con homes de influencia coma Castreje...»

UN HOME FEITO A SI MESMO

E, dende Cée, a carreiriña dun can hastra Ourense. Velahí, na cidade das Burgas, outro home coñecido, tamén elixido deputado, Euloxio Gómez Franqueira, un auténtico *animal económico* que só vive pros negocios e que non gasta traxe político mais ca coma adorno social.

Franqueira é hoxe un dos mais claros exemplos do capitalista feito a si mesmo: de berce mais ben humilde, os seus contactos co pobo valeronlle pra dar un toque populista á súa xestión económica, o que, unido ó seu recoñecido espírito de traballador infatigable, case-case logran que o pobo o respete o como se fora un dos seus fillos. E disto non hai nada: en Ourense, a súa fortuna só pode ser superada pola dos irmans Barreiro. Como exemplo indicativo, podese decir que, unha vez, un banco da capital contratara uns detectives pra ver se tiña fondo pró aval dun creto de setenta millóns de pesetas; cando os detectives ían polos 200 millóns ordenaronlles para-las investigacións.

Dín que non sabe moito de política pro ten demostrado dabondo vista pra salvar sempre o seu futuro. Acusado, nos anos da guerra, de ecoita-la radio enemiga, tivo que escapar ó monte, de onde baixaría — apuntado xa ó bando franquista — pra pedir contas ó falanxista que o denunciara. Agora, cando moitos presupoñían que entraría no equipo de Fraga, o seu fichaxe polo equipo de Pío Cabanillas foi un dos seus goles maestros.

Cunha vida privada absolutamente impenetrable, agachado tras los muros do seu pazo de Laias, en vinte anos, este empresario aventaxado pasaría de se-lo mestre de Castelo de Miño a home forte dun clan político-económico que ten a provincia de Ourense metida no peto. Coa fermosa palabra «cooperativa» por diante, entrou a saco no campo e aínda que levou algunhas sorpresas — investigación das súas



AS CELULOSAS PRECISAN MOITA MADEIRA

P. CONDE

rectamente implicado e moi interesado o alcalde da vila, Xosé López Montero». A algúns destes homes non lles gustou a cita e manifestaron alporizados que non estaban relacionados co asunto, pro o certo é que todo sigue sin ser aclarado. Moito máis escuras están as cousas en relación co Pasaxe, anque na *vox populi* circulan os mesmos nomes que no caso de Miño. Dase coma seguro o vencellamento ó proxecto do ex-alcalde de Sada,

de Local de Labradores e Gandeiros, a Cooperativa de Pereiriña e un singularismo organismo estatal de Montes Veciñais. E socio de «Agrufo» e está politicamente moi relacionado cos líderes do Partido Galego Independente, Meilán Gil, Graiño Amarelle e Corzo Diéguez. «Fora e dentro desto — decíase naquel informe que nos custou ir ó xuzgado — a política tamén chega a esta zona. Alguén pensa xa que se trata de converti-la nun feudo do

contas polo Banco de España— e alguns disgustos— saída co rabo entre as pernas, no 73, da Cooperativa do Ribeiro— o imperio económico que dirixe non ten trazas de se estancar, nin moito menos.

Ascendido a presidente da Unión Territorial de Cooperativas do Campo, aló polo remate dos anos 50, propuxo a persoas de cartos e prestixio montar granxas avícolas e lácteas. Homes da capital que fixeran uns cartiños coa industria e señoritos das vilas, case arruinados, apuntáronse a xogada: estaba claro que o país —froito da entrada no desenvolvemento industrial, as cidades medraban de poboación e a xente empezaba a ter cartos pra gastar— estaba a piques de esixir un forte aumento de bens de consumo, entre eles, os alimenticios. Por riba, a o nome de «cooperativa» permitía un fácil acceso a interesantes cretos oficiais. De tódolos xeitos, este era un esquema pouco ambicioso pra Franqueira: non quería intromisións nos seus dominios económicos e, recollendo a idea básica das cooperativas —producción e comercialización propias— puxera en pé un potente armazón económico que o levou a él mesmo e mais ós seus amigos ós primeiros postos da economía provincial, sen que aumentara o nivel social dos empregados das cooperativas —puros e simples asalariados. Aquelas primitivas granxas de polos, ovos e leite teñen hoxe as súas propias fábricas de pienso e o seu propio matadeiro; teñen os seus propios centros de clasificación e envasado de ovos e tamén os de homoxeinización, pasteurización e envasado do leite; teñen aínda, a súa propia flota de transporte. Neste vran, UTECO está dando o golpe perfecto: convertirse en minorista, en vendedores directos ó público dos seus produtos. E todo este imperio é posible gracias a un audaz golpe de man dado hai tempo: a creación da Caixa Rural —que tamén preside— permite liberarse de pedir cretos e pagar intereses a outras fontes financeiras.

Pouco afeito ó fracaso, os largos anos que tardóu en controla-la Cooperativa do Ribeiro é un borrón de tinta ben negra no seu diploma de empresario arrollador. Tras de se-lo presidente desta empresa do 68 ó 73, dimitiu pretextando que o seu recente cargo de procurador ía levarlle moito traballo. A razón verdadeira non parece ser outra que o déficit de 180 millóns que tiña a cooperativa. Dúas —dise— que foron as causas deste fracaso económico: *primeiro*, o xigantismo de Franqueira que, por unha vez, deixaba de ser realista e calculador pra se deixar gañar por unha tolemia faraónica. Desobedecendo os consellos do Banco Oficial do Creto Agrícola de facer inversións cativas e acadar un desenvolvemento máis armónico e axeitado, botóuse a gastar cartos a moreas e así lle foi: como non había problemas de presuposto, construíron unha adega na parte de riba dun terreo moi accidentada, cando, con face-la na de abaixo, aforrarían unha boa parte do gasto eléctrico de bombeo. Pior sería, aínda, o da construción dos depósitos: eran de tan baixa calidade que axiña desapareceu a parafina de protección das paredes e o viño chegou a apodrecer o formigón, entrando hastra as mesmas estruturas de ferro. *A segunda causa* deste fracaso ven da sua teima en subordina-la Cooperativa do Ribeiro á Caixa Rural. Cando no 73 deixa a Cooperativa, os novos rectores sanean a situación económica mediante un creto, sen intereses, de 60 millóns de pesetas do Fondo de Protección ó Traballo e outro máis de 30 millóns, aportado polos socios. Estas dúas cousas estaban, se quixera, a man de Franqueira.

Dous paus pouco craros impedirían que a nova xunta rectora da Cooperativa lograse cosolidalos seus primeiros éxitos. No 75, e pouco antes das eleccións de nova xunta, unha perfecta campaña de prensa —«El Pope», «La Región» e «Augusto Assía»—, iniciado coa presunta denuncia —acusación que houbo que desmentir— de falsear en quince millóns de pesetas

un balance anual apuñalaría de morte a unha directiva que se decataba de súa morte cando foron recoller do Banco Pastor un creto —xa apalabrado— de dez millóns que era denegado misteriosamente.

Franqueira é un home de habil regate pra esquivar zancadillas alleas que, tamén, ten un duro disparo que lle permite pasar ó ataque con firmeza. Proba desto foi o resultado do *affaire* da Caixa de Afo-

de negras as cousas, e tendo na súa propia casa ós inspectores do Banco de España revisando as contas, Franqueira fixo un bloque rotundo arredor de *Caito* coa axuda de Ferrer Garrido —hoxe presidente da Caixa de Aforros e da Diputación— e os irmans Barreiros, tendo na sombra —moito máis atrás— o apoio dos mecenas madrileños de Ferrer e dos Barreiros: os ministros Solís, GarcíaBaxtere Pío Cabanillas. Resultado deste *affaire* foi o



DISQUE POR MIÑO TAMEN ANDA A UCD

ros, cando Regalado Aznar —gobernador civil— e Olano Gurriaran —presidente da Diputación— puxeron na picota a Martín Esperanza, coa esperanza de acada-lo número ún do «hit parade» económico ourensán. O director da Caixa —un dos íntimos de Franqueira— foi denunciado por impagos de intereses ós contacorrentistas, por non cobrar ós deudores, por concesión de cretos sen pedir pólizas de riscos e por firmar préstamos sen permiso da dirección. Tamén Martín Esperanza concedera un creto o odontólogo da Casa Real que, por outros motivos, foi parar á carcel na que morreu. Disque «Caito», sen posibilidade algunha de recuperalos cartos, recurriu a unha ampliación de capital pra mercar accións a baixo precio e vende-las mais cara pra tapar tal descuberto. Pois estando así

cese de Martín Esperanza, pro, pouco tempo despois, Regalado Aznar marchaba cara o goberno civil de Girona.

Consolidado xa o seu poderío económico, quería controlar, tamén, as opinións, e así fixo, que pregunten, senon, na «Región». Precisando cartos pra saír dun bache económico, un aval de 50 millóns de pesetas do señor Franqueira permitiu respirar ó periódico, pro, claro está, ó ritmo que marque o señor conselleiro. Anque é certo que se deu opción a outras ideoloxías, a UCD sería a *nena bonita* das informacións publicadas na campaña electoral. Chegouse a mandar á papeleira cativas notas dos correspondais das vilas se non eran favorabeis ó Centro, maniobras que terían unha burda culminación no editorial do día 14, cando xa rema-

tara a campaña, o que provocou a denuncia dos outros partidos.

Pra deixar ben clara a forza do clan político-económico de Franqueira basta dicir que non hai vila e axuntamento que poida escapar do seu control: entre Ferrer Garrido —presidente de Caixa de Aforros e da Diputación—, Franqueira —presidente de UTECO e Caixa Rural— e Contreras Brotóns —presidente da COSA— ten cinco oficinas de control en cada axunta-



P. CONDE

mento. E como non hai municipio que non espere algo dos presupostos provinciais ou *Hermanidad* que non precise piense ou paisano que non conte con pedir algún día un creto, pois é ben natural e razo-

ble a espectacular barrida que deron os homes da UCD ourensán nas pasadas eleccións.

DE SODIGA O IRYDA

Dende Ourense hastra ó principal núcleo industrial de Galicia. Alí un home que se desenvolve ben nas redes da política adendeuno sen problemas durante o franquismo— é David Pérez Puga. O presidente de SODIGA, ex-procurador en Cortes e agora senador, escomezou a facer política o traveso do sindicato vertical onde disfrutou de varios cargos. Tamén foi concellal no axuntamento de Vigo, onde tiña bastante poder. «A pesares de que el asegura —decíamos no número 15— que se empeñou pra levar adiante a súa campaña de candidato a procurador familiar, parece que moitos cartos viñeron de sectores empresariais, que sempre o miraron coma un contacto intelixente nos órganos de Poder central. E un bo relacións públicas, coída a súa imaxe, é un representante estereotipado dun partido, o PGI, por eso nos paramos unha miga nel.

Poderíamos cortar polo mesmo patrón a Meilán Gil na Coruña, mesmo ó Joaquín García Picher, o alcalde da cidade de Vigo». O feito de que Pérez Puga fora nomeado presidente de SODIGA pouco tempo antes das eleccións foi criticado por moita xente —algo parecido sucedeu con Meilán respecto do

IRYDA— por entender que era unha baza electoral indirecta. Constate que un dos deputados de UCD, Carlos Sueiro, o chamado *obreiro do centro*, foi convencido pra se presentar a candidato despois de que Pérez Puga botara unha man á empresa onde este traballaba, CENSA. Non fai falla dicir que García Picher, outro político intelixente, o *home do «scalectrik»*, ex-vicepresidente de Autopista do Atlántico, tamén é do PGI e agardalle, de seguro, un bo posto no sistema.

E de Vigo, outra voltita —podemos facer o traxecto da Autopista— hastra Coruña. Alí, un político de pro. Ex-procurador, ex-delfín de López Rodó. Medróu canda o Opus. Un irmán é concellal —nada democrata, por certo— no axuntamento coruñés. Xamais apareceu directamente relacionado con chamullos urbanísticos coma os descritos ó escomenzo deste informe. E un home de alta política e díxose en Madrid que non foi ministro no último goberno polo seu pasado comprometido co franquismo. Cando a reforma de Suárez collía pulo foi nomeado presidente do IRYDA. Nos anuncios deste organismo na prensa galega sinalabase que estaba dirixido *por el prestigioso político gallego José Luis Meilán*. Este xeito de facerse propaganda cos cartos do presuposto oficial foi comentado irónicamente polo xornalista Luis Pita, ó que lle contestaron alporizadamente. Comentarios máis enérxicos mereceu o convenio

firmado no mes de marzo, cando xa estaban anunciadas as eleccións, entre o IRYDA e a Diputación Provincial da Coruña e que foi considerado coma unha manobra electoral. Tratábase dun xeneroso plan de «millora agraria» pró que se dispoñía de máis de 3.000 millóns de pesetas «que non os caga un corvo», coma dixo entón Pousa Antelo «Nembargantes —comentaba o coñecido especialista en temas agrarios— con eses cartos ¿cántos cretos non se poderían conceder a explotacións labregas e a cooperativas comunitarias prá millora das súas explotacións?... Moitos, sen dúbida, pois no ano 1975 tódolos cretos concedidos á provincia da Coruña polo Banco de Creto Agrícola, somentes chegaron a cento setenta millóns de pesetas». Un xornalista coruñés, coñecedor a fondo da figura de Meilán, definiuno pra TEIMA coma «un advenedizo intelixente, cun complexo de home mesiánico, con tódalas taras e traumas dunha educación integrista, cheo de concesións hacia o status do poder e da riqueza».

Foi este un pequeno camiñar acanda o grupo que arrampou nas eleccións, que mereceu centos de milleiros de votos dos galegos. De seguro, teremos que voltar a falar. Pro hai algo evidente: esos votos foron pró poder, pró pasado. Velahí a cruda verdade escrita nos camiños de Galicia.

(Este informe foi elaborado conxuntamente por Manuel Rivas, Luis Pousa e Antón L. Mariño).

MEILAN GIL, «ADVENEZIDO INTELIXENTE»



M. BLANCO

GRAIÑO AMARELLE: «Mal raio parta os señoritos»



M. BLANCO

PEREZ PUGA, DA ESCOLA FRANQUISTA



FRANQUEIRA, O MILLOR FICHAXE DE CABANILLAS



ARQUIVO

Publicación galega
precisa

AXENTES DE PUBLICIDADE

en tódalas cidades
de Galicia

Condições de traballo
a convir

*Escribir ó apartado
de correos n.º 448*

Teléfono 593879 (mañás)

Mais de cen anos traballando o ferro


1855 ferreiro do Pino
1977 fábrica de ferramentas
prá

Agricultura

Minas

Obras

no lugar do Pino (Pontevedra)



EDELMIRO VÁZQUEZ Y HNO., S. L.

APARTADO 64 - AVENIDA DE VIGO, 126 - TELÉFONOS (986) 859961 - 852065

PONTEVEDRA

MELLOR COS CARTOS DE DIA E DE NOITE

OUTRA VENTAXA DE TER UNHA CONTA
NO BANCO DE VIZCAYA

Utilice cheques gasolina do Banco de Vizcaya
Ademitense a calquera hora do día ou da noite
Axudan a levar un control exacto do consumo
Son totalmente gratuitos
Carganse en conta despois de seren utilizados
Levan impresa a matrícula do seu coche
e ninguén mais pode utilizalos
Soliciteos en calquera das oficinas do Banco de Vizcaya

Banco de Vizcaya
SEMPRE PERTO DE VOSTEDE



Non queren ó cura

Na historia social de Galicia a Igrexa está sempre presente. Cregos como o histórico abade de Leiro, Basilio Alvarez, ou como o «cura de Fruime» connotan épocas concretas do acontecer galego. Taragoña, hai oito anos, viviu —e vive aínda— un verdadeiro conflito parroquial por mor do cura. Hoxe mesmo estase dando un caso concreto na parroquia de Visantoña onde estivo PERFECTO CONDE pra informar do asunto.

Parroquia de Visantoña (Santiso, A Coruña), a poucos kilómetros de Melide. Centovinte veciños e sobre seiscientos habitantes. Ten un cura, Manuel Villamayor Vila, a quen non queren os feigreses nen polo forro. Dende o primeiro sábado de xullo, non lle van á misa. «Non queremos que siga conosco —din— e non volveremos á igrexa mentres non se vaia».

O caso ten algo de parecido co que se orixinou en Taragoña, perto de Boiro, no 1969. Había alí un crego, Vicente Sampedro, estimado polos veciños e o bispo de Santiago botouno da parroquia. Os feigreses enfadáronse e decidiron non irlle á misa ó sustituto e chamaron ós protestantes. Dende aquela, a parroquia cambeou dúas veces de cura pro o conflito non se resolveu realmente. Mais de trescentos enterros fixéronse sen crego e bautizos e bodas emigraron a outras parroquias.

O cura de Visantoña protagoniza un caso de conflictividade parroquial semellante coa diferenza de que agora o que queren os feigreses é que se lles vaia o párroco. «Aguantámolo xa moito tempo —dixeron a TEIMA varios veciños que se xuntaron pra contalo asunto nunha reunión á que asistiron mais de centosenta persoas—. Agora o que queremos é que se marche ou co cambee o bispo. Precisamos dun cura bo, que nos entenda, que se leve ben conosco, que comprenda as nosas cousas colaborando coa parroquia e que non sexa un lobo pras ovelas».

Manuel Villamayor, 49 anos, natural da bisbarra de Lalín, leva nove anos ó frente da parroquia. Segundo informan os veciños, endexamais se preocupou por nada que non fora desprezar a opinión e as necesidades dos feigreses. «E un verdadeiro dictador que soio fai o que lle peta a el. Nunca nos fixo caso e sempre que tivemos que ir onda el pra calquera cousa sempre saímos da súa botando chispas e centellas ou falando soíos. A súa manía é mandar soíño e a nos que nos parta un raio». En consecuencia, despois de aguantar mecha varios anos, os da parroquia decidiron non volver nunca máis á igrexa mentres non se marche. Visitaron en dúas ocasións ó bispo da diócesis, monseñor Ona de Echave, bispo de Lugo, que lles prometeu algunha vez estudar-la situación pra atoparlle unha saída. Cando viron que non se lles facía moito caso, optaron por non ir máis á misa na parroquia. «Facémolo conscientemente —contaron—, como medida de forza, pra que se nos escoite e se resolva estos».

«Esto de non asistir á misa —dixeron tamén os veciños— cóstanos disgustos e molestias porque nos o que non queremos é abandonar as obrigacións relixiosas e por eso imos agora oi-la misa a outras parroquias, con transtornos e distancias que temos que recorrer. Pro

custe o que nos custe, non volvemos á misa deste cura mentres esté en Visantoña». Neste coinciden todos e cando o di un veciño corrobóranlo rápidamente tódolos demais. «Poña ahí —din ó periodista— que non somos unha banda de ateos e que tampouco imos esquecer agora a relixión aínda que parece co cura que temos está empeñado en destruír a fe entre nos».

SANTA VIOLENCIA

¿Qué lles pasa logo os veciños de Visantoña co cura? «Pásanos que sempre nos tratou mal. Pra empezar, tratou coma trapos os nosos fillos cando lle iban ó catecismo». E aquí comenza un relatorio escalofriante de feitos que parecen intimamente relacionados con esa vella e fascista teoría de ca letra con sangue entra. «As miñas nenas, canto tiñan seis e sete anos, pechounas o cura na sacristía por non saberen a doutrina», conta unha nai. «A min tívome pechada mais de media hora —informa unha rapaza que agora ten quince anos— por non saber o catecismo e non é que eu non o soupese non, senón co que pasaba era que eu chegaba á igrexa e soio con velo xa me asustaba e non aturaba a decir o que sabía. Meu pai tomábame a doutrina na casa e contestaba ben e, cando chegaba onda o cura, non artellaba palabra». «Eu pasei media hora de xoñellos coas mans debaixo das pernas —conta un ex-catecúmeno— e, cando me deixou erguer, estaba tollido. Doíame o corpo como se me mallaran e o medo que agarrara facíame tremer».

Mais arrepiantes son as historias que cantan varios pais e fillos con certo cheiro a Freud. Resulta co bon do cura pechaba os nenos que non sabían o catecismo nun cuarto obscuro que hai na igrexa cheo de santos vellos e de ímages rotas. «Alí fumos parar moitos nenos e nenas que fallábamnos ó mellor unha soia palabra de toda a pregunta. Dábanos moito medo porque non se vía nada e tropezábamnos cos santos. As veces parecíanos mortos e asustábamonos moito». «Cando un día mo

«EU TAMEN QUERO CONTAR ALGO»



contou o meu fillo —salientou un labrego—, ferveume o sangue e tiven ganas de ir busca-lo cura pra que me explicara por qué facía eso. Despois pareime porque me daba medo facer calquera cousa porque este home é un verdadeiro provocador». «Dábachelle igual —engadiu outro afectado— porque eu si fun onda el e contestoume que castigaba ós rapaces por non saberen o que tiñan que saber. A min díxome que non lle volvera a mandar o fillo ó catecismo mentres non lle ensinara eu a doutrina». A consecuencia nos rapaces foi moi variada. Algúns remataron por non astreverse a entrar na igrexa pró catecismo e quedábanse polo camiño. O domingo seguinte enterábase o seu pai e levábaos á forza onda o cura. «Non ibas este domingo e ibas pro que viña —relatou unha rapaza— e a represión era peor. Ganabas a bronca do teu pai na casa e logo os castigos do cura».

Unha vez o cura estaba dando a comunión e unha nena despistouse e houbo de caerlle a Forma ó chan. Non lle caeu, pro o crego arreoulle unha bofetada diante de tododíos e non lle deixou despois comulgar. «Afectoulle aquilo moitismo —informou a súa nai—, chorou coma unha desconsolada e na casa non sabíamos o que facer». Quen tivera tose non podía estar na misa pois o párroco alporizábanlle os tosidos e mandaba saír pra fora interrumpindo o oficio. «Este home é igual co lobo que pilla a ovela e escapa con ela sen saber pra onde vai», explicou un veciño nunha arrouxada de sinceridade. Non lles gusta, ós de Visantoña que falen mal deles e, cando o que fala é o cura, alporízanse. Unha veciña de Vilar de Ferreiros contou co crego pediu unha vez na misa que se rezara polos desta aldea «porque non veñen á misa». «O crego debería saber —afirmou a informante— que moitos de nos imos a Ribadulla proque nos queda mais cerca. ¿Por qué tiña entón que falar mal de nos diante dos demais?». Varios feigreses explican as pegas coas que tropezaron varias veces pra bautizar ós seus nenos.

De todo esto os veciños deron conta ó bispo de Lugo nun escrito que lle mandaron o 27 de maio. O 7 de xuño unha comisión visitou a Ona de Echave que lles contestou que daría unha solución ó caso denantes do 20 do mesmo mes. «Cando vimos que non pasaba nada senón que todo seguía como estaba, foi cando tomamos a decisión de non ir á misa».



REMEDALOS CASTIGOS VIVIDOS

AS CHAVES DO CURA

Outro enfrentamento gordo deuse cando lle pediron ó cura as chaves do centro parroquial que foi construído sobre terreos parroquiais e dos veciños e con cartos aportados polos feigreses e por subvencións oficiáis. «Queríamos ver se se podían facer dúas aulas do centro escolar no local parroquial. O cura negou as chaves moito tempo e rematou por darnos somentes as de dúas portas. Decía que esto é do bispo e non del nen noso. Despois soupemos, porque contouno o cura de Melide, co que quería era ter pechado o centro polo menos mentres non se celebraban as pasadas eleccións. Polo visto coída que nos facíamos políticas».

TEIMA visitou na casa rectoral ó polémico cura de Visantoña pra coñecer a súa opinión. «Eu estou aquí —dixo— por vontade do bispo e de Deus. Non podo dispoñer da miña persoa, ordeneme ó servizo de Deus a ó seu servizo estou. Se os veciños teñen algo contra min, que se dirixan ó bispo. Eu non teño nada contra eles e prefro non responder as acusacións que me podan estar facendo». Sen embargo, fala a medias de que está seguro que anda a política polo medio do asunto e que non pasan de sete os veciños que moven o cotarro. «Tódolos demais fan o que fan porque están amenazados por catro revoltosos». Di que esto sucedeu porque algún necesitaba facer propaganda nas eleccións e «non me pregunte nada mais, que non quero falar», remata. «Se quer saber algo sobre min ou sobre o que aquí pasa, consulte ós meus superiores, ó arcipreste da zona por exemplo, ou a Guardia Civil, eu non digo nada». Consultado o arcipreste das Cazañas, contestou que non ten información oficial do que pasa e que, polo tanto, non pode decir nada concreto.

Os veciños despediron ó redactor de TEIMA decíndolle: «Poña ben claro que queremos que cambeen o noso cura e que nos manden un crego que saiba levar o camiño da alegría, da sencillez conosco. Un señor que trate de beneficiar á parroquia e que colabore cos veciños. A este de agora témoslle medo pro non respecto e nos queremos ter un cura que respetar».

Así fala Visantoña. Unha parroquia que vive da agricultura e da gandería. Que ten moita emigración e moitos problemas. Por término medio, cada labrador ten catro vacas e hai en total 17 tractores. O embalse de Portodemouros deixouna illada dunha zona coa que sempre se comunicou decote. O problema meirande agora parece que é o cura.

CARTA DA DIRECCION

Unha esquerda necesariamente irresponsable

ANXEL VENCE

Tratábase nesta ocasión de programar (por primeira vez sen armadas sombras grises tras dun) a celebración do 25 de xullo, festa nacional galega. Despois de tres horas de amena conversa, algúns centos de pitillos consumidos e milleiros de palabras derramadas, os cumios partidarios e asamblearios prometeron solemneamente non se arremeter entre sí nese día. Tal e como están as cousas, os señores políticos estimaron que, vaia, é suficiente.

Desgraciadamente, o pobo en xeral, cada día mais abraiado i escéptico, non parece que vaia compartir o optimismo conformista dos seus —é un decir— políticos. Quen padece a cotío as ledicias da emigración, do paro, de toda a *intemerata* de problemas tantas veces expostos, ten cada vez menos tempo e paciencia pra ler nos periódicos as *lloretas de señoritos* de Santiago. Uns *señoritos* que non acostumbra a molestarse en explicarlle ó pobo —e non porque non a conozan— a orixe e posible solución do drama social de Galicia. Uns políticos que viven nun circo pechado de *radicalismo* de foguete nuns casos, ou de *realismo* directamente sacado da realidade española noutros. Uns intelectuales —e non sempre— que viven da alta teoría política de café, das «discusións clarificadoras», da «solidez ideolóxica» e demais conceptos utilizados, segundo tódalas apariencias, pra agacha-la mais terrible incapacidade no eido dos feitos concretos, tanxibles.

Nin siquiera o pau das eleccións, que tería fundido mais dun lombo en circunstancias normais, parece que vaia servir de algo. Anque faltos de outras virtudes políticas coñecidas, unha cousa sí hai que concederlle ós líderes dos partidos democráticos galegos: o seu elefantíaseo espírito de sufrimento, capaz de facer palidecer de envexa ó Santo Job e ó Club Deportivo Alcoyano xuntos. Os sabios de Bizancio, comparados cos nosos políticos, eran un prodixio de concreción e claridade. Aquí non somentes se discute se os anxos son machos ou femias, senón tamén o longo do seu cabelo, a súa posición *nacionalista* ou *españolista*, a color céltica dos ollos e a longura das uñas. Problemas todos eles de anxos;

Nun verdadeiro alarde circense —por aquilo do *mais difícil ainda*— os nosos frustrados opositores a Cortes conseguiron por enésima vez non poñerse siquiera dacordo na necesidade de se poñer dacordo. Se a responsabilidade se cotízase na bolsa da política cos mesmos parámetros que a *honra* na das mulleres, mais dun dirixente de partido debería andar chorando xa pola doncellez perdida. Pro non ha cair esa breva. Pra desmentir semellante posibilidade, os homes que, se Dios non o remedia —anque o vaia remediando polo dagora— deberán servir de canle último pra levar ós axuntamentos as aspiracións dos galegos, luciron diante da prensa desconcertantes sonrisas namentres explicaban unha vez mais a súa incapacidade de apareamento.

como é sabido, os demos pónense dacordo con moita maior facilidade.

Entramentres, a xente deste país —que, en boa parte, señores políticos, non sinte, por descoñecemento, o día 25 como da súa propiedade— siguese a preguntar

¿Qué facer pra saír do circo pechado? Habería que suxerir, en principio, unha ampla cura de humildade que permita a estes sorridentes cabaleiros establecer relacións, anque só sexa provisoriamente, cun pobo que non ten demasiados motivos de risa. As bases, entramentres, poderíanse adicar a fiscaliza-lo proceso de unidade, afastando da dirección a todos aqueles que, en función dos seus tristes intereses, supuxeran un grave atranco no camiño.

Do contrario, o actual escepticismo dos galegos corre risco de se transformar en teima contra os políticos e, consecuentemente, contra a esquerda que se supón representan. Daquela, eses señores que inventaron partidos proletarios con dous obreiros de mostra ou agrupacións de masas con menos militancia ca unha catequesis, terían que cargar, dunha vez por todas, coa responsabilidade que hoxe se negan a asumir.

E entón sí que ibamos rir todos.



EMPEZAN A CABREARSE

Había dous obxectivos a corto prazo entre a oposición galega que estaban a provocar un primeiro proceso de achegamento, aínda tímido, pro que xa amosou publicamente as súas intencións: a celebración do «Día da Patria Galega» o próximo 25 de xullo era un. O outro, mais a longo prazo, son as eleccións municipais. Nestas eleccións a esquerda e o galeguismo quixera adempren das anteriores. Hai un proceso, aínda tímido e cativo, pro que está aí, de unificación de criterios, de obxectivos comúns, conxunturais, que nalgún caso poden mesmo levar a vencellos mais fondos.

«Estas eleccións pasadas poden servir pra unha cousa: pra facernos pensar a todos», decía á nosa revista, hai varias semanas, un coñecido político da esquerda galega. Logo da desfeita, anque algúns teimen en falar de pequenas vitorias, cativas vitorias morais ou pírricas, ¿por onde poden ir as cousas? A primeira resposta, cáseque ó día seguinte de coñece-los resultados, era o silencio. Un silencio esmagador.

AS CRISES DE FONDO

Poderíamos afirmar que unha grande parte dos partidos están a sufrir nestes intres importantes crises de fondo, crises de reflexión e análise. Era absolutamente previsible. Agora ben, ¿por onde poden ir os resultados?

No último número de «Terra e tempo» (o voceiro dos chamados «disidentes» da UPG) faise unha análise da situación e unha chamada á unidade do nacionalismo galego. Segundo os «disidentes» esta unidade debería ir baseada nunha política aberta, respecto mutuo entre as organizacións e a partires dos partidos con dirección galega. Fálase concretamente do PGSD, PSG, ANPG, APG e UPG. Non son citados nin o MCG nin o PPG nin o PCG, etc., anque como eles mesmos din, a cousa estará sempre en función de que se demostre a realidade desa dirección galega.

No seo do PCG segue unha vella discusión: o sector mais nacionalista (que tenta facer do PCG polo menos o que o PSUC en Catalunya, e se apoia como argumento importante nos resultados que esta organización obtivo no seu país) e o sector que quer mante-las cousas como están e seguir na liña actual. Mesmo hai novamente crise nalgúnha personalidade importante dentro do sector cultural e político do partido.

A saída de Camilo Nogueira e algúns militantes mais da Unión do Pobo Galego (non pra seguiren os pasos dos chamados «disidentes»

Os partidos políticos

¿Hai un camiño cara á unidade?

VICTOR F. FREIXANES

Os resultados das eleccións do pasado día 15 están a producir dentro das organizacións políticas non poucas xornadas de reflexión. Algunhas posicións están a ser reconsideradas cara ó que se definiría como unha política «mais realista, práctica e eficaz». ¿Estamos nos vísporas dun proceso unitario no galeguismo e na esquerda? Aínda é moi cedo pra falar, pro hai intentos de diálogo, que xa vai sendo algo.

ou «obreiristas» senón pra abrir unha nova posibilidade) explícase tamén nesa vocación de atopar saídas á situación actual. O feito, por outra banda, de que sigan na Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG) ven significar outra cousa mais: ¿pode ser aínda a ANPG, cunha política democrática e unitaria, aberta, o organismo capaz de axuntar ás organizacións galeguistas, as diferentes posicións dentro do nacionalismo galego, ou, pola contra, está definitivamente queimada? Os homes de Camilo Nogueira, seguramente tamén os «disidentes» e mesmo algunha organización que hoxe nada ten que ver coa ANPG entenden aínda que a Asamblea pode dar moito de si e xogar un papel unificador moi importante nos próximos tempos. Por ahí se vai traballar.

¿RECONSTRUI-LO CONSELLO?

Prós «disidentes» unha alternativa importante estaría na reconstrución da política do finado Consello de Forzas Políticas Galegas. ¿Que pode saír, por exemplo, das discusións que dun tempo pra acá se están a levar no seo do Movemento Comunista de Galicia? Do resultado destas discusións, das que podería saír definitivamente definida a posición nacionalista (que eles din que a nivel práctico xa existe pro que na organización e artellamento do MCG dentro do MC queda un chisco ambigua), está pendente moita xente. Mesmo se fala de que o MCG deixaría de chamarse Movemento Comunista de Galicia pra adoptar outra denominación.

¿Que posibilidades de diálogo pode dar nestes intres a dirección do Bloque Nacional Popular Galego? ¿Que pode pasar co Partido Popular Galego (PPG), nas correntes dunha democracia cristiá abso-

lutamente derrotada pro que reafirmaba hai uns días a súa vocación absolutamente galega tanto na política coma na dirección? ¿Que pode pasar cos partidos socialistas?

OS SOCIALISTAS

Hai pouco que o PSOE botou uns globos sonda pra ver que actitude tiñan as outras organizacións (PSPG e mais PSG) cara a un proceso de discusión pola unidade socialista, logo das eleccións. ¿Significa isto —preguntábasele a Francisco Bustelo daquela— que, logo dos resultados do día 15, o PSOE vai tentar de impo-la súa liña, ou vai abrir unhas discusións dende posicións de forza cara á creación dun socialismo galego?

«Iso é unha parvada —respondía Bustelo—. Sería un erro imperdonable pola nosa banda caír agora no triunfalismo cando todos sabemos que o voto, nestas eleccións, estivo condicionado por unha chea de cousas que todos sabemos, entre elas a desinformación. O socialismo en Galicia non só é o PSOE, e a construción dun socialismo galego ten de pasar pola discusión de tódalas alternativas en igualdade de condicións».

O Partido Socialista Popular de Galicia, agardando tamén solucións que terán de se producir a nivel Estado, garda aínda silencio, anque propoñía hai poucos días comenzar a manter conversacións cara ás eleccións municipais, conversacións ás que en principio estarían invitadas tódalas forzas da oposición. O Partido Socialista Galego (PSG) tamén anda calado, anque no seu seo seguen as dúas posicións: a dos partidarios dunha negociación co PSOE cara a solucións semellantes ás do PSC de Raventós en Catalunya e a dos parti-

darios dun fronte nacionalista que andaría tamén arredor do esquema do finado CFPG. E todo o mundo ten argumentos.


Mentres tanto, a Alianza Socialdemócrata Galega, que foi co PGSD e mailo PPG ás eleccións pasadas, parece que definitivamente (eran moi pouquiños) se integra no Partido Galego Socialdemócrata, quizais como agoiro doutras alianzas mais importantes.

CONCIENCIA DE UNIDADE

Valentín Paz Andrade, senador por Pontevedra, decía a esta revista ós poucos días de coñece-la súa saída como senador, que «un país coma o noso, con séculos de asoballamento, marxinação e subdesenrolo, que vota á dereita e, polo mesmo, en contra dos seus intereses, amosa unha contradición radical e peligrosísima mesmo pra nosa identidade como pobo. Compre unha política de unidade. Quizais a creación outra vez, coma no 31, dun gran partido nacionalista».

Era unha idea das moitas que estes días andan por aí. De calquera xeito, cando se fala da unidade necesaria, xorde sempre a mesma pregunta: unidade sí, pro ¿baixo de que presupostos? E eiquí é onde escomenzan as grandes diferencias. Pra uns a unidade pasa pola asunción radical da reivindicación nacionalista e, concretamente, da idea de autodeterminación (que tampouco todo o mundo entende do mesmo xeito). Pra outros a unidade debe vir dende a esquerda exclusivamente. Outros falan de frentes populares sen discriminacións. Outros de «intereses galegos e mais nada». Hai tamén situacións intermedias, etc.

¿Crear un novo partido? Parece que esta solución, no barullo actual de siglas e alternativas, non convence a moita xente, como non fora un partido de unificación, que non é doado nestes intres. ¿Pular ou crear unha plataforma de carácter unitario, democrático, aberta, capaz de recoller suprapartidariamente as organizacións políticas e individualidades? E outra idea. Logo venen interrogantes que non son menos importantes: ¿cal sería a política concreta e de masas que levaría esa organización? Parece que o vran vai vir quente e matineiro. E o primeiro termómetro pra saber de como van i-las cousas é, por exemplo, o 25 de xullo, anque as discusións que se celebraron pra chegar a un acto unitario amosan que as cousas están aínda muy embarulladas e esa unidade, de chegar, vai pra moi longo.



Campobecerros

Perde-la vida a 70 pesetas

LOIS POUSA

«Se fai falla, imos a Madrid a manifesta-lo noso problema diante de Franco». Os mesmos homes de Campobecerros que me decían isto hai xustamente tres anos na mesma taberna do curandeiro e popular señor Avelino, sentáronse agora de novo fronte ó periodista conscientes de que aquilo de ir a Madrid era o subterfuxio dos que teñen o poder e nunca un camiño de reivindicada xusticia. Non se decidiran por fin a falar con Franco —e xa non pensan en facelo, claro— pro sí escribiron a Arias Navarro e ós seus controlados ministros. Arias ordenara unha investigación e Pío Cabanillas telegrafiou decindo que seguía o asunto. Pois o asunto, **señor Ministro de Bienestar Social**, está de novo logo de tres anos no agoiro dos que tememos a cotío, a pesares da democracia e de todas esas cousas que se din en solfeo bíblico, que asulaguen a terra e as vidas dos traballadores galegos, dos labregos que sostiveron durante tantos e sufridos anos a economía e os despilfarros dos modernos cortesáns de ancha conciencia. Arias rega xeranos nunha horta artificial. Os veciños de Campobecerros teñen xeranos, pradería, auga sen necesidade de regadeira, carballos bordeando o río Camba durante oito kilómetros e medio, surcando a veiga mais fértil en moitos kilómetros á contorna, á que viña pace-lo gando de Valladolid e Salamanca noutros tempos. Arias Navarro, a pesares da súa derrota aliancista, está seguro e asegurado. Os veciños de Campobecerros —a 96 kilómetros de Ourense e a 24 de Verín, no concello de Castrelo do Val— temen que unha mañá desparten coa auga dun embalse chamando á porta das súas casas. Antes, Iberduero S.A. quere merca-lo pobo a setenta pesetas metro cuadrado a pradería, e a dez o terreo de peor calidade.

A EMPRESA INFORMOU MAL

Dise merca-lo pobo porque a pesares de que o embalse das Portas —que xa asulagou as casas de Veiga de Camba— non afectará a mais do 43 por cento das terras, a calidade das mesmas supón unha

perda superior ó 85 por cento da riqueza produtiva total de Campobecerros. Esta situación entra perfectamente na consideración do artigo 86 da Lei de Expropiacións, no que se afirma que «cando fora necesario expropia-las terras que sirvan de base principal de sustento a todas ou á maior parte das familias dun

municipio ou entidade local menor, o Consello de Ministros ordenará, de oficio ou a instancia das Corporacións públicas interesadas, o traslado da poboación». Isto é o que en xusticia reclaman os veciños que lexitimados por esta razón moral, impediron pola forza o 4 de xuño de 1974 que os homes

da empresa seguiran levantando actas de ocupación das 540 fincas afectadas pola cola do embalse, que fora construído por Saltos del Sil S.A., empresa absorbida no seu día por Iberduero S.A. que é contra quen ten o pobo establecido o seu pleito. Porque a empresa non quere saber nada de traslado de poboación, alegando que «se trata única e exclusivamente dunha petición que ten carácter coactivo, pra conseguir unhas determinadas fins», e que as circunstancias que prevé a Lei de Expropiacións no artigo que antes citamos «non concurren dunha maneira xeneralizada e uniforme». A súa «coacción», colonizadora do noso País Galego unha vez mais, tamén a pon de manifesto ó Comisario Jefe de la Comisaría de Aguas del Norte de España (Oviedo) nun escrito firmado en Madrid o 14 do mes de Nadal do 1973, cando di que a Central de Conso terá que poñerse en servizo en agosto do 1974» pra dar cumprimento ás previsións do plan Eléctrico Nacional, que prevé a aportación hidroeléctrica deste embalse prás necesidades eléctricas da Nación». (España).

O mesmo Inxeñeiro Delegado en Ourense do organismo asturiano, señor Inaraja, escribía en papel oficial que «é de destacar que a expropiación a realizar non afectará a ningunha vivenda» e tamén que «as manifestacións feitas polos veciños de Campobecerros nas súas instancias, parecen orientadas a buscar

«TERIAMOS QUE IR PEDIR
CUN SACO»





A DOUS METROS DA AUGA
SERA ENFERMAR DIA A DIA

un procedemento especial que lles supoña unha valoración das fincas moi superior á que lóxicamente debe corresponder a unos terreos situados por riba da cota 830».

TRES CASAS ANEGADAS E OUTRAS TOCADAS

Os veciños, o informe socioeconómico remitido a Madrid polo IRYDA, incluso o comité executivo da Cámara Oficial Sindical Agraria

de Ourense, o abogado que leva o caso, Marcial Carlés Calviño, e tódolos que, logo de soportar unha pista infernal de vinte kilómetros, recorren paso a paso os case nove kilómetros de pradería con herba que tapa a un home, afirman que «quedaríamos tan mal coma se a vostede lle cortan un brazo». A frase pertence a Manuel Blanco, que me fala dunha finca que lle anegarán as augas de 17.525 metros cuadrados e cunha produción anual de vintedous carros de herba. E non só os prados. Tamén as hortas que

marxean coas casas. En contra do declarado polo señor Inaraja, a cola do embalse chegará hastra a cota 882 sobre o nivel do mar, segundo apareceu no seu día no Boletín Oficial da provincia en días sucesivos do 19 e 20 de maio do 1972 (e nos que observa unha irregularidade, por canto que as condicións que esixe o Ministerio de Obras Públicas no B.O. do día 20 non se cumpren e no do día 19 xa ven aprobado o proxecto reformado). Isto queire decir que serán tres as vivendas que desaparecerán, quedando outras catro coa auga á porta e outras seis a varios metros de distancia, entre elas a mesma igrexa. As casas afectadas pertencen a Salvador Domínguez, Ludivina Núñez, Nicador Fernández, Ricardo Villarino, Martiniano Rodríguez, Miguel Núñez, Antonio Núñez, Hermínio Rolán, Salvador Martínez, Juan Rolán, Antonio Fernández, Manuel Rúa e Avelino Núñez.

L. POUZA

E son eles, os que van quedar perxudicados se as cousas non voltan ó rego, os que segundo a Administración non poden solicita-lo traslado de poboación. Debe se-la empresa. Debería, porque xa están claras as razóns que interpon pra fuxir da obrigación de indemnizar uns mil millóns de pesetas en non sesenta como parece que pensa, tendo en conta o precio de setenta pesetas o mellor terreo e dez o peor, dados polos Xurado Provincial de Expropiacións. Se non se chega a un traslado de poboación, litixio que está pendente desde febreiro no sala quinta do Tribunal Supremo, a empresa aforrará en dous sentidos: por unha banda fixando o xustiprecio en setenta pesetas o metro cuadrado e non en duascenas como pagara Fenosa ós veciños de Maus de Salas en condicións semellantes (as peores terras quedaron a 31 pesetas e non a dez). Por outra banda, non entra-



NENOS DIANTE DO MUIÑO QUE
DEIXARA DE MOER

«A xente tería que ir pedir cun saco. Eu acordo a ter no pobo hastra duascenas cabezas de vacuno e cáseque tres mil de lanar e cabrío. Sempre vivimos do gando e se nos quitan a pradería, quítanno-las posibilidades de vivir. Porque todo vai encadeado: dos prados nace a vaca; da vaca, os becerros, o leite, o traballo e os abonos, sen o que non poden produci-las terras de secano que nos deixen». O argumento repítenu unha e outra vez as xentes do pobo.

L. POUZA

rán así nesa valoración as 2.300 hectáreas de monte comunal en mancomún, das que están repoboadas unhas 1.300 que leva o Patrimonio Forestal en consorcio cos veciños.

EXTRAÑAS COINCIDENCIAS

A situación actual entra dentro dun clima de nerviosismo, do que xa comencan a participa-los diferentes partidos políticos. O PSG,



sucede no país

ANPG, MCG, LCR, PSOE, PCG e CNT celebraron unha xuntanza en Ourense pra ser informados de como se levaba o pleito. Podería, pois, entrar nunha fase de politización, en caso de que a empresa Iberduero S.A. non dea marcha atrás e recoñeza os dereitos dos veciños.

Durante a singladura franquista as expropiacións e «urxencias», como ocorreu en Campobeceros —urxencia non xustificada naquel momento e da que se valeu a empresa pra levantar un vintecinco por cento das actas, polo que aínda sen pagar xa teñen ocupadas varias fincas— tiñan luz verde moi facilmente. Agora as cousas xa se mencionan polo seu nome e non resulta tan sinxelo. Os veciños lémbrense ó falar co periodista, das Encrobas, ós que remitiron no seu día un telegrama de apoio. Síntense fortes, anque están decepcionados e piden que as forzas sociais e políticas do País se volquen no seu problema.

Desde 1973 todo foi poñerlle pegas ó pobo e facilidades á empresa. Incluso na tramitación dos recursos. Hai que preguntarse por qué non chegou ó expóndente que obraba en poder do Tribunal Supremo un informe do IRYDA no que se chegaba á conclusión de que era procedente o traslado de poboación. Tamén por qué non lle permiten ó abogado dos veciños velo expediente en Madrid e por qué non lle deron o trámite fundamental de audiencia do expediente, cando é preceptivo antes de dar solución administrativa. E por qué cando o abogado recorre, lle dan o expediente cando xa se ditara unha solución, pro non lle dan o recurso. Por qué cando Arias Navarro, presidente entón do Goberno, pide oficialmente información, o seu escrito se escamotea na Secretaría do Goberno Civil, aparecendo cando o Gobernador, Regalado Aznar, o pide todo extrañado de ter que enterarse da súa existencia polos propios veciños de Campobeceros. Foi cando o Gobernador solicita do IRYDA un informe que, a pesares de ter data de saída no rexistro, nunca chegou a Madrid.

O QUE OFRECE HOXE IBERDUERO

A todo isto, a empresa nunca tentou un diálogo cos veciños durante os tres últimos anos. Prodúcese por vez primeira unha chama-

da hai menos dun mes. O asesor xurídico que se fixo cargo dos intereses de Iberduero no asunto, Manuel Iglesias Corral, senador electo dentro da Candidatura Democrática Galega pola Coruña, posibilitou unha entrevista coa comisión de veciños electa polo pobo. Esta entrevista ten lugar na Coruña a donde se desprazan os homes da comisión Antonino Núñez Rolán, Benjamín Fernández Rúa e Manuel Rolán Núñez, xunto co abogado.

A proposta concreta tiña dúas partes: indemnización polos perxurios segundo o que marca a lei, prós veciños que tiveran que emigrar do pobo. Prós que se quedarán, a empresa axeitáralles unha paraxe, na que tratarían de construír un regadío bombeando a auga.

Cando se lle insistiu en que o que eles piden en xusticia é o traslado de poboación, asegurou que pasaría unha vez mais a coñecemento da empresa esta pretensión. E quedaron finalmente en que os veciños farían unha proposición sen firma cos precios e demais concep-

tos nos que se sinten perxudicados, pra unha posible negociación.

A presa xa está construída. O hiperebalse que actualmente só está alimentado polos ríos Camba e Conso, terá un volume de 535 hectómetros cúbicos, logo que se realice o trasvase dos ríos Tuela, Pereira, Pentes, Frosa e Mente, que pertencen á conca do Douro e dos que o volume total é de 313 hectómetros cúbicos, pasando do Douro ó Bibe e desembocando no mar, xa en terras portuguesas.

UN POBO QUE ESMORECE

A vida de Campobeceros esmorece, se non se remedian as cousas, por redución. Primeiro foi a repoboación forestal, que restou terreos pró gando. Agora a catástrofe ven en forma de lingua de auga, anegando o medio de subsistencia que teñen nunha terra con abundancia de auga en inverno e vran, con trece presas de pedra construídas por eles mesmos, pra regar sen regula-

ción de ningún tipo, porque a auga sobra. Tres muiños que desaparecen, dous deles propiedade do pobo. «Pedimos que veña unha vista neutral e que recorra os oito kilómetros e medio que nos queran roubar», repetían os nosos interlocutores. Manuel Blanco insistirá en casos concretos coma o da súa muller con 79 anos e o del mesmo con 75, os dous sos nunha casa que terá a auga a catro metros. «Nós non poderemos vivir nunca con esa humidade continua», dixo. «O pobo non quere política, senón xusticia. Que os partidos políticos e os superiores miren pra nós e vexan a situación na que estamos». Poden chegar polo tren, a dous kilómetros do pobo onde poden somete-los seus coches a probas de resistencia pola pista.

Xa de volta, penso que a pesares de todo a maioría dos veciños lle regalou o voto nas últimas eleccións ó Centro Democrático. «Tiñamos medo de se por riba nos fan pagar menos», lembrei a frase. ¡Que maneira de escribi-la historia!

ESTA CASA DESAPARECERA
BAIXO AS AUGAS



escolma do bo xantar



A Cruña

Lugo

VILAS

Rosalía Castro, 88
Tfs: 59 21 70 - 59 10 00



ALBERTO

MARISQUEIRIA RESTAURANTE

locales reservados pra
convencións, congresos,
xuntanzas de negocios...



anexo **VILAS**


Avda. de Vilagarcía, 21

Tfs: 59 83 87

Santiago

Cruz, 4

Tfs: 21 40 45 - 21 45 21



Ourense


Pontevedra



RESTAURANTE Sanmiguel



restaurante
CALIXTO



San Miguel 12 e 14

Tfnos: 22 00 02 - 22 12 45

Benito Corbal, 14

Tfno: 85 12 08

Os pensionistas non queren calar

¡Isto é unha miseria!

Mais dun partido xogou a carta dos pensionistas polas aldeas e mesmo nas vilas no intre de conquistar votos nas pasadas eleccións do día 15. Mais dunha ameaza houbo, e cando os paisanos foron cobra-las súas cativas pensións nalgún sitio, dentro do sobre dos cartos viña a papeleta de voto e a advertencia de vota se queres cobrar (mais ou menos directamente). E son catro cadelas.

Todos eles coinciden na necesidade urgente de poñer remedio a unha situación absolutamente inxusta e considerada marxinal ou secundaria: uns homes que traballaron toda a súa vida, con moitas dificultades e en condicións moi inferiores ás de hoxendía, son «despachados» con catro cadelas que non lles dan pra sobreviviren.

DISCRIMINADOS

Constante Sergio Martínez Pérez, por exemplo, perdeu unha perna hai 35

anos, traballando no muelle do Arenal, en Vigo. En 1957 cobraba do Instituto Nacional de Previsión unha pensión de 58,68 pts. Hoxendía cobra 4.600. «Xa me dirán vostedes pra que dan estes cartos, que pode facer un traballador con eles». Outra aseguradora (privada) bota unha man e pon un pouco mais. Pro o Estado ofrece as cantidades anteditas, e mais nada. Velahí os documentos.

Agripino Maqueira, que xa saiu en varios periódicos e revistas contando o seu caso, conta a historia dunha asistencia e tratamento psiquiátrico, resultado dun accidente laboral, que non recibe. Os diagnósticos da Seguridade Social din que non é necesario, que está ben. Pro el non pode traballar e os médicos privados (non un nin dous) teiman na necesidade urgente no tratamento pra evitar unha parálise progresiva do corpo...

A idea xeral é de discriminación e marxinação absoluta. Os pensionistas sinten tamén que o tempo pasou pra eles, mesmo pra faceren ouvi-las súas reivindicacións. «Os políticos veñen cando se trata de arrepaña-los votos, porque os votos aínda contan. Entón veñen as promesas e vano solucionar todo, segundo eles. Isto pasa sempre. Ou sexa: non pasa nada», decían á nosa revista, en Vigo, reunidos nun local de Comisións Obreiras, onde preparan unha táboa reivindicativa.

«Queremos un sistema de revalorización de pensións inversamente proporcional ás súas cantidades pra revalorizar ás mais pequenas. Queremos un sistema de axudas pra vivendas sociais pois quedamos marxidados nos concursos que se fan. Querémo-las nosas propias organizacións e os cargos representativos elixidos democraticamente. Cómpre, sobor de todo nos núcleos de poboación importantes, a creación de centros de asistencia médica prós vellos (porque cada vez que nos meten nun hospital mesmo semella que imos pra un almacén pra morrer). Cómpre que a Seguridade Social poña a andar un réxime de hospitalización psiquiátrica, etc.»



CAMBIOS EN PROFUNDIDADE

Estas son reivindicacións concretas e a corto prazo. Nestes días de xullo os pensionistas pontevedreses van convocar unha manifestación autorizada pra faceren ouvi-los seus problemas. Pro os cambios, xa a medio o longo prazo, terán que vir en profundidade. Mais concretamente: cambios da estrutura e servizos da Seguridade Social.

Hai queixas dos médicos («o único que fan é dar menciñas pro non miran a un»); hai queixas dos cartos («que non chegan pra nada»), da falla de servizos e axudas, da discriminación social. «Os vellos non producimos, os vellos non somos rentables nesta sociedade e a ninguén lle importa agora a noso traballo de antes, os nosos moitos anos de esforzo e sacrificios».

As pensións páganas nos tres ou catro primeiros días de mes, cáseque sempre nas Caixas de Aforros, e hai longas colas. «¿Os partidos políticos? Son coma todos. Pro teñen a obriga de responsabilizarse destes temas porque hoxe somos nós pro tal e como están as cousas mañá van ser eles mesmos».

Preguntámoslles a algúns que pensaban eles deses grupos que cando as eleccións decían que se non os votaban a eles perdían as pensións. «Son uns sinvergonzas, xa o sabemos. Pro ¿que queren que fagamos nós? ¿Que quere que lle diga? A pensión é o único teñenos absolutamente collidos. E o que é peor: por unha miseria, ¿non é?».



O salario mínimo está nas 13.440 ptas. As pensións garantizan no mellor dos casos as 9.300 mensuais. Hai unha diferenza de catro mil pesetas. Esta é a primeira das reivindicacións que os pensionistas pontevedreses fan a corto prazo. ¿Quen poderá amañar unhas desigualdades que veñen de vello?

Só na provincia pontevedresa hai entre os 52 e os 53 mil pensionistas. Moitos deles cobran por debaixo destas 9.300 pts. ó mes, segundo a categoría e o grado de invalidez, accidente, xubilación, etc. Por unha banda os accidentados da industria. Logo está o rural...

GRUPO BARRIO

NINGUÉN MILLOR CA TI PRA EXPONE-LOS TEUS PROBLEMAS

unha revista nova pra os que nunca tiveron voz

SAIDA

Quincenario de Información y Crítica

• LIBREIRIAS •

A Cruña

montero ríos, 50
teléfono: 59 36 55
Santiago



abraxas

Lugo

Ourense



Gráficas Tanco

librería
papeleiría
encadernación

josé antonio, 20 - tfno. 21 17 42


Pontevedra

Seoane

LIBREIRIA - PAPELEIRIA

García Camba, 6

Tfno: 85 72 46



sucedeno país

Fortemente preocupados pola falla de postos de traballo e moi interesados pola política, críticos dabondo cos seus pais e ben amiguiños de que as rapazas cheguen virxes ó matrimonio, un 29 % dos mozos do barrio vigués de Coia di «querer unha sociedade mellor e mais xusta» mentres que outro 25 % di que do que se trata ó cabo é de triunfar na vida.

Cofece-las motivacións e principais inquedanzas dos mozos dun barrio obreiro dunha grande cidade galega era o obxectivo da enquisa que o departamento do socioloxía de Cáritas-Vigo (1) fixo entre 127 mozos —de quince a vintecinco anos— no barrio de Coia. Trátase do barrio obreiro-tipo: periférico e populoso, relativamente novo —resultado do crecemento vigués dos últimos anos— e no que practicamente tódolos cabezas de familia son asalariados, traballadores na industria. En Coia, o 83 % das familias son galegas —a meirande parte de Pontevedra— e as mais delas son inmigrantes, aínda con raiceiras nas súas aldeas.

PREOCUPADOS POLO TRABALLO

¿Cais son os temas que mais preocupan da realidade galega hoxe? O primeiro e mais xeneralizado —nun 92 % dos mozos— é a falla de postos de traballo, o futuro profesional. Significativamente, as mulleres suñan mais este punto xa que, no seu caso, as dificultades pra atopar emprego aínda son meirandes.

Pra moitos destes mozos é importantísimo atopar traballo pro, ó mesmo tempo, queren que ese traballo estea de acordo coa vocación de cadaquén: un 42 % entenden que a vocación é o principal no intre de escoller un emprego, sendo as mulleres quen mais teiman nisto; en segundo lugar, o que conta —32 %— é que o traballo sexa seguro, condición na que, tamén, as mulleres insisten mais cós homes.

¿Sinceramente, ¿atópaste satisfeito no teu traballo?, preguntaban os entrevistadores de Cáritas, e un 37 % respondeu positivamente —11 % moi satisfeito; 26 % bastante satisfeito— mentres que o 67 % restante afirmaba non atopa-

ren aínda o emprego mais axeitado ás súas posibilidades e anxeios.

Despois da falla de postos de traballo, os asuntos que mais preocupan ós mozos de Coia son: subdesarrollo do país (11 %), emigración (11 %), diferencias sociais (7 %), bilingüismo (7 %), a falla de postos escolares, as malas carreteras, o colonialismo, as poucas vivendas e a falla de capitalización.

¿Interesa ós mozos a política? Hoxe na barriada viguesa, un 71 % di se interesado, un 11 % non contesta e un 18 % responde abertamente que «non nos importa», «non queremos complicacións», «non estamos preparados». Anque a resposta afirmativa é predominante, por sexos a cousa cambia unha pisca, xa que as mulleres se mostran moito menos atraídas pola política cós homes.

Agora ben, ¿cómo se define cada un? Nin tan siquera un dos consultados se definiu como con-

A MEIRANDE PARTE, DEMOCRATAS



XURXO LOBATO



O 21 % TRABALLA E ESTUDIA, O TEMPO

Enquisa nun barrio vigués

Falan os fillos

PRO 75%, A VIRXINIDADE E IMPORTANTE



XURXO LOBATO

sucedo no país

servador, do Movemento, nin do Opus Dei, nin da Falanxe, nin de dereitas, nin fascista... A meirande parte dixo ser demócrata (28 %); veñen logo socialistas (15 %), liberais (8 %), «de esquerdas» (6 %) e cun 1 % houbo monárquicos, progresistas, «da oposición» e demócrata-cristiáns. Con todo, hai un dato moi importante: o 38 % dixo non ter ideoloxía ningunha, o que os sitúa —segundo os autores do traballo— achegados ás posicións dominantes ou, no intre das eleccións, ás conservadoras.

O GALEGO NON SE FALA

O nivel cultural de Coia non é moi alto e a meirande parte dos seus mozos —de quince a vintecin-

De orixe rural, moitos pais dos rapaces entrevistados viñeron hai pouco a traballar na vila, onde se lles obrigou axiña a esquece-lo galego. A perda do idioma, vertixinosa e alarmante, está intimamente ligada ó nivel de ingresos. Así, entre familias de ingresos mensuais de mais de trinta mil pesetas fala o noso idioma un 32 %; metade por metade, repártese o uso de galego e castelán nas familias con soldos entre quince e trinta mil pesetas; baixando a uns ingresos (¡increíbles ingresos!) de cinco mil pesetas ó mes, o galego é a fala cotiá do 88 % desas familias.

Se se fixera a enquisa entre os pais de seguro que o emprego do galego sería moito mais alto, pro a educación dos fillos, xa na cidade,

caz: no marxe dunha xeración fixo merma-la lingua de tal xeito que hoxe somentes un 23 % das familias de Coia fala galego.

¿Cal é a posición da xente nova cara ó futuro da lingua? Segundo os sondeos de Cáritas, un 77 % dos mozos din que compre falar galego —44 % considéranlo moi necesario e un 33 % din que «bastante necesario»; o 23 % di que sinte pouca necesidade de coñecelo e falalo e hai un 9 % a quen non lle interesa pra nada o galego. «A urxencia dunha defensa política do idioma e dunha escola galega é absoluta», din os firmantes do traballo como remedio pra supera-los graves atrancos que hai prá plena normalización da lingua: dun 87 % de mozos que entenden galego, queda un 65 % que

sabe lelo ben, pra baixar hastra un 19 % no caso dos que tamén saben escribilo.

Baile e cine son as principais diversións da mocidade ós domingos, preferindo as mozas mais ir ó baile có cine. Un 64 % ve a TV tódolos días e un 40 % di lelo xornal a diario («en canto ás revistas —din os autores— compre engadir que en todo Coia, a pesares da súa grande poboación, non hai unha soa librería, sendo tódolos quioscos de venda de produtos barateiros»).

Resulta curioso comprobar que mentres un 47 % recoñece ter diferencias xeracionais cos seus pais —«son doutro tempo», «ten outros xeitos de pensar», «son autoritarios»—, somentes un 24 % dos rapaces e un 26 % das rapazas din que «hoxe xa non importa que unha muller chegue virxe ó matrimonio».

(1) «Juventud de Coia». Departamento de Socioloxía. Avenida de las Camelias, 72. (Cáritas). Vigo. 266 páxinas. 1977.

s do proletariado

co anos— traballan —hai un 21 % que estudia, tamén, ó mesmo tempo—, outro bo molete deles vai ó instituto e son moi contadiños os universitarios.

fixose en castelán e esta lingua se impuxo polo seu poder e significación social e económica. Este mecanismo de colonización —identificar unha fala coa riqueza e outra coa pobreza— é sumamente efi-

SO UN 37 % SE ATOPA SATISFEITO CO SEU TRABALLO



XURXO LOBATO

FORTE PREOCUPACION POLO POSTO DE TRABALLO



**sucedede
no país**

Entre as festas típicas e populares galegas destacan sen dúbida as rapas das bestas que se celebran por esta época do ano en diversos lugares da beiramar e do interior. Pola parte de Ortigueira, en Viveiro, na península da Barbanza, entre Carriño e San Andrés de Teixido, entre o Umia e o Lérez, do Cabo Silleiro ó monte Santa Tegra, polos montes do Cuadramón, As Bauicas ou Montenegro andan salvaxes os cabalos que agora no vran son arrodeados polos rapadores e obrigados a baixar ós curros. PERFECTO CONDE estivo en Sabucedo e presenciou a xunta, a baixa e a rapa das bestas.

San Lourenzo de Sabucedo, perto da Estrada; O Candaoso, ó lado de Viveiro; Morgadáns e Mougás, na beiramar gardesa; Amil, en Moraña; a Curota, na Serra da Barbanza; o casi *rodeo* americano de Ceadeira e algún outro sitio que hai por ahí son manifestacións, diversas e aínda permanentes, dunha cultura popular galega que existe e que

cumpriría non esquencer nin abandonar.

Sabucedo, hoxe declarado festa de interés turístico polo desaparecido Ministerio de Información e Turismo, é a rapa mais famosa. Seguramente debido á promoción oficialista de que gozou nos últimos tempos, ten agora sona internacional. Hogano, por exemplo, foi filmada

pola televisión francesa e nas edicións pasadas prestáronlle atención prensa e televisión doutros países polo menos ó seu curro. Porque iso de subir ó monte é outro cantar.

O MONTE

Pra subir ó monte hai que ergerse de boa hora como fixo TELMA pra chegar a Sabucedo ás seis





A rapa de Sabucedo

Natureza que se fai festa popular



da mañá e ovi-las campás da igrexa parroquial tocar pra que os veciños vaian á misa. Hai que coller despois monte arriba cos paisanos en busca das bestas e non hai que leva-lo corpo nugallán porque senón mais val que un se quede embaixo. O recorrido que fixo o reporteiro escomenzou pola banda da Estrada, pola carreteira que vai a Soutelo de Montes desviándose cara Arca. O Virgondoiro, un libreiro de Santiago, e tres amigos seus da Estrada guiaron certamente a subida que, chegando á Toxeira, a dez kilómetros da vila, obrigou a deixa-los coches e a seguir a pé por unha corredoira que vai a Montillón, aldea que ten un excelente turreiro arrodeado de rícales mostras de arquitectura popular, pra chegar ó cumio do monte Cávado perto das dez da mañá. Xa cando se subía pola aba do monte ouvíanse

os berros que botaban no cabezo os arrecadadores que xuntaban as greas na Fonte do Cabalo. «Hai bo pasto hogano —comentaba un dos guías— e nótase que os incendios serviron polo menos pra libra-lo monte de toxeias e pra que medrara a herba no seu sitio abonada pola borralla». O panorama era verdadeiramente impresionante ó chegar á curota. Unha brétema move-diza deixaba ora pasa-las raiolas do sol ora enchía a montaña dunha friaxe que entumecía os osos. Era alí onde estaban os cabalos, no Cávado, no pico da Conla bordeado de néboa, no monte das Quintas e no do Souto. Cortegada, a última aldeia, quedaba xa fóra da vista que



se pousaba nun increíble panorama de chan verde cuberto de abrótegas que por esta terra chámanlles *sanxoás* aludindo sen dúbida á época na que botan o froito.

AS GREAS

Dende ban cediño, os homes andaban detrás das greas que houbo que xuntar en cada lugar no que se atopaban. Puxéronas en marcha contra as dez da mañá do 9 de xullo e sesenta ou setenta bestas galloparon monte abaixo controladas por quince ou vinte persoas que corrían ó seu arredor armados con paus e saltando por derriba dos penedos e dos toxos como podían con grandes berros. Trátabase de conduci-las bestas do Cávado hasta o sitio onde se tiñan que xuntar coas que baixaban dos outros montes. «Aparta, carallo, que te van ma-



tan», gritaron algunha vez os homes ó redactor desta revista cando se paraba pra facer fotos. Deseguida se ve que ós da rapa non lles gusta que se misturen polo medio miróns, turistas ou quen non sexa do ramo. Por un lado, poden representar un indudable risco de que ocorra unha desgracia por non saberen ben como defendérense da galloupada os novatos e, por outro, non admiten intromisións no seu labor que veñen facendo de ano en ano con todo orgullo. «Nós sómo-los que sabemos como hai que baixa-las bestas e non queremos que se nos meta nisto quen non saiba que pode deixa-lo pelello no monte se non nos ocupamos nós de apartalos». Hai aínda poucos anos ninguén subía e somentes participaban na baixa das bestas os que facían falta pró traballo. Agora cada ano hai mais quen vai pra ve-lo que pasa e isto non acaba de satisfacer ós arrecadadores.

O GRIÑÓN

Cada grea, composta por un número variable de égoas que moi



rara vez chega a ser de corenta, ten un macho, un garañón ou sexa un griñón que é como din na comarca. O griñón baixa do monte seguro de si mesmo, adoecido ás veces, arriscado e pelexón. Compórtase como un verdadeiro xefe de tribu e defende o seu *harén* con dentes e patas. Cando unha égoa perde o rumbo e se queda atrás ou se mete noutra grea, o griñón corre a busca e condúcea a dentadas no lombo que mais parecen garimosas ca agresivas. A agresividade xorde no griñón cando outro macho se astreve a entrar na roda da súa grea. Este ano había un garañón do Cávado, o Navarro, que non parou de provocar pelexas en todo o camiño. Case sempre as gañaba el e por iso saía a buscar guerra constantemente fóra da súa manada. Entón armábase a gorda. Os couces, dirixidos á

barriga do contrario, resoaban coma se un xigante mallara con forza nun pelello de viño. Ouvíase o golpe con toda claridade e as dentadas si que eran agresivas agora. Os dous cabalos erguíanse de diante hasta conseguir case a vertical, rinchaban coma tolos e buscaban cos dentes as partes máis sensibles da cabeza do enemigo. Hai escenas sobrecolledoras que se repiten sen parar durante as cinco horas que dura a baixada hastra Sabucedo.

Non menos impresionantes son as beiras que se fan ás veces as bestas a pesar do constante barullo da baixada. De súpeto, cando a marcha non é moi precipitada, unha parella de animais salvaxes demostran que non teñen inhibi-

e fíxose finalmente unha certa paz na manada. Foi o intre que aproveitaron os poldriños pra mamar nas égoas e a xente pra saca-las mochilas e botar algo ó corpo.

OUVEAN OS LOBOS

O reporteiro puido falar neste intre cos mais vellos da rodeada. «Un problema que nós temos —contáronlle— é o dos lobos que tódolos anos comen moitas bestas. Organizamos batidas con escopetas pro non nos val pra moito. Unha vez saímos eu e mais algún veciño pra garda-las bestas e, á unha da noite, escoitamos ouvear a un perto de nós. Contestoulle deseguida outro lobo e, ó cabo de cinco minutos, dez ou doce lobos fan polo camiño

o carón do baile. Estivemos gardando as bestas varios días e un domingo, mentres estabamos na misa, coméronno-las crías. Había que tragar a Rodríguez de la Fuente por aquí e botalo ó monte xa que di que o lobo non fai tanto mal». Segundo o cálculo dos paisanos, as perdas orixinadas polos lobos supoñen mais dun millón de pesetas anuais. Actualmente, unha égoa de cría pode valer entre vinte e trinta mil pesetas, un poldro val de dez a doce mil e un cabalo pra carne outro tanto.

No degoiro por garda-las bestas do lobo téñense dado casos pintorescos. «Unha vez —conta un paisano— un veciño quixo gastarlle unha broma a outro que estaba no

sucedede no país

cando as bestas comenzan a gallopar polo Fial abaixo. Houbo quen tivo que convertirse en aviño pra sair do paso. Resulta verdadeiramente impresionante contemplala baixada neste intre, con mais de trescentas bestas galloparando nunha nube de polvo e arrodada por persoas que tratan de paralas ou de escapar delas como poden. As películas de Jhon Ford ou as do *far-west* quedan aquí pequechas.



cións sexuais adicándose fogosamente ó mais antigo dos praceres do xénero animal. Volvendo co Navarro, contaban os do lugar que lle pasaba a este griñón un caso moi curioso. Ten sonda de ser cabalo de gran fogaxe e, de feito, destacou durante a baixa polas súas exhibicións machistas. Pro o caso é que era mais o ruído cás noces xa que unha suposta doenza na soá lle impide culmina-la postura cando esta cae de maneira que lle afecta na parte danada. Resultaba pavelo ver como tiña que desmontar de súpeto preso dun estraño telele que lle daba polo lombo. Pesía todo, o Navarro era o griñón que mais lucía este ano e o que mais égoas levaba consigo. Cousas da vida.

No Chan das Lamas, a unha hora de camiño dende o inicio da baixada do Cávado, xuntáronse as greas que procedían de tódolos montes. Pelexaron novamentes os garañóns

ouveando xuntos de cara ás bestas. Parecían mozos que voltaban ledos dunha festa, tal era a troula que traguían co seus ouvios. Tembláronno-las pernas pro cando nos sentiron a nós calaron e desaparecieron entre os toxos».

As arremetidas dos lobos son frecuentes no inverno polo que contan os lugareños. As bestas deféndense deles xuntándose en corro coa cabeza pra dentro. No centro quedan os poldriños. O garañón queda fóra e arrodea o círculo así formado en garda permanente. Pobre da besta que saía do corro. Ben logo, os lobos esgotarana ás carreiras e rematarán por desfacela. «Unha noite hai anos —informou outro labrego—, escapando do lobo, fóronse meter no curro de Sabucedo e chegaron os lobos seguíndoas mesmo a onde está o transformador da luz, dentro do pobo. Outra vez había festa e os lobos chegaron

monte e pra iso escondeuse detrás dunha toxeira e ouveou imitando ós lobos. O outro levaba unha escopeta e tirou cara ó sitio onde escoitara ouvear. Menos mal que estaba cargada con perdigóns».

BELEZA SALVAXE NO MARCO DO FIAL

Especial atención merece a baixa cando coroa o Marco do Fial. As bestas soben contra a curota do monte e, dende a coroa, divísase Sabucedo xa a pouca distancia. Aquí é cando hai que saber de verdade correr coas bestas. Como diría un rapaz a TEIMA, «as bestas non é ir por diante nin quedarse atrás, que así vai calquera; o que hai que ir é acandaelas». Esta afirmación chea de sabiduría popular, aínda que foi feita por un mozo que se cadra non chegaba ós vinte anos, ten a súa manifestación mais difícil

DE QUEN SON AS BESTAS

Calquera pode ser propietario dunha destas bestas. A maioría son dos veciños das parroquias de Sabucedo, Souto e Codeseda pro tamén hai propietarios de fóra e chegou mesmo a habelos de Ourense e de Tui, por exemplo. Só hai unha regra fixa e é que os garañóns teñen que ser propiedade da Igrexa e administrados pola parroquial de San Lourenzo de Sabucedo, segundo unha tradición que arrinca do século XVI e que fai referencia a unha donación de cabalos feita por unhas figresas.


Resulta que dúas velliñas, pra escapar da peste que había pola Edade Media, fóron vivir a unha casoupa perto da aldea encomendándose a San Lourenzo pra que as protexera do andacio. O santo pro-



texeunas e as vellas, agradecidas, donáronlle unhas égoas e un caba-lo que tiñan e que soltaron nos montes do Montouto. Dende aque-



rece pouca a cervexa que venden nas tabernas. A outros, ós que sa-ben disto, sóbranlles folgos. Todos tratan de repoñer enerxías na me-renda que ten lugar debaixo dos carballos con polbo e viño. Pola tar-de, ás cinco, comenza a rapa en grupos de quince ou vinte bestas que entran no curro cheo de xente. Comenza unha das mais duras ta-refas e hai que reducir, unha a un-ha, tódalas bestas hasta que que-dan no chan inmovilizadas e a te-soura pode corta-las quinas e mai-las sedas do rabo. Isto hai que velo, contalo non abonda. De súpeto, un rapaz salta derriba dun cabalo des-tes salvaxes e a besta corre erguén-donse ós couces por entre a recua. Cando o arriscado cabaleiro conse-gue botarlle a man nos fuciños, tres



ou catro compañeiros tñanse a ela e derrúbana no chan pra inmoviliza-la. Rematada a rapa desta, pásase a outra e así durante a tarde do sá-bado, todo o domingo e a mañá do luns. Nas gradas do curro a xente aplaude as valentías dos rapadores e os que quedaron fóra protestan polos precios da entrada: 150 pe-setas o sábado e 200 o domingo. Había moita xente que protestaba e decía que este non é xeito de facer unha festa popular.



O luns pola tarde, cando xa re-mataron a rapa e as vendas do gan-do, vólvese a solta-las bestas pra que suban novamentes ó monte. Elas soas saben o camiño e sai dis-parada cada grea pró seu monte. Iglesia Alvariño relatou este intre coas seguintes palabras: «A grea volve pró monte cabizbaixa sacudindo os muñóns dos rabos, torpes e sin gracia. Hai como unha pesa-dume de deshonra no rebaño dian-te do rebrincar dos potriños, que, nos claros e nos escampados do monte, raen a andadura non ben nados».

la, a Igrexa é dona dos grifóns e dunha parte das égoas.

Polo demás, calquera pode ter bestas en Sabucedo aínda que non sexa do lugar. Se o lector quer, pode i-lo ano que ven á festa e, por cinco mil pesos, comprar unha égoa de cría que debe marcar nas cachas ou na orella e botala coas demais o monte. Un ano mais tarde, se ten a sorte de que non lla comeron os lobos, pode baixala cun poldriño que lle ha dar tres mil pesos de ganancia.

A CHEGADA E O CURRO

As bestas chegan ó pobo contra as tres da tarde e veciños e foras-teiros agárdanas pra ver se veñen gordas este ano. Van ó gallope polo medio do pobo hastra unha carba-lleira onde quedan concentradas hastra a rapa. Hai xente que baixa do monte derrengada e que lle pa-



Eleccións

A abstención galega, falseada

A pesares de figurar no censo, ó noso corresponsal en Alemaña a Xunta Electoral de Cambados lle negou o dereito a votar. No nome de tódolos galegos emigrantes ós que se lles negou o voto, Xosé Luis Iglesias protesta.

Foron moitos mais da terceira parte os galegos maiores de 21 anos que non quixeron votar o 15 de xuño, polo menos, aparentemente, xa que os resultados oficiais pregoan unha enorme cifra de abstención. Políticamente, o abultado absentismo electoral interpretouse por moitos como desinterés de Galicia polo camiño que ía levar a *democracia*. Nesta interpretación esquencese —ou tápase— o feito de que ó emigrante galego que traballa mais aló dos Pirineus lle puxeron todo tipo de trabas pra impedirle o voto, hastra o extremo de comunicarlles oficialmente que non figuraban no censo, cando a realidade era que sí estaban censados.

Os que tiveron nas súas exclusivas mans a organización das eleccións tiñan medo de que o voto emigrante

fora maioritariamente un voto obreiro. No caso dos traballadores galegos emigrados ás zonas mais industrializadas do estado e que votaron en Euzkadi, Catalunya ou Madrid, os analistas políticos coinciden en que o seu voto se fundiu maioritariamente co resto do voto obreiro das bisbarras nas que estaban censados. Eles estaban a salvo das ameazas e engaños dos caciques locais.

O norte dos Pirineus traballaban o 15 de xuño centos de miles de galegos maiores de 21 anos. ¿Eses homes e mulleres que traballan na Europa industrial ífan votar de xeito moi diferente ós obreiros galegos afincados nos nucleos industriais de Madrid, País Vasco ou Catalunya? ¿Quen tiña interés en que eses centos de miles de po-

sibles votos dos nosos mariñeiros, labregos e obreiros estiveran condenados por adiantado a non chegaren ás urnas?

A ditadura franquista creou as condicións que obrigarón a tanta xente a ter que buscar traballo en terras alleas e a isto chamáronlle conceder ó traballador o «dereito de emigrar» cando en realidade lle quitaban o «dereito a non emigrar». Agora parece que queren outorgar un dereito novo: «dereito a non ter que votar».

As eleccións municipais van ser moi importantes pró proceso de democratización das nosas aldeas, vilas e cidades. O emigrante galego, privado de voz e voto, esixe dos deputados e senadores galegos que xa agora tomen as medidas necesarias pra que o pobo galego emigrante teña garantizado o exercicio do seu dereito ó voto. ¡E ollo: que esas garantías se concreten canto antes! Porque desa variante da «furia española» que son as *improvisacións de última hora* os galegos estamos feitos.

Os piñeiros de Campolameiro

ICONA aclara

«150 piñeiros separan á Igrexa do Estado» era o título dunha información publicada no número 18 de TEIMA na que se escribía sobre as disputas, entre o párroco de Campolameiro (Pontevedra) e Icona, pola propiedade dun monte. Naquel intre, a redacción de TEIMA foille imposible contactar cos responsables do Instituto pra sabe-la súa versión. Agora remítesenos unha nota de puntualizacións que, pola súa largueza, vémonos na obriga de resumir.

Afirma o ICONA que ó señor Plácido Carril —párroco de Campolameiro— se lle notificou o comenzo do deslinde «sen que durante o prazo regramentario aportara documento ningún que xustificara os supostos dereitos da Igrexa sobre o monte en cuestión». Dise tamén na nota do *Instituto* que «tampouco existía constancia desa propiedade eclesiástica nos documentos obrantes no expediente de deslinde, dos que se desprendía que nin siquiera a capela pertencía á Igrexa, pesía ó cal, e como deferencia á Institución, preferiuse consolidar unha situación de feito —que non de dereito— considerándose como ben eclesiástico a propia capela e un terreo circundante nunha superficie de 0,050 hectáreas».

Noutro párrafo da nota afirmábase que durante o ano pasado foron instruídos

dous expedientes, independentemente da acción promovida diante do Xuzgado de 1.ª Instancia por alteración de marcos. O primeiro deles estivo motivado pola tala de 150 piñeiros afectados por incendio e o outro pola tala de 100 eucaliptos. Ambolos dous —sempre segundo a nota do ICONA— foron sancionados polo director do *Instituto* e polo Ministerio de Agricultura, respectivamente, «sen que hastra o momento se teña noticia da interposición de recurso ningún, anque (o señor Carril) afirme o contrario...»

«O señor Carril Pardo —conclúe a nota— foi reiteradamente advertido pra que non realizara aproveitamento ningún, por tratarse de monte de utilidade pública (...) Non embargantes, sen facer caso das advertencias e amparándose no consentimento dos seus superiores,

ordenou a tala do arbolado, incurrindo en responsabilidade. Desde logo, non acreditou a propiedade, xa que non demostra documentalmente a prescripción inmemorial que alega, e o só feito de estar inscrita a finca en cuestión no Rexistro da Propiedade a favor da Igrexa non constitúe un argumento sólido que poida resistir a menor crítica xurídica, non só porque a inscrición se levou a remate sen cumprir certos requisitos esixidos preceptivamente polo Regramento de Montes, senón tamén porque o asento se atopa en contradición co Catálogo de Montes, porque a inscrición foi realizada con posterioridade ó deslinde e mesmo á colocación de marcos, e, o que é mais importante, porque varios anos antes o monte foi inscrito no Rexistro da Propiedade a nome do Axuntamento de Campolameiro (como monte comunal), debendo resolver esta duplicidade de inscrición a favor do Axuntamento polo principio «prior tempore, potior iure».

O ICONA remata a súa nota recomendando ó señor Carril que agote a vía administrativa pra resolve-lo problema plantexado.

¿Outra celulosa mais?

X.X. GONZALEZ

O Día Mundial do Medio Ambiente os periódicos traían unha noticia ben contaminante: abríase o tempo de información pública sobre o proxecto de instalación dunha fábrica de celulosa na parroquia de Sieira (Rois).

Cando menos resulta sospeitoso dabondo que esta información se publicara precisamente neses días nos que se estaba de cheo na campaña electoral. Bótase unha ollada ós xornais, póñase calquera emisora ou escóitense as conversas da rúa: decatariámonos, entón, de que naquel intre sómente había unha cousa na que pensar: as eleccións. Se os responsables da instalación da fábrica de pasta de papel querían que o trámite pasara desapercibido non puideron escoller mellor época. Tódolos partidos, federacións, alianzas, unións, bloques, frentes, roxos ou marelos, brancos ou azuis, centralistas ou rexionalistas, nacionalistas ou moncloistas din nos seus programas que, entre os seus principais obxectivos, está a defensa de natureza, a industrialización racional e cousas semellantes. ¿Cantos deses partidos ou asociacións coñecen que exista tal proxecto ou as súas características concretas? ¿Como logo van loitar contra esta celulosa?

Dada a situación político-económica de Galicia e os avances tecnolóxicos, xa hoxendía é posible montar fábricas de celulosa e papel que sexan beneficiosas pró país. Con todo, tamén se poden instalar outras que teñan consecuencias moi graves. Situacións como esta plantexan que xa é hora de esixir que se cumpran as promesas feitas e que os programas políticos non queden no papel. Aínda que só sexa pra que non se volva repetir o daquel dirixente que na marcha contra a instalación dunha central nuclear en Xove dixo: «... estamos aquí pra loitar contra unha celulosa», ou daquel outro que nunha mesa redonda dixo que tódalas celulosas eran perigosas porque verquíñan **mercurio**.

Colexios profesionais, asociacións prá defensa do medio ambiente, asociacións de veciños e forzas políticas coído que aínda poden facer algo. Hai unha posible nova celulosa, instalada sen que naide se entere das súas características. Poida que aínda non sexa tarde.

Inversións moi cativas, pouca iniciativa empresarial, malas xestións, crises, despidos e altos índices de paro son as principais acusacións que hai contra os empresarios, a gran empresa principalmente. ¿E que pensan estes homes? ¿que van facer?, ¿cales son as preocupacións e intereses concretos do gran capital? TEIMA recolle a opinión dun sector que, ó cabo, ten nas mans o adibal da economía.

Os medos dos empresarios

A media e grande empresa galega —a pouca que hai— ten pechadas as billas da inversión e das iniciativas, por mor —dín— da situación actual —a situación política, sobre todo—, que non lles ofrece máis ca unha grande inseguridade. A «Asociación de Estudos Empresariales», que preside o banqueiro Juan March, estivo hai pouco en Vigo informando das súas actividades e promovendo unha ampla mesa redonda sobre a planificación industrial de Galicia. Con este motivo andiveron, polos corredores da Cámara de Comercio de Vigo, homes como Antonio Ramilo, presidente do Consello de Empresarios de Vigo; Xosé Nogueira Dalmás, presidente da Cámara viguesa e Antonio Quiroga Piñeiro, en representación dos da Coruña.

A A.E.E. encargou, nesas intres, dous traballos que, en grande medida, indican por onde van as preocupacións do capital: repercusións da entrada española no Mercado

Común e repercusións da reforma fiscal. «Pro non é a reforma fiscal nin a tipificación do fraude o que nos preocupa, senón —dín os homes da empresa privada galega— a embarullada, confusa e insegura situación e maila falla de leis e directrices». «Con todo, somos moderadamente optimistas —engadú outro— porque as cousas xa non poden ir peon».

O primeiro que os empresarios piden ó goberno Suárez é confianza e seguridade. Tratan de aseguralas inversións cunha mínima perspectiva de futuro e garantiza-la solidez das condicións nas que se traballe. Nin tan siquera a grande empresa privada se atopa a gusto nesta situación e os empresarios galegos non son unha excepción. Todos veñen coincidir cáseque nos mesmos puntos: falla de fiabilidade que provoca que, eiquí, nos últimos anos non invirtira ninguén e que todo o mundo estea a ver que pasa e como veñen os novos tempos. «E

se falamos de Galicia —decía un empresario coruñés— a desconfianza é tan grande que cada vez que falamos de montar unha gran industria se desencadea todo un mecanismo de oposición que empeza no profesor universitario e chega ó último labrego do país, pasando polos xornalistas que escriben nos periódicos, os alumnos de institutos, cregos de aldea e cidade, poetas, políticos, músicos, asociacións de veciños... todos cunha altísima dose de desinformación».

Lembráronlle, entón, a «Celulo-

cheos de normas que non se ven claras».

O primeiro que piden os empresarios é un marco claramente definido cara ó seu traballo. «Compre artellar, mesmo democráticamente —era unha idea de Suárez Suárez, catedrático de Economía da Empresa— unhas leis, unhas normas que deixen moi claras as responsabilidades sociais das iniciativas empresariais, as medidas anticontaminantes, os servizos e as indemnizacións. Unhas normas nas que crean todos, elaboradas por toda a comunidade, porque está claro que sen industrialización non se vai a ningures».

A empresa pide, pois, seguridade pra invertir. «Si, os obreiros son as grandes vítimas da crise pro nesta dinámica compre pular-las inversións pra que xurdan novos postos de traballo. Pro se non hai seguridade pasará o de agora: non haberá inversións». Esta confianza virá, por



OS EMPRESARIOS PIDEN REGLAS DE XOGO

Autonomía pra Galicia

Pena Trapero —catedrático de Econometría— dixo na mesa redonda da A.E.E. que o desenvolvemento económico galego pode ser autónomo, que se pode facer dende Galicia e coas súas propias posibilidades, porque recursos hai dabondo e —insistiu— pódese demostrar. Algúns non coincidían con esta análise teimando na necesidade de que o estado compense e axude ó desenvolveinte galego. Neste punto, o profesor Trapero aseguraba que a deuda do INI con Galicia era duns dez mil millóns de pesetas, tengo en conta as inversións feitas polo Instituto noutras zonas de España.

En xeral, hai un certo medo por parte dos grandes empresarios galegos a autonomía galega, pois pensan que viría rabenárllas posibilidades de acción e manobra. «Non se trata de nos reducir a Galicia. Os negocios non ten fronteiras —decían— e se podemos vender en Madrid, ¿por que non vender tamén en París ou no Xapón». Outros confundían autonomía con separatismo, anque ó fiñal clarexáronse posicións e cáseque ningún se opoñía e aínda chegarían verlle ventaxas interesantes a unha planificación económica feita dende Galicia.

Se polo da autonomía non pasaban moi a gusto os empresarios, moita peor cara puxeron ó falar das nacionalizacións. «As nacionalizacións —decía á nosa revista Juan March— non conseguen mais do que pode acadala industria privada. Compre ter conta que España, xunto con Italia, son os estados con mais grande sector estatalizado e público, e os nosos resultados, se facemos comparación con Inglaterra, Francia e Alemaña, onde a empresa privada ten mais posibilidades, non son precisamente mellores».

sa» de Lourizán e preguntamos nós ó gran empresario se non entendía as escoceduras da sociedade galega. Tras recoñecer como certo que o pobo galego ven escarmentado de vello, o empresario dixo: «Pro ¿non sabe vostede que a Celulosa de Lourizán é precisamente cousa do INI? ¿Por que o INI non cumpre coas medidas anticontaminantes que, por exemplo, son das mais duras do mungo? O que nós queremos é clarexar e defini-lo gran follón que hai no intre de aplicar unha lexislación mesta e complexa. Esta é unha das causas polas que non se cumpren as leis: estamos

unha parte, coa estabilidade política e, por outra, cunha lexislación axeitada. A empresa privada di que quer unha lei democrática, capaz de lle dar non só seguridade en si mesma senón tamén ó pobo, que hoxe se opón a «todo o que cheire a industrialización». Un grande empresario decía que cumpría que o país galego creara na súa propia industrialización, cousa que os donos das fábricas terán que demostrar con feitos, porque os galegos veñen escarmentados de moi vellos.

OS LIBROS-TEIMA

(Ou como conseguir de balde unha completa biblioteca galega)



Agora ten a posibilidade de facerse cunha completa biblioteca galega sen gastar un can. Todo o que debe facer é fiarse das instrucións:

1) Fágase suscriptor de TEIMA, por un período dun ano, e suscriba a dous amigos.

2) Remítano-las tres suscripcións.

E xa está. A volta de correo recibirá un lote de libros galegos sobre a temática que lle pete: ensaio, novela, historia, gastronomía, política, temas actuais...

Por suposto, pode repeti-la operación tantas veces queira e poida. En cada ocasión recibirá un distinto lote de libros.

Contribúa a que TEIMA medre... e faga medra-la súa biblioteca.

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
	<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º	
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN	
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Escriba á rúa do Hórreo, 94-Entrechán—D
Departamento de Suscripcións.



TORRE DE S. SATURNIÑO, DERRUBADA POLOS «IRMANDIÑOS»

Moito choveu desde que Cabanillas lle adicou o *Vento Mareiro* ó seu lugar natal. Hoxe Cambados non é vila *probe* cantada polo poeta, senón unha urbe cun relativo progreso, do que o motor fundamental foron os cartos dos emigrantes, como en tantos outros lugares desta Galicia explotada e subdesarrollada. Os mariñeiros hai anos que xa



O PAZO DE FEFIÑANS APREIXA A PRAZA DO MERCADO

non van bogando hastra a illa de Sálvora ou até outros lugares da Ría, nin as mulleres van de a pé polas aldeas veciñas pra fende-lo peixe, a miúdo trocando por produtos do campo pra poder subsistir.

Pro con todo, esta vila cheíña de historia, escrita nos *pazos*, *palacios* e *igrexas*, segue tendo aínda moito de *fidalgo*, *soñador* e *señorial*. Mesmo parece que non quere despertar do todo, senón seguir deitada, deixándose alumiñar polas dondas augas da Ría de Arousa e contemplando como outras poboacións veciñas xa se ergueron mentres ela continúa descansando.

Cambados, «Probe e fidalgo e soñador»

Autor FRANCISCO FERNANDEZ REI

FEFIÑANS, BERCE DE CABANILLAS

Cambados está formado por tres antigas vilas, que aínda conservan as súas características de antano, Fefiñans, Cambados e Santo Tomé do Mar, onde un pode ler anacos da historia do pobo galego (da historia escrita polos de arriba).

Vindo pola carretera de Vilagarcía, á entrada está Fefiñans, co seu aquel da vila medieval que foi. Un non pode deixar de se deter na *Praza do Mercado* —non hai moito mercado, antano disque praza de armas do monumental *Pazo de Fefiñans*, principios do século XVII, que intenta apreixala.

Nesta mesma praza, a *Igrexa de San Benito*, feita enriba dunha antiga capela do S. XII, e no interior da cal están as estatuas xacentes do matrimonio nobre que restauraron a igrexa aló polo XVII. Perto de ahí, a casaña donde naceu o mestre de poetas Cabanillas e a do tamén cambadés Asorey, o xenial *cantei-*

ro, así como a vivenda onde morou Valle-Inclán.

E na parte que «separa» Fefiñans do centro da vila antes achábase o *Pazo de Bazán*, derrubado na década dos sesenta pra construí-lo actual Parador Nacional, onde en xuño do 70 o ex-presidente da República Francesa Ch. De Gaulle estivera uns cantos días.

CAMBADOS, NUCLEO CENTRAL DA VILA

A esta parte pertence o Monte da Pastora, do que se falaba no TEIMA nº 30, no que hai un castro, sen excavar, unha ermida e mais un mirador-calvario a onde, segundo a lenda, o Demo levou a Xesucristo cando as tentacións e soltoulle aquilo de «Si postrado me adorares/ todo el mundo te dará/ excepto Fefiñans/ Cambados y Santo Tomé» (polo visto, hastra o Sr. Demo ten prexuícios lingüísticos, pois que emprega a lingua dos *finos* como ferramenta de traballo).

Na aba ou ladeira deste monte están as *ruínas de Santa Mariña D'Ozo*, restos dunha igrexa gótico-mariñeira do S. XV, hoxe cimiterio —amáis de monumento nacional—, que nunha das arcadas conserva unha representación da Preguiza un home coa cabeza entre as pernas comendo os seus excrementos.

SANTO TOME, A VILA VELLA MEDIEVAL

Esta vila, mariñeira cen por cen, está na parte oposta a Fefiñans. Nela, ademais do neoclásico *Pazo de Montesauro*, consérvanse os restos dunha torre do S. X, a de S. Saturniño, restaurada logo polo bispo Xelmírez e derruba-

A ti, meu CMBADOS probe e fidalgo e soñador que ó cantareiro son dos pinales e ó agarimo dos teus pazos señoriales dormes deitado ó sol á veira do mar



da cando a revolución social dos *Irmandiños* no século XV. Despois de recibir sináis dunha torre semellante que aínda se conserva na Lanzada, desde S. Saturniño, con fogueiras na parte máis alta, avisábase ás Torres do Oeste de Catoira —e de aquí a Compostela—, da chegada dos normandos invasores.

O ALBARIÑO, REI DO SALNES

Pró amigo do bo xantar, en Cambados hai peixe fresco todo o ano. A quen leve o peto cheo, non lle ha faltar onde comer unha centola ou unhas boas nécoras; e a quen o leve frouxo, sempre lle ha queda-lo consolo de mercar uns *conquitos* na praza —non saben como as nécoras, pro están ó alcanzo de calquera.

Entre os viños deste Val do Salnés, sen dúbida o de máis sona é o Albariño, traído, desde o Rhin alemán no medioevo, e ó que se lle adica unha festa o primeiro domingo de cada agosto, festa feita por e, especialmente, pra burgueses, na que o «prato forte» ten un aquel de torneo medieval cando os membros do *Serenísimo Capítulo del Vino Albariño*, entre outros, loitan cos viños presentados a concurso, mentres o pobo-espectador asiste á loita sen ter nada que pintar nela. E todo cunha musiquiña galega de fondo pra lle dar ó asunto unha pinga de enxebreza, sen que falte, claro, a nota folclórica das *niñitas* vestidas de *galleguiñas*. Pro Cambados, corazón do Val do Salnés, non só paga a pena visitalo neses días festeiros, senón calquera día do ano.

«A ti meu CMBADOS probe e fidalgo e soñador...»



Aldeiro

Idilio a la floresta...

Agora que ven o tempo dos incendios, expoñemos á consideración pública unha información de sucesos do «Correo Gallego» que podería acadar o mérito de clásica se non nos movéramos niste mar de envexa que todo o corroe: «Ayer había fuego en el monte Pedroso. Las llamas se encaramaban en los pinos, como serpientes o como echarpes insoportables en tiempo de seco calor. No parece que haya sido cosa de la oposición, ni tampoco de la ultraderecha. Puede que haya sido más bien cosa del dichoso descuido de la gente que sale de acampada o de idilio a la floresta. Una colilla, una sardina que sabía bien pero que dejó las brasas olvidadas, o un cálido beso, que dirían los poetas clásicos... el caso es que el Pedroso se puso violentamente encendido. Salieron los aviones de ICONA que tienen base en Labacolla. Hicieron algunas pasadas y dejaron 11.000 litros de agua en dos gigantes chaparrones. Pero fue inútil. Era como querer descubrir América en un chalupa.

Surgió la calima, que es el terror de los pilotos. Y la deficiente visibilidad impidió que los «Canadairs» siguiesen evolucionando sobre la gigantesca pira del Pedroso. Regresaron a la base con el expediente a medio cubrir. La valentía y el riesgo tienen una frontera bien nítida; el valor de la vida, también».

Isto a nós, polo que decíamos do clásico, recórdanos en estilo e feitura a outras vibrantes páxinas, tamén do «Correo Gallego», que aludían a Conxo e o seu hospital psiquiátrico. Xuzguen:

«Hay ideólogos que propugnan el aprovechamiento de las condiciones ecológico-sociales como punto básico para la difusión de determinadas ideas políticas. Alguien dijo alguna vez que el comunismo sigue el mismo proceso de desarrollo que los hongos, crece y prolifera en la humedad. Con esas premisas, la estrategia comunista hace presa en comunidades vitalmente húmedas, esto es, decepcionadas, sometida a una vida incómoda y alejada del mundal ruido en las comunidades urbanas económicamente más estables».

E logo extrañámonos de que veña o eurocomunismo.

Erase unha vez...

De pequenos, liamos contos de guerreiros e fadas, de princesas, cabaleiros e dragóns; contos nos que gañaban os bos (que pra iso eran os bos) e perdían os malos (que pra iso eran malos). Os nosos pais decíannos, ou berrá-bannos que aquilo eran tonterías, que toda aquela grea de personaxes non existía nin existirá xamáis e que deixáramos de ter paxaros na cabeza.

Nembargantes nós gardabámo-la ilusión no peito, e un día, a Historia e a Enciclopedia Vives déronn-la razón: ¡Existían!, existían e saían no televexo, e inauguraban pantanos, Universidades Laboráis, e departían amablemente.

Veleiquí, sen máis retórica vouga, o documento en cuestión que demostra, pra desengaño e confusión de pais materialistas (históricos ou dialécticos), como a lenda, unha vez máis, se convirte en realidade, e a clarividencia dos cativos, físicos ou mentáis, é fonda e misteriosa como un Ministerio.

De tódolos xeitos, a nós gustaría-nos saber quen era a ra encantada.



EL DRAGON DE LAS SIETE CABEZAS

Pues, señor... En un país donde todo era felicidad y contento, nació un día un dragón de siete cabezas.

La fiera fué creciendo, treciendo. Y comenzó a sembrar el mal en aquel hermoso territorio.

¡Infelices habitantes del bello país! Nadie podía salir a la calle sin temor a ser devorado. El Dragón asaltaba haciendas, incendiaba las iglesias, pisoteaba los Crucifijos, insultaba a la Virgen María. Los niños no podían ni rezar ni reír.

Y el bello país, antes tan feliz, se tiñó de lágrimas y de sangre.

Ese bello país es España. Y el Dragón que estuvo a punto de hacerlo morir se llama Comunismo.

Galegos: tamén no D.N.I.

Agora, dende hai pouco tempo os nosos rapaces poden levalo seu nome en galego, non só a cotío, senón tamén formalmente, xa que poden ser bautizados así.

Eiquí a título de suxerencia, deixámolles algúns escollidos do libro, «400 nomes galegos pra homes e mulleres», libro recentemente publicado por Xaime Seixas (edición patrocinada polo Banco Pastor).

Pra nenos:

Breogán, nome coñecido dende que o famoso xefe celta o levara; *Cibrán*, correspóndese no castelán Cipriano; *Fiz*, nome bastante usado en certas vilas, é o Félix castelán. Nomes tan correntes en castelán como Pablo, en galego son *Paulo*. Menos usados son *Xenxo*, por Gínés ou *Xurxo* como Jorge.

Pra nenas, hai nomes aínda menos coñecidos, como *Cecía* por Cecilia; *Comba* nome que levan algunhas vilas é pouco usado no castelán, Columba. *Mariña*, por Marina ou *Minia* (así en castelán, tamén) son máis usadas polas romerías que as celebran; *Pomba*, como Paloma non é nada común.

Finalmente, os nomes de *Galia*, *Galiza* ou *Zeltia*, sen equivalente en castelán, considerados inéditos.

Alonso, a testa pensante



D. Xesús Alonso Montero. Alonso prós amigos, sociolingüista ou linguosociólogo, e unha chea de cousas mais. Sostivo (ademáis de enconadas liortas con outros sectores da intelectualidade galega) o cargo de portavoz oficioso e testa pensante dun partido —o seu, o PCG— nuns tempos que non eran estes. Foi tamén unha das poucas persoas en Galicia que créu na **Xunta Democrática de Galicia**. Expulsado da súa cátedra de Literatura, facho de galeguismo no Instituto de Lugo e candidato ó Congreso nas pasadas eleccións, feito que, non obstante, non lle fixo perde-la moral.

Con todo, o Alonso é unha ialma grande metida nun corpo cativo.



EL HEROE Y EL DRAGON

¡Acabaría el Dragón por asolar el hermoso país?

No, porque aquella tierra era tierra de Dios y Dios velaba por ella.

Y un día ardiente y caluroso de Julio, como llovido del cielo, bajó a la tierra de un pájaro de acero un Héroe valiente y decidido, y salió al encuentro del Dragón con su espada desnuda.

Dura fué la lucha del Héroe y el Dragón. Muchos esfuerzos y sacrificios costó al Héroe vencer a la Bestia. Pero, poco a poco, el Dragón fué perdiendo brazos y cabezas. Y un día, cuando comenzaba a reír la primavera, el Dragón quedó muerto para siempre. Y el bello país volvió a reír y a cantar: volvió a ser feliz.

El Héroe que venció al Dragón es el CAUDILLO FRANCO.





COOPERATIVA DE COMEDIANTES (POR TUGAL)
Foi do mellor da III Mostra

A presenza da «Cooperativa de Comediantes Rafael de Oliveira», que presentou «*Historia de Grades*» de Oswaldo Dragun (premio Casa das Américas), foi se cadra o máis interesante desta III Mostra de Teatro Galego en Vigo que, coma xa dixéramos da de Ribadavia, presentou unha paisaxe teatral máis ben cativa. O grupo portugués, con oficio, con profesionalidade e coñecemento do feito teatral e das súas posibilidades, foi o máis enriquecedor. O seu lado teríamos que pór, xa falando dos galegos, o traballo de «O Facho» co seu *Paco Pixiñas e a nave espacial* e mais «Ditea» que trouxo *Almas mortas* de Villar Ponte.

Houbo, coma en Ribadavia, ausencias importantes este ano: «Candea» de Noia, «Antroido» de Santiago, «Valle-Inclán» de Lugo, «Auriense», «Teatro Circo»..., pro hai que xuzga-lo que ven, e, de certo, as dúas mostras representativas do que se está a facer no teatro galego (Ribadavia e Vigo) mostraron este ano, paralelamente, as mesmas limitacións, cáseque as mesmas eivas e atrancos, coma se mesmo estiveramos chegando a un teito nas posibilidades actuais do noso feito teatral e fora moi difícil da-lo paso seguinte.

O GRUPO PORTUGUES

A presenza do grupo portugués

na mostra galega haina que explicar como unha definición, por parte dos organizadores, do vencello entre as dúas culturas irmás e veu mostra-las grandes posibilidades de comunicación e intercámbeo de experiencias que pode haber nun futuro máis aberto. Os portugueses son, entre nós, pesie ás propagandas oficialistas, os grandes descoñecidos. E os organizadores, acordando trae-la «Cooperativa de Comediantes» de Lisboa, tiveron unha gran idea.

Foi a mellor lección de teatro partindo, ademais, duns medios e duns recursos escénicos semellantes ós dos restantes grupos, pro utilizados con xeito e eficacia. Trátase dun teatro didáctico, liñal, político - pedagóxico, pensado principalmente pra un traballo de concienciación popular nas áreas rurais ou obreiras e, o que é moi importante a xeito de exemplaridade, *subvencionado e pulado polo propio Estado* (anque nos últimos tempos as subvencións mermaran unha migalla). O argumento apóia-se no compromiso político de todo home que vive en sociedade, mesmo dos que se din apolíticos e que veñen se-las grandes masas silenciosas e cómplices cos poderes ditatoriais; é tamén unha defensa da liberdade e do dereito do home a ser ceibe e vivi-la súa liberdade co-

Nos dez primeiros días de xullo celebrouse en Vigo a III Mostra de Teatro Galego. TEIMA tamén estivo en Ribadavia. Son as dúas mostras anuais do que se está a facer no noso teatro que, dun tempo pra acá, mesmo semella que chegou a un teito. O balance xeral desta edición da mostra viguesa é máis ben frouxo.

III Mostra de Teatro Galego Compre dar u

VICTOR FREIXANES

lectiva. O centro da historia é a máquina das ditaduras que, evidentemente, o autor (arxentino) coñece, o mesmo que os actores portugueses e o espectador galego. Hai un ffo común e solidario que fai universal a mensaxe dende a experiencia concreta de cadaquen.

O director do grupo é o galego Manuel XII, que foi alma de «Histrión-70» deica hai moi pouco tempo. Somentes unha chata, ó meu entender, pró seu magnífico traballo: a caricatura de Franco páreceme unha concesión absolutamente doada, barateira, unha «morcilla» de urxencia dirixida a un público «progre» e non engade absolutamente nada a un traballo e unha liña argumental francamente boa e eficaz. Resulta, ademais, tan simple e esquemática (é a caricatura dun reprimido sexual, sen mais) que o espectador ten a impresión de que o grupo está certamente alonxado do personaxe en cuestión, da súa presenza e significado na realidade española.

NOVOS HORIZONTES

En Ribadavia, actores, directores e algún crítico e autor, reunidos nunha mesa redonda, falaban precisamente da necesidade urxente de atopar novos camiños e horizontes pró teatro galego. Poderíamos

sulñar dúas primeiras etapas no noso feito teatral logo da guerra civil. Unha primeira cáseque exclusivamente literaria e «resistente» (e non estamos a falar das experiencias no exilio que merecen un traballo aparte). A segunda xorde nos anos 60 xa, cando aparecen as asociacións culturais e inaugúrase, neste eido, un traballo sensibilizador, descubridor de novos públicos, capaz a conquistar ás novas xeracións pró teatro galego.

O interés que, sobre todo entre a xente nova, desperta hoxe o noso teatro, os problemas que había

O VILLAR PONTE DE «DITEA»
16 anos no teatro



nesta edición da mostra viguesa pra conseguir un sitio no auditorio da Caixa de Aforros, etc., demostran que ese interés existe e que, efectivamente, hai xa un certo público pró teatro galego, un público activo e importante. Estamos, pois, nas portas dunha terceira etapa. Mais ou menos isto viñan suliña-los

plicacións, poida que discutible nalgúns intres, pro eficaz, e máis «O Facho», coa montaxe que xa comentamos cando a de Ribadavia, mostraron en Vigo un certo nivel.

«A Farándula», por exemplo, teima nunha expresión corporal que ten momentos bos, pro que ten moito de artificiosidade e chega a cansar ó público. Na súa versión do Catecismo do labrego de Lamas Carvajal non se preocupou por

van). O grupo «Saudade», pola súa banda, quedouse nun traballo «correcto» diante dun texto de Varela Buxán que non engade absolutamente nada novo: *O ferreiro de Santán*, polo menos tal e como é a súa versión orixinal, estrenada en Bos Aires nos anos da postguerra.

O VILLAR PONTE DE «DITEA»

«Ditea» presentou a Villar Ponte (*Almas mortas*) e isto xa era algo interesante polo autor mesmo. O traballo foi correcto, dentro da liña do grupo, que anda nisto hai xa 17 anos. Houbo actores mesmo brillantes e que deron moito xogo na escena, cunha caricaturización moi axeitada do «americano». Pro eu porfalle somentes unha chata de presentación. Entendo que o teatro de Villar Ponte, os seus plentexamentos ideolóxicos sobre todo, os problemas que nos trae, explícanse nun contexto histórico, dentro das correntes dunha época histórica que neste caso está arredor do ano 20, cando a creación das «Irmandas da fala», o primeiro galeguismo político, etc. Todo isto tiña que ser explicado, ó meu entender, denantes da representación porque temos de partir do feito de que eiquí ninguén coñece nada e pode ocorrer, coma ten ocorrido mais dunha vez, que o espectador xuzgue a obra que ve dende a realidade desta Galicia-1977, o que sería absolutamente falso.

Entendo que o teatro non é somentes, e moito menos no noso caso onde tantas cousas teñen que enche-lo valeiro de tantas outras, unha simple representación, senón que o grupo ten a responsabilidade de coida-la mensaxe e contido da súa representación pra que chegue axeitadamente. Unha pequena presentación, a xeito de limiar, que sitúa a Villar Ponte e á súa obra no contexto dunha época, cuns problemas moi definidos, cun xeito tamén de tratalos e entendelos, etc., penso que suliñaría pra ben o bo traballo do grupo, que non se complica a vida con grandes cousas que lle poden quedar lonxe e chega ben á xente.

DAR UN NOVO PASO

E eiquí poñemos cáseque o punto final, volvendo un pouco ás discusións de Ribadavia, porque non hai grandes diferencias entre unha mostra e a outra este ano. ¿Qué é a *profesionalidade* no noso caso? Naturalmente non é unha gran montaxe empresarial, pro si a posibilidade de que non se traballe no teatro nas horas libres. O traballo de todos estes grupos é moi meritório e, dende eiquí, temos que suliña-la nosa absoluta solidariedade. Todas estas críticas non son mais que aportacións, e aportacións, naturalmente, sempre moi discutibles. O teatro galego, no seu conxunto, ten demostrado dabondo ó longo dos últimos anos, a súa presenza e eficacia.

Agora ben, compre ese paso seguinte do que falabamos denantes. E eiquí veñen os problemas. Non se pode facer moito mais traballando como se traballa: sen medios, sen cartos, sen locais pra ensaiaren, aproveitando as horas libres dun traballo canso, autodidácticamente, intuitivamente, etc. ¿Pra cando esa Escola Dramática Galega? O Teatro Circo, na Coruña, ven traballando por ela e sufrindo os atrancos dunha Administración allea. Pro por eiquí teñen que i-las cousas.

O grupo portugués viña subvencionado polo seu Estado. Eiquí, os grupos de teatro galego, non reciben unha cadela da administración de Madrid, da Subsecretaría de Teatro que, con todo, subvenciona a outros (en TEIMA publicamos hai pouco, nº 22, esas subvencións). ¿Cómo se vai entender unha axeitada política cultural en Galicia nos próximos tempos? ¿Qué pode dar de si esa autonomía que din que vai vir? Co exemplo portugués diante e entendendo que a nosa cultura ten dereito histórico a esixir xa unhas atencións e axudas que poñan a andar unhas institucións propias e eficaces, o noso teatro pide unha política propia tamén, unha política de seu que podería se-lo pulo pra ese paso seguinte, próximo obxectivo do que se falaba xa en Ribadavia.

ego en Vigo

n paso adiante

de Ribadavia cando pedían a profesionalidade. A profesionalidade dos grupos de teatro (que o grupo poida vivir do seu traballo, que o teatro sexa un oficio, coas súas compensacións e coas súas responsabilidades) sería o seguinte obxectivo do noso feito teatral.

OS GALEGOS

Porque chega un momento no que un se decata de que as cousas deste xeito non poden dar moito mais do que dan. Somentes, xa digo, o grupo «Ditea», cun traballo moi tradicional, sen grandes com-

actualiza-lo texto ou quitarlle os anacronismos que poida ter; a súa exposición é absolutamente liñal e apoiada exclusivamente no texto de Lamas, de tal xeito que pode un pecha-los ollos que non perde nada da representación nin da súa gracia.

Escoitade complicase a vida nun longo e aburrido texto de Xosé Fernando Dicenta, dentro da estética do símbolo, a metáfora e os longos diálogos, movendo (ou tentando de mover) unha chea de actores en escena e dentro dunha estética absolutamente desactualizada. Un pouco o mesmo podería pasarlle ó teatro popular «Queizán», que presentou unha versión galega de «Polinice» e o vello mito da ditadura. Hai boas intencións, o texto galego é bo e ten cousas que decir, pro a realización práctica ven resultar artificiosa, grandilocuente, nese conflito que hai entre a idea que se quere levar á escena e os atrancos e limitacións técnicas e materiais dos actores e o grupo pra realizalas.

O grupo T.P.G. de Teis confundiu (ou confundíronlle) unha obra de Blanco Amor dirixida ós nenos (*O romance de Micomecón e Adelaida*) e presentárona pra adultos co seu correspondente desaxuste, a pesares de que seguramente entre os nenos funciona (e moi ben, pola alegría e barullo que os actores le-



Ramón Akal, editor do PCG

Un background pros lectores

ROXELIO MARTINEZ

¿Quén non se lembra? Tódalas nosas saídas ó estranxeiro tiñan un sobresalto: A Aduana. Nos rincóns máis inhóspitos escondíamos os nosos libros; e cruzabamos Irún... Todo cun latir moi forte do corazón. Todo isto é parte da socioloxía da nosa cultura.

Hai que recoñecelo, anque teñamos discrepancias. Ramón Akal, galego en Madrid, foi dos primeiros en abrir sendeiros. Con il charlamos en Madrid.

TEIMA.— Akal, editor baixo o franquismo e as suas cruces, pro ¿non te enriqueceu precisamente esto, polo escasísimo nivel cultural que enxendrou? ¿Non sería precisamente ou teu oportunismo e escasos escrúpulos intelectuais?

AKAL.— Si eu fun oportunista, ta mén foron oportunistas os demás, e sen que tiveran nin procesos nin secuestros. Eu teño dazaseis. E certo que varios dos meus libros non foron preparados. Pro, o importante era publicar a Lenin, incorporalo como feito cultural cotidiano. Entón, cunha probabilidade de secuestro non se podía arriscar economicamente cunha adecuada preparación do libro.

POPULISMO CON LIMITACIONES

T.— Akal non fala de diñeiro. Sin embargo, cando outras editoriais morreron, a il publicar libros deulle cartos. ¿Cómo? Disque a tua liña editorial non pretende caer no que se chama lupenburguesía, pro ¿non pensas que caeches nunha liña populista, que en nada axuda a facer unha conciencia crítica?

A.— Quero publicar as clases en ascenso. Admito o de populismo con limitacións. Pretendo dar un *background* cultural ós lectores. Anque algúns dos meus libros son dogmáticos, tamén ofrezco lecturas non dogmáticas, coleccións críticas. Fundamentalmente quero formar unha biblioteca socialista a tódolos niveis.

Parte das publicacións de Akal foron pra Galicia campo onde ten dous libros secuestrados: «Gali-

cia mártir» de Castelao, «Ensaio sobor do problema nacional galego», de Santiago Alvarez. Fala sobor da sua aportación á cultura galega.

A.— Esta é unha editorial creada en Madrid. A pesares diso, o 20 por cento dos libros son galegos. Editei a Castelao. ¿Sobor de premios e concursos? Non quero entrar en competencia con ninguén. Neste senso, compre elabourar unha nova alternativa. Intento publicar colectivos que desenrolan estudos históricos pra recuperar as nosas fontes, políticos...

T.— Neste campo ¿non serás demasiado partidista?

A.— Anque son do P.C.G., as miñas lecturas non son monolíticas. As limitacións non están en mín. A Editorial está totalmente aberta.

T.— Entón ¿cómo na colección «Manifesto» non figura ningún libro dalgún escritor galego coma Ferrín, Casares...?

A.— Pedinlle libros a Ferrín e non me contestóu. Repito de novo que a Editorial está aberta a calquera escritor galego.

T.— ¿E certo, que tes proxectos periodísticos pra Galicia?

A.— Sí. Teño un dobre proxecto. Dentro dun ano a publicación dunha revista semanal informativa. A sua liña abarcará desde a dereita crítica hastra a extrema esquerda. Será entre Cambio 16 e Triunfo (Atención mulleres galegas, ¿por qué non homes? Terá despelote). Conxuntamente unha imprenta. E pra dentro de dous ou tres anos, un periódico tipo «País». Ambas cousas serán bilingües.

Posiblemente nos dea algunha outra sorpresa. Pensen qué outra cousa pode quedar. Ben, non falamos nin de gorras nin de Fanny Hill, esa novela erótica que lle ocasionóu un proceso. Por isto a nosa solidariedade con Ramón Akal, que di ser marxista, e pola sua linguaxe, gramsciano.

Picaraña

L.P.

Chegóu o vran, anque con choiva. Tamén os políticos chegaron, en moitos casos do fume. A cultura vai de a pé, mentres a política vai en auto, en berlina ou en primeira crase do avión que desde Labacolla fai arco con Barajas. Deica o momento —porque as chamadas Iniciativas de Cultura Popular son unha mostra importante, pro só circunstancial polo de agora— ningún partido político ou forza, como queira chamárselles, prantexóu no seu programa unha alternativa definitiva a esta cultura galega que mesmo parece un pica-pica que outra cousa. Outra iniciativa que hai que ter en conta sería a que ofrece o chamado Frente Cultural da ANPG, anque neste momento non se sabe ben en qué está concretizado. Quizáis porque o que se propuxeron —a laboura foi importante, desto non cabe dúbida— era moi amplo.

Pro fora de isto, nada de nada. E resulta preocupante. Que hoxe non exista en Galicia un organigrama cultural, popular desde logo, quere decir que cada quén funcionará por sí mesmo como a sua capacidade lle dea a entender e como os medios de que dispoña llo permitan. Nunca se entrará así nun proceso de catarsis, tan necesario, pra ir acollendo todas as formas de comunicación que as significacións culturais terían que ir artellando desde unha perspectiva política galeguista. Proceso no que ademais serían necesarias as correntes de interpretación que noutros países e noutras comunidades utilizan pra acadar produtos de factura popular e non populista, que é no que na maioría dos casos se ven dando nos últimos anos.

O populismo desde o teatro, os libros, a poesía, o cine... infantiliza unha cultura que existe *latente* en sí mesma. ¿Non sería ésta unha das razóns polas que sintamos aínda un certo complexo creativo en Galicia?


Xa non valen aquelas xustificacións que sempre deron os que se atopaban entallados nas suas propias imposibilidades. A cultura, pra ser comprendida, non fai falla que chegue ó pobo en formatos enlatados de «pradoslameiros». Non confundamos.

As alternativas que saian dos partidos, como avangarda e non como exclusivos terán que ir polo camiño da creación, non do panfleto. Xa veremos.



XAVIER FREIJANES

dos nosos eidos



A NOSA TECNICA

posibel polo labor conxunto e participación efectiva dos 6.600 socios, veciños da bisbarra, cun novo xeito de aproveitar os recursos da nosa terra, fai que...




OS NOSOS PRODUTOS

leite, manteiga e nata, cheguen ó seu fogar frescos, nutritivos e sustanciosos, a partires da...

UNICA MATERIA PRIMA

coa que traballamos é que constitue a base real do prestixio de...



FEIRACO

COOPERATIVA FORRAXEIRA DE NEGREIRA



Debate

Cara un congreso da cultura galega

BONIFACIO BORREIROS



O plantexamento dun Congreso da Cultura Galega, dende a miña perspectiva, vai unido á problemática da orgaización da cultura galega. Concretada en tres eixos: 1) sistematización homexonea da produción cultural nos últimos tempo; 2) solución conxunta ao desvencellamento da intelectualidade e movementos culturais cos troques sociopolíticos operados no País. E 3) metodoloxía a seguir cara a un orgao nacional de discusión que pode ser o Congreso que nos ocupa.

1. En primeiro lugar, é imprescindible que todos os esforzos culturais se unan nunha actuación global. Actuación que tente superar o conflito entre a estrutura socioeconómica colonial que frena o proceso de liberación galego no plano cultural: conquistar unha ideoloxía ascendente. Ao mesmo tempo debater a necesidade da pescuda de novos xeitos de lingoaxe, temática... como unha nova relación coas raíces culturais. Todo enxertado na «tradución» a lingoaxe galega do conxunto progresista internacional. Isto non pode agardar.

2. En segundo lugar, introducir a función de revolta e de reconstrución social e nacional da cultura na sociedade galega cada vez máis perda da conciencia de seu. Nunha

palabra, clarificada a cultura, en si mesma, facela liberadora a prol da etapa actual que vivimos por medio da acción de masas. Que o Congreso represente a arela dos movementos culturais de evitar toda separación co pobo traballador.

3. E, por último, viña sendo necesario criar un xérmolo de discusión onde a xente de cultura trasparse as fases de culturalismo e confusión e atope alternativas dunha cultura de crase, pluralista. De ahí a importancia da participación dos movementos culturais de base.

Se queremos a efectividade, o camiño cara o Congreso somentes se pode faguer en base a dialéctica pluralista, participación representativa e a saber gardar a autonomía que o espazo cultural ten no seo da sociedade. Xa que logo, parece claro que un Congreso da Cultura Galega debe reflexar a múltiple composición de crase e ideolóxica dos que fan ou espallan a cultura. E tamen, parece evidente que a celebración do Congreso é un proceso desde a base a onde imos tender se respetamos a autonomía da cultura, onde somentes poden ter cartas no asunto os movementos culturais e cidadáns, sin grupos de presión nin dominacións políticas.

Escolma/TEIMA

Galeusca: Miro, Laboa e Subirach

No presente mes de Santiago, coincidindo cun momento político moi especial, non só en Galicia, senón en todo o Estado español, ao tempo que o Goberno toma conciencia fonda do que eles chaman «o problema regional» e crea un ministerio adxunto, sen carteira, «para las relaciones con las regiones»; nas mesmas datas nas que se constituirán as novas Cortes, celebraráse na Coruña o primeiro GALEUSCA de Galicia.


Os GALEUSCA, que naceron aproximadamente hai dous anos no momento da ruptura coa ditadura máis drástica, e que proliferaron no País Vasco e Catalunya, constituían —e seguen constituindo— unha resposta de identificación das tres nacionalidades claramente definidas do Estado español. Nestes actos, presididos por as súas respectivas bendeiras, os cantantes interpretaban no seu propio idioma, falaban da sua cultura... facíase o GAL-EUS-CA, Galicia, Euscadi, Catalunya.

dades, o momento da descentralización. Iste acto, que imos presentar cun aparato de montaxe moi digno, conta coa presenza de tres cantantes importantes e moi representativos. Virá por Catalunya o Rafael Subirach, por Euscadi o Mikel Laboa e o Miro Casabella representará a Galicia. Con iste motivo váise producir, ademais, un feito até agora tamén inédito no noso País: Iste GALEUSCA vai ser grabado pra disco por a Productora Abrente. Diste xeito quedará constancia da resposta de milleiros de personas galegas coa súa presenza e a súa visión política diante dun feito cultural como iste, de solidaridade e de unión entre os tres países dentro do Estado español.

«Penso que non só é necesario, senón impredicible —dixo a TEIMA Nonito Pereira, da Productora Abrente— que todo isto que se vai facer quede plasmado pra Historia, porque histórico é o acontecemento que se vai celebrar o día 23 de Xulio, ás 8,30 do serán, no Palacio dos Deportes da Coruña. Faráse pois unha grabación que ramatará nun disco L.P. que levará o título xenérico de «GALEUSCA». A portada do disco serán os tres estandartes das tres nacionalidades, Galicia, Euscadi, Catalunya, e no seu interior, estará ilustrado coas fotos de ambiente. Abrente, dentro das suas limitacións —non é casa grabadora, samente é productora— quere ser portavoz das ganas e da necesidade das cousas que empezan a facerse en Galicia, dentro deste campo, e así poidamos dalgunha maneira contribuir ao espallamento da nosa cultura».

O mes de Xulio, mes importante Pra Galicia, ten outra manifestación máis, neste caso, de loita cultural e hirmadade co resto das nacionalidades do Estado español, que constiue iste primeiro GALEUSCA de Galicia.

MIGUEL CASTELO



Palacio dos deportes da Coruña
Sabado 23 de Xulio 8.30 do serán

«Nós —dixeron a TEIMA os organizadores— dámoslle moita importancia a iste GALEUSCA. Pensamos que a ten, e de feito é o primeiro que se fai en Galicia, no noso País. Precisamente hoxe que, máis que nunca, é o momento das nacionalidades».

A PATRIA DE TODOS

25 de xullo, festa nacional galega

Por primeira vez na súa vida, TEIMA celebra o Día da Patria Galega. E celébralo coa ollada leda e posta no futuro porque, se ben é certo que resulta obrigadamente necesaria a chegada de tempos mellores, tamén é mentira que non houbera outros peores. Pra nós, ademais, pra esta revista, o tempo non pasou abondo aínda. Nacemos onte e medramos hoxe, pódese dicir.

Cando programabamos estas páxinas, hai pouco mais de quince días, eramos optimistas encol da posible participación conxunta e unitaria dos partidos e organizacións políticas neste día que Galicia quer ter de seu unha vez ó ano. Alguén tirou do arquivo entón recortes da prensa catalá de mediados de setembro do ano pasado, con primeiras planas integramente ocupadas por reseñas gráficas e escritas da *Diada* que se celebrara o día 11 e todos recuperámo-la sorpresa vendo os milleiros de persoas, mais de setenta mil, que se xuntaron naquela data en San Boi de Llobregat. Quen nos dera ós galegos face-la metade, dixemos daquela.

rradeiros días cando se comprobaron as dificultades que tivo a oposición pra toma-lo acordo que finalmente non

foi posible. Seguimos, non obstante, teimando na idea e hoxe está aquí realizado o noso propósito. Unhas páxi-

nas especiais adicadas a unha celebración coa que TEIMA se solidariza plenamente.

XOSE RAMON BARREIRO FERNANDEZ, historiador, pescudou os antecedentes do nacionalismo galego. XOSE VILAS NOGUEIRA, catedrático de Económicas e home intimamente ligado ó movemento nacionalista (atribúeselle a idea da creación da ANPG), repasou a vida nacional galega durante a longa noite de pedra do franquismo. E XOSE LUIS MENDEZ FERRIN, catedrático, escritor e político, pensou en alto sobre o nacionalismo hoxe.

Membros da redacción da revista prepararon historias de urxencias sobre como celebran o seu día Catalunya e Euzkadi e como ten transcurrido, hasta agora, esta efemérides en Galicia.

Con todo, TEIMA ergue unha vez mais o berro por Galicia e súmase ó Día da súa Patria estando ou non de acordo co que din os invitados que ocupan hoxe estas páxinas. A todos, ós que nos escribiron, ós que nos lean e a tódolos demais, saúde neste 25 de xullo de 1977.



¡A nosa Terra é nosa!

O noso optimismo nos de-

O galeguismo histórico (1840-1936)

XOSE-RAMON BARREIRO FERNANDEZ

No estudio do galeguismo histórico compre distinguir dous aspectos ben diferenciados: 1) O proceso de consolidación dun ideal autonomista que en cada época adoptou un estilo ou forma peculiar de manifestarse (provincialismo - federalismo - rexionalismo - nacionalismo). 2) A incidencia deste galeguismo no proceso transformador da sociedade (1). Se do primeiro dos aspectos hai xa estudos solventes que permiten reface-lo longo camiño da nosa reivindicación galega, do segundo cáseque estamos nos inicios. Por iso permítome adiantar, a modo de hipótese, algunhas ideas que poden axudar á análise deste segundo aspecto que é o verdadeiramente fundamental pra interpreta-lo galeguismo histórico.

I. O predominio da intelectualidade (1840-1868)

Calquera que sexa a posición que un historiador adopte sobor dos factores que motivan a aparición dos nacionalismos (2), estudiando en concreto o caso galego, non se pode dubidar do papel protagonista da intelectualidade na aparición do galeguismo na década dos anos corenta (3). Pro é conveniente precisa-los termos pra non caer nunha logomaquia que xa ten moitos servidores. Salienta-lo papel protagonista da intelectualidade na eclosión do galeguismo non significa acepta-lo «culturalismo» do galeguismo primeirizo. O «culturalismo» é unha etapa a que se chega cando o galeguismo, apurrado polo centralismo estatal ou mal encamiñado polos dirixentes, deixa a loita política pra se refuxiar na cultura como unha forma de supervivencia.

O galeguismo débelle a aquela primeira xeración intelectual de 1840-6 o descubri-la singularidade sociolóxica e histórica do pobo galego, o inicia-lo proceso de desperta-la conciencia colectiva non só dende instancias culturais (xornais, manifestos) senón embarcándose na aventura dun levantamento que rematou nos asasinatos legalizados de Carral e no exilio portugués, francés e inglés.

O galeguismo débelle a segunda xeración intelectual (1854-1868) o mante-lo ideal galeguista, o descubri-lo papel diferenciado e reivindicador do idioma e o eleva-la nosa literatura a niveis se cadra aínda non superados.

Agora ben, o programa económico e

político deste galeguismo era moi vaporoso. Hai unha denuncia moi concreta da situación económica de Galicia (4), do seu atraso e apuntan moi claramente ós responsables: centralismo, ruralismo, lexislación estatal, pasividade dos galegos... Pro en realidade non hai un programa mínimamente revolucionario. Apreixada a estrutura agraria polos tentáculos do foro, os intelectuais non presentan opción ningunha de cámbao; escravizados os mariñeiros polo sistema empresarial montado polos cataláns nas nosas costas (5), os intelectuais só pensan nunha liberación arancelaria e na rebaixa do sal pra que as empresas aceleren o seu ritmo produtivo e aumenten os beneficios, pro non se decatan que sen cambea-las relacións mariñeiro-empresa a escravitude aumenta.

¿Significa isto que hai que aceptar un vencello entre burguesía e intelectualidade galeguista? ou dito doutra maneira, ¿foi a intelectualidade un poder máis, un instrumento máis da burguesía galega no seu proceso de desenvolvemento económico? Esta hipótese non atopou aínda a necesaria sustentación documental. Máis ben coído que hai que orienta-las investigacións noutra dirección. Estes intelectuais proceden masivamente do funcionariado e das profesións liberáis (fillos de abogados, médicos, boticarios, notarios) que neste intre son unha rama un pouco desclasada da fidalguía galega. Noutro lugar escribín (6) que debemos distinguir a comenzos do século XIX hasta 4



ANTÓN VILLAR PONTE

tipos de fidalguía: a *fidalgúa da terra*, é dicir, os herdeiros do título fidalgo e da terra vinculada que vivían exclusivamente de rendas; a *fidalgúa orientada ó clero* (bispos, coengos, abades, ou simples beneficiados, que tamén vivía de rendas procedentes da terra; a *fidalgúa adicada a profesións liberáis* (funcionarios, abogados, médicos, etc.) que só en parte viven dun soldo ou duns ingresos aleatorios, xa que disfrutaban igualmente de rendas de terras que recibiron nas partillas e que teñen afora-

das; en derradeiro lugar, a *fidalgúa orientada á milicia* que na súa meirande parte vive dun soldo. A dependencia económica determina o seu compromiso político. Os que viven exclusivamente da terra militan no campo carlista (7), partido que lles asegura a inmovilidade da situación da terra e a recuperación dos dereitos do Antigo Réxime. Isto explica que o carlismo galego estea nutrido de fidalgos con título e cregos. Os que viven en parte da terra e en parte da súa profesión, amosan certa independencia do carlismo ou unha militancia puramente ideolóxica. Polo contrario, os fidalgos militares son masivamente liberáis ou anticarlistas. Os fillos dos fidalgos militares e adicados a profesións liberáis viven necesariamente nas cidades, recollen as ideas máis avanzadas, estudian na univervidade. Todos eles farán parte do galeguismo primeirizo. Máis que falar dun vencello burguesía - intelectualidade galega, penso que compre falar dun vencello fidalguía segundona e cidadá e galeguismo. Quizaves isto explique o seu tradicionalismo, o seu catolicismo, a marxinalización do pobo que apenas merecía deles máis que unha atención piadosa, o non enfrentamento coa estrutura agraria da que en certa medida dependían e procedían e asimismo o desafecto con que falan dos burgueses cataláns (8). Isto tamén pode explica-las limitacións do seu programa económico e político e o mínimo consenso popular que conquistaron.

II. O primeiro intento dun populismo galeguista (1868-1875)

No ano 1873 e nunha comunicación a un Congreso de Historia en Santiago (9) propoñía como hipótese a verificar, o vencellamento entre federalismo republicano e galeguismo nos anos 1868-1875. Naquela comunicación que foi contestada con máis palabras que ideas e dende eidos non precisamente da ciencia histórica, sostíña que o federalismo conquerira, por vez primeira, un galeguismo interclasista, que fixera un programa económico de reforma agraria pra Galicia, que se encarou enerxicamente cunha programación autonomista (a primeira feita en Galicia no ano 1873) e que tentou de chegar ó pobo por medio dunha nova estratexia proselitista. As investigacións que se están a facer sobor do período, especialmente a que fai Xan Moreno Gonzáles (10) que son un modelo de precisión na procura de datos e tratamento hermenéutico dos mesmos, confirman unha por unha aquelas hipóteses.

a) O vencellamento entre federalismo e galeguismo está definitivamente probado por unha serie de indicadores: a Constitución do Centro de Iniciativas

pró Desenrolo de Galicia; as proclamas do partido federalista; a prensa máis federal. Ramón Faginas, federalista, socialista e galeguista (decatémonos da triple militancia) director do periódico «El Deber» de Pontevedra, defende de cotío o programa galeguista do federalismo republicano: «Te bastas a tí misma, dí en certa ocasión (11) e referíndose a Galicia, para vivir feliz e independente y progresar con rapidez en todos los ramos». F. Barreriro, federalista de Santiago, ante o *Club de Defensa de Galicia*, pronuncia en 1873 as seguintes verbas: «Ante Galicia no debe haber Carlos VII sino un gallego. Ante Galicia no hay Alfonso sino un gallego. Ante Galicia no hay reyes, ni poderes divinos inamovibles e irresponsables sino un gallego. Un gallego que como poder responsable y amovible rija nuestros destinos, y un Congreso Gallego que atienda la gestión de hacienda... y responda el pueblo de sus actos» (12).

b) O populismo deste galeguismo: por vez primeira o movemento galeguista programa accións de captación de prosélitos a nivel popular, de am-

pliación da base no intento de convertilo galeguismo nun movemento de masas. Só así pode explicarse a proliferação de folletos dirixidos ó campesinado e ás clases medias, como os redactados por Pérez Costales, Esteban Quet e Gallardo (13), nos que en forma sinxela se lles explicaba o federalismo galeguista e a necesidade de se liberar dunha vez por todas da escravitude dos amos das ideas e dos amos das terras. Só así se explica que os deputados federáís de Lugo e Ourense lles pediran ós campesiños que cuestións pensaban que debían abordar nas Cortes de

1873 e a resposta foi a da reforma agraria. Os deputados federáís galegos, encabezados por Paz Novoa conqueiron que as Cortes aprobaran en 1873 a primeira reforma agraria galega mediante a redención de foros. O federalismo galego protagoniza motíns populares contra as quintas e contra o pago das contribucións. E deír, por vez primeira, o galeguismo chegou ó pobo e este non lle negou (nin llo nega nunca cando se lle sabe chagar e falar e axudar no que necesita) os seus votos en 1873 cando Galicia enteira votou masivamente polo partido federal galego.

III. O galeguismo conservador: o rexionalismo de Brañas

A dereita galega decatouse, xa no sexenio (1868-1875) da necesidade de asumilo ideal galeguista no seu fardel de pretensións políticas. No ano 1873, pouco antes de constituirse a República Federal, o xornal monárquico-alfonsino de Lugo *El Eco de Galicia*, adicou varios artigos a defende-la idea de «Galicia para los Gallegos» (14) que neste caso tiña una evidente intención antifederal e socialista xa que se trataba de que Galicia estivese dirixida e mandada pola Galicia verdadeira, é deír, a Galicia tradicional que tiña que opoñerse á «barbarie» socialista e federal de cuño, pra eles, extranxeiro.

Cando en 1875 a espada impón de novo en Madrid un goberno conservador que dará paso á chamada Restauración, a dereita galega orientase de cara a asumilo galeguismo, ou o que é o mesmo, de cara a manipula-lo galeguismo convertíndoo nunha forma máis que amparara os seus intereses de clase. Brañas foi o líder, xa que poseía unha serie de cualidades que o facían indiscutíbel: novo, intelectual, catedrático da universidade, aparentemente non comprometido cos poderes oligárquicos, e sobor de todo, católico o que o facía grato á xerarquía e clero galego. Facendo corro con Brañas formaron neste galeguismo nomes moi conspícuos das finanzas ou do latifundismo galego como Díaz de Rábago, Vizconde de Almeiras, Romero Blanco, Cabeza de León, Barcia Caballero, Vázquez de Mella, Arias Sanjurjo, etc. A entrada masiva do clero (o traveso de Vázquez de Mella e Brañas) representado por coengos como Ramón Bernárdez, Portal, Marcelo Macías, López Ferreiro, ou daquela simples clérigos como Lago González, Cerviño, Oviedo Arce, etc. Inclinou aínda máis á dereita o movemento galeguista, xa que todos ou cáseque todos estes cabezas de serie clericáís eran integristas en materia doutrinal.

Isto suposto é lóxico o plantexamento antipopular que adopta dende o pri-

meiro momento o rexionalismo. Rexionalistas, e moi ilustres, son os que en 1874, ós poucos días de caí-la República, piden a inmediata suspensión da lei de redención foral (ante outros firmantes da oligarquía galega do momento e galeguista, aparecen os nomes de Olímpio Pérez, Pais Lapido, Pérez Santamarina, Bernardo Santaló, Urbano Anido, etc.) (15) que consíguen o 20 de febreiro de 1874. Rexionalistas, como Díaz de Rábago (16) e Brañas (17) son os que ó estudia-lo tema da reforma agraria no mundo manipulan conscientemente o tema sostendo que a única solución do mesmo está na descentralización económica (18) fuxindo de tomar unha postura que tiña que enfrentalos ou co pobo ou coa oligarquía rentista que dominaba o galeguismo rexionalista. Rexionalistas foron os que nunha longa campaña pseudocientífica defenderon as ventaxas do foro por medio de escritos (19). En plena euforia foral o ilustre rexionalista vizconde de Almeiras escribía a seguinte estrofa:

*«Fora contos, fora sonos
pra dete-la emigración,
fay dos xornaleiros donos
con foros na terra ponos
e baixa a contribución.*

*Si algún que está no poleiro
facendo de cabaleiro
contra os foros berra all,
ou é cego, ou mentireiro,
ou non sabe o que eres ti» (20)*

As únicas excepcións a tanto interés, a tanta miseria, foron os poetas engaiolados por Brañas que, polo menos, mantiveron a dignidade do silencio.

Aquel galeguismo, que aportou importantes estudos históricos e xurídicos, non podía interesar ó pobo. Pra rematar vou copiar un anaco da primeira páxina do órgano oficial do partido rexionalista «La Patria Gallega» (21) escrito por Brañas que fai un sinxelo resumo do que foi aquel galeguismo: «Constituida se halla, pues, la gran aso-

ciación regionalista gallega, bajo los auspicios de la histórica y veneranda institución de los Juegos Florales, que viene a ser como el compendio y resumen de nuestras aspiraciones, puesto que reflejándose en las obras poéticas

y literarias de un país, las ideas y los sentimientos que lo dominan, por las obras de nuestros ingenios llegaremos pronto a saber lo que pensamos, sentimos y queremos». Esto foi, máis ou menos, aquel rexionalismo.

IV. O nacionalismo galego das irmandades da fala

Na primeira década do século XX o galeguismo era un río con moitos brazos. Había un galeguismo federal, restos daquel federalismo galego da Primeira República, un galeguismo rexionalista desmigallado dende a morte de Brañas en 1900, e un rexionalismo independente, sentimental e racional de moitos galegos que esperaban un proxecto novo e suxestivo. O agrarismo revolucionario que xorde no pobo como unha lóxica saída ó ser taponada a reforma agraria polo rexionalismo, (non falamos do agrarismo «amarelo» patrocinado pola Igrexa e polos partidos

Viqueira, Risco e demais si querían entrar na política non tiñan máis que dúas opcións: poñerense a cola agardando o favor e apoio das grandes familias caciquís galegas que tiñan repartidas as circunscricións electoráís galegas (os Bugallal, Montero Ríos, Gasset, Riestra, etc.) na espera de que lles regalaran unha acta de deputado, ou unha alcaldía, ou faceren algo novo, limpo, que ó mesmo tempo que rompera co caciquismo creara unha solución de futuro. Foi o que fixeron creando o partido nacionalista.

A súa procedencia inclinounos a per-



PEDRAYO: O GALEGUISMO HISTORICO

conservadores na década dos anos 10), non podía ver con bos ollos o movemento galeguista que se lle amostraba na forma reaccionaria dos rexionalistas de Brañas. Todo indicaba que urxía unha nova solución galeguista que aparece en 1916 nas Irmandades da Fala. Non é este o momento de desenrola-lo seu ideario político e económico (22). ¿De onde viñan os das Irmandades da Fala? ¿Qué representaban o querían? Procedían na súa meirande parte da pequena burguesía cidadá e vilega (23), da clase media de comerciantes e burócratas. E unha xeneración de mozos que estudia-ron nas universidades españolas e tamén nas europeas, cun respaldo económico, intelectual e social que lles permitía aspirar a unha participación na política. Os Villar Ponte, Losada Diéguez, Peña Novo, Porteiro, Cabanillas,

curar solucións burguesas. Non coñecían o pobo mariñeiro e labrego máis que a través dos estudos ou das ensoñacións poéticas. Apuntáronse ás clases medias, invitándoa de cotío a formar parte do nacionalismo (24). Marxinaron ó campesinado e ó home do mar. Pra conquero-lo asalto ó poder precisaban atrae-lo consenso popular que tiña a oligarquía caciquil. Tentárono de dúas maneiras: cunha campaña despiadada contra o caciquismo e movilizándoa a gran masa (pro sen contaren con ela como protagonista do cámbio) encol do ideal nacionalista.

No ideario dos das Irmandades rapítase con insistencia a necesidade da independencia galega nos sectores da economía, da cultura e da política. A autonomía integral era e sería a solu-

ción de tódolos problemas. Mentres sostiñan estas posicións maximalistas, o agrarismo plantexaba problemas moi concretos: como a redención do labrego, mentres que mariñeiro a soas pro sen descansar ía liberándose da escravitude das fábricas adquirindo cos cartos que viñan de América, os barcos e as redes. E decir, o nacionalismo das Irmandades apuntaba tan lonxe, subía tan algo que os homes da terra non os podían seguir. Por iso lles pareceu pouca cousa pronunciárense cando o 13 de outubro de 1916 a Guardia Civil mataba a varias mulleres en Nebra, ou cando en agosto de 1917 Galicia enteira se paraliza cunha folga. Faláron e apoiaron tódolos grupos menos ó nacionalista que seguía mirando as estrelas mentres as mulleres morrían e as leiteiras negábanse a reparti-lo leite ós señoritos.

E lóxico que este nacionalismo que se presentou en 1918 ás eleccións, apoiado pola burguesía catalana, que lles deu non só apoio moral senón tamén cartos pra conqueriren un fronte nacionalista nas Cortes, fracasara en forma total. O pobo non esquencé.

Este fracaso, a morte de Porteiro e Viqueira e o liderazgo de Risco van esplica-la sorte futura deste nacionalismo que dende 1920 se fai apolítico e se agacha nas reboticas, nas covas culturais, cuidando da cultura galega.

V. O partido galeguista

Cando a Ditadura de Primo de Rivera escomenza a desfacerse, os grupos galeguistas reconstrúense. En 1929 aparece a ORGA. En 1930, no pacto de Lestrove constitúese a FRG (Federación Republicana Galega), nutrida pola ORGA, Partido Radical e Alianza Republicana, que vai asumir-la representatividade política do autonomismo galego. Cando a ORGA, elemento fundamental da FRG, morre en 1934 ninguén chora a súa morte.

O verdadeiro movemento galeguista está representado polo Partido Galeguista constituído en Pontevedra en 1931. Alí están Castelao, Bóveda, Filgueira, Paz Andrade, Otero Pedrayo, Risco, Carballo Calero, Martínez López. O seu programa (25) apunta a unha postura de centro, un pouco ambigua, que só adquire un pulo popular polo carisma dalgún dos seus dirixentes, especialmente por obra de Castelao. Namentres non se faga outro tipo de investigacións hai que acepta-las conclusións de Bozzo que acusa ó partido galeguista de ambigüidade especialmente en certas actitudes nos confitos pesqueiros en Vigo no vran de 1932 (26).

O partido galeguista sí conqueru nunha ampla, intelixente e metódica campaña, a aprobación masiva do Estatuto galego que foi, sen dúbida, o seu máis clamoroso éxito.

Mentres o partido galeguista procuraba atraer ó seu ós grupos galeguistas que permaneceran aínda á marxen, e tentaba por tódolos medios soste-la súa unidade interna ameazada pola disensión da dereita católica outro galeguismo, o dos «arredistas» ultra nacionalista mantiña as súas cotas dende América. Logo veu o 36 e escomenzaron os asesinatos legáis, os exilios, as persecucións. Pro esta é xa outra historia.

- (1) P. Arias e Ramón Máiz, *La cuestión nacional en Galicia. Notas para un enfoque*, Zona Abierta, 11 (1977) p. 57
- (2) *Unha relación ampla en Smith, Las teorías del nacionalismo*, Barcelona 1976.

- (3) Ve-lo meu libro *El Levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago 1977, capítulo 3.
- (4) Ver «El Idólatra de Galicia», op. 4 e ss.; *La Situación de Galicia* nos. 3, 4, 23, 27. El Porvenir, pp. 27, 31, 107. Xornaes todos do período 1841-5.
- (5) O tema catalán está merecendo unha investigación que as máis recentes publicacións non foron capaces a responder.
- (6) *Los Gallegos*, Madrid 1976, pp. 136-7.
- (7) Cfr. *El Carlismo Gallego*, Santiago 1976.
- (8) A literatura anticatalá que, polo menos, escomenza no XVIII con Somoza de Monsorru e Cornide, manténse no século XIX nos xornáis máis coñecidos como *La Situación de Galicia*, *El Porvenir*, *El Recreo*, *El Idólatra*, etc.

- (9) I Jornada de Metodología Aplicada de las Ciencias Históricas. 1973.
- (10) O traballo, cáseque ramatado, levará por título «*O federalismo Galego no sexenio 1868-1874*». Quero agradecerlle as facilidades dadas prá utilización do seu material.
- (11) *El Deber*, nº 25 (24 maio 1873).
- (12) Discurso recollido nunha folliña, cedida por Xan Moreno González.
- (13) Pérez Costales, *La verdad a las aldeas*, La Coruña 1869 e Coruña 1873. Esteban Quet, *Conferencias populares dedicadas a obreros y campesinos de Galicia*, Santiago 1869. Gallardo, *La República Democrática federativa*, Pontevedra 1869.
- (14) *El Eco de Galicia*, enero 1873.
- (15) *Diario de Santiago* 23 xaneiro 1874.
- (16) Díaz de Rábago, *El Crédito agrícola*, Santiago 1883, cap. XIV.
- (17) Brañas, *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional*, Santiago 1892, p. 48 ss.
- (18) Brañas, op. cit. p. 72.
- (19) Barcia Caballero, *La cuestión agrícola*, Rev. Soc. Amigos del País I, nº 11.; Parga Sanjurjo, *Ibidem*, pp. 679-686; Martelo Paumán, *El laudemio*, Coruña 1899.
- (20) Martelo Paumán, *Vizconde de Almeiras, Líricas Gallegas*, Coruña 1894.
- (21) *La Patria Gallega*, 1891, nº 1.
- (22) *O profesor Ramón Villares e máis eu levamos unha comunicación sobor deste tema ó Coloquio de Pau, desde ano.*
- (23) Méndez Ferrín, «*Reflexiones desde Galicia*», en *Los Españoles. Extraordinario da revista «Triunfo»*, 532, 9, 12, 1972. Artigo que proxecta moita luz sobor do tema e esclarece non poucas súbidas.
- (24) *A Nosa Terra* 5, 25, 12, 1916; 6, 5, 1, 1917.
- (25) C. Zubillaga, *El problema nacional de Galicia*, Montevideo 1974, p. 53.
- (26) Bozzo, *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia 1931-6*, Madrid 1976, p. 196.




O nacionalismo galego baixo o franquismo

X. VILAS NOGUEIRA

1.—A situación inicial

O réxime do xeneral Franco levou a extremos de máximo rigor o uniformismo asimilista español. Desfeitos os primeiros intentos de postguerra de reartellamento do Partido Galeguista, consolidade o réxime español coa complacencia, mais ou menos vergoñante, das potencias imperialistas, tense de agardar ás primeiras manifestacións de mínima liberalización do sistema, alá polo cabo da quinta década do presente século, pra que sexan perceptibles, ben que no plano da clandestinidade, novos sinais de nacionalismo galego.



De entón data a reanudación da actividade cultural galega. Esta reactivación cultural xorde no seo dunha controversia política —naturalmente clandestina—, que marca o comezo dunha nova fase do nacionalismo galego. Na controversia enfréntanse, por unha banda, a tese de que ante a imposibilidade, pola impiedosa ditadura española, de levar a cabo unha acción especificamente política cumpría refuxiarse no terreo cultural, consagrándose á tarefa de salva-la cultura propia como raíz diferencial e eido de coincidencia de tódalas opcións diferencialistas.

Esta tese descansaba, á súa vez, nunha comprensión da realidade económico-social galega como de sociedade «integrada», allea a conflitos de clase, substituídos no noso país por un antagonismo cultural rural-urbano (a cultura propia representada polo sector rural; a cultura española, polo urbano). Póde-se atopar unha formulación «auténtica» desta posición en «Las clases sociales en Galicia», artigo editorial da *Revista de Economía de Galicia*, n.º 7-8, xaneiro-abril 1959.

2.—A «importación do marxismo».

Por outra banda, sostíñase a tese de que o nacionalismo galego, nesta altura histórica e dada a estrutura económico-social do país, só era viable incorporándose unha perspectiva de clase traballadora, e xustamente por esta súa base popular esixía, pesía ás dificultades do momento, unha acción política específica. E nesta óptica que xorde

no 1964, a Unión do Pobo Galego (UPG). Como o seu nome revela, os seus fundadores eran conscientes da inmadurez das condicións obxectivas prá constitución dun verdadeiro partido de clase, que asumira ó propio tempo o obxectivo estratéxico do sector máis lúcido do vello Partido Galeguista: a liberación nacional. Pro tamén foron conscientes de que a vía dun nacionalismo populista agrario, a grande tentación pequenoburguesa do galeguismo precedente, non levaba a ningures. Na síntese obrigada que impoñen os límites deste artigo, poderíase dicir que o proxecto político inicial da UPG conformábase baixo dúas influencias dominantes: a asunción dunha estratexia de liberación nacional de corte terceiro-mundista, incorporando Galicia á loita antiimperialista mundial, e a asunción da inspiración marxista-leninista pra efectivizar aquela estratexia, o que lóxicamente culminaría, no seu momento, na constitución dun verdadeiro Partido comunista galego.

Pesía ás dificultades de «despegue», pesía á relativa ambigüidade na formulación o seu proxecto inicial, pesía ós erros e desviacións que lixaron a súa teoría e a súa práctica, a deuda dos partidarios da liberación nacional de Galicia e do socialismo coa vella UPG é considerable.

Sen o seu traballo tería sido imposible o relativo crecemento do movemento nacional-popular, sen o seu traballo sería inexplicable o que chamaremos a «difusión do nacionalismo».


Pro, a partir aproximadamente do 1974, faise presente, e cobra cada vez máis importancia no seo da UPG, unha tendencia que vai degradando a liña política da UPG a mentida lexitimación retórica, coincidindo na práctica coa peor tradición do galeguismo dereitista de negación da loita de clases, substituíndo o antagonismo de clases por unha contradición meramente ideolóxica, «nacionalismo vs. españolismo», que se erixiría nada menos que en contradición principal na nosa terra. Esta liña progresa con bastante rapidez no control do aparello do partido, utilizando un sectarismo crecente, tanto cara ó interior do partido coma cara ó exterior, e acentuando un patrioteirismo dereitista cada vez máis incompatible co sedicente carácter proletario e comunista de tal organización. Non hai moito produciuse unha tentativa de recuperación da liña histórica da UPG, pro os resultados desta empresa están aínda por ver.

3. — A «difusión do nacionalismo».

Cóntase que nos tempos republicanos, Benigno Alvarez, segundado por outros compañeiros, pulara pola independencia orgánica do Partido comunista en Galicia. A idea non callou, poida que só por falla de tempo. O que si ficou documentado é que o Partido Comunista Español nas propostas que, por medio do seu Secretario Xeral, José Díaz, fixo ó PSOE, en tempos da guerra, prá unificación dos dous partidos, pronunciouse explicitamente pola autodeterminación nacional do pobo galego.

Pro este obxectivo foi abandonado polo PC da postguerra que, como noutros aspectos da súa liña, se foi distanciando progresivamente dos seus precedentes republicanos

pra abocar ó actual eurocomunismo. Porén, a finais da década pasada, a crecente presión idolóxica da UPG aconsellou ó PC engadir un «G» prá



No. 1 • SANTIAGO DE COMPOSTELA • 1965 •

PORTA

Iste primeiro número de TERRA E TEMPO quere chegar a ti, compañeiro, coas palabras auténticas da nosa terra; cca voz do labrego, do mariñeiro e do obreiro industrial, que compoñen os tres estamentos fundamentais da nosa nacionalidade.

Podes ter a certeza de que esta folia levará ao teu ánimo —ferrolado pola ditadura— o aire reconfortante do galeguismo novo, revitalizado na loita clandestina pola liberdade e construído cara o tempo de hoxe a patria de sempre.

E podes estar seguro, asimesmo, de que esta folia endexamais che falará defendendo os intereses ou as comenencias dos señoritos desleigados, nin dos espolladores do noso patrimonio, porque esta caste de xente non pertence a Galicia, anque eliqu, vexetivamente, naza, madre, se reproduza e morra. Caste noxenta, que vive coma parásita á conta do país, situada de cú perante os seus problemas.

Ao chamado derechismo (composto por unha clase media dimitida e desertora da súa función na sociedade galega, e por unha burguesía novo-rica, noxenta mandadeira do grande capitalismo españolista) faremoslle unha guerra sin cuartel, porque el é o único responsable das nosas desgraças: son os que zugan coma vampiros económicos os produtos do traballo desarraigado das nosas xentes laboriosas. O seu idioma é o castelán, a súa moral é a beatería hipócrita castelán, a patria que proclaman é isa cousa triste e sanguenta que chaman España. Non unha ftespaña erguelta nas realidades dos pobos diferenciados da Península, sinón unha España mesquiña, lilla de achego dos tópicos patrioteiros e falaces do século XVIII que, no 1936, saíu á rúa, resguardada, pola metralla, pra a cómica, senon fora tráxica, aventura dun Imperio hacia Dios que custóu milloiros de mortos a nosa terra. Tes que saber, emporiso compañeiro, que esta folia chega a ti atelgada da realidade biolóxica, viva, do pobo galego, do pobo traballador de Galicia. E chega a a ti pafa dar testemuña de presenza da presecución e da inxusticia que o Estado Español exerce con ira fría, con meditada ira destructora, da nosa nacionalidade. E chega a ti para lembrarte de que a nosa terra ten dereito a elexir o seu propio destino no mundo, como elexiu Ghana, Arxelia ou incluso a minúscula Malta; e que iste dereito, estabelecido na Carta das Nacións Unidas, é irrenunciabel e sagrado, porque nel está mergullada a nosa persoalidade colectiva. O pobo galego, vítima da forza opresora da ditadura capitalista e ollgárguica, afúndese cada día máis na ruína económica e intelectual, no ermo dos campos e no ermo das mentes. Mentras se eleva o «standard» de vida das clases privilexiadas, mentras o señoritismo burgués engorda á sombra da corrupción e do com-padrégo, dos enchufes múltiples e dos créditos ao rico, o pobo galego, miserento i empobrecido, protesta ao seu xeito: suicidándose na emigración masiva.

Diante distes feitos, TERRA E TEMPO é a única voz que, sobre a maltratada xeografía da nosa terra ergue o seu berro pra pedir unha patria verdadeiramente nosa, nova, popular e democrática. E a única voz que, neste martirio interminabel de 25 anos de paz sepulcral, se ergue pra afirmar o seu desexo dunha Galicia libre, gobernada polo pobo traballador i en función do pobo traballador.

identificación da súa organización en Galicia e, no terreo dos obxectivos programáticos a defender cada vez con mais énfase o Estatuto de Autonomía do 36. O exemplo do «G» adicional foi progresiva e maioritariamente seguido polas organizacións dos partidos de esquerda que operan en Galicia; a reivindicación do Estatuto bastante menos. Unha e outra cuestión convertíronse no centro da polémica entre a oposición de esquerdas en Galicia. A primeira en torno ó oportunismo ou á sinceridade da «galeguización» destes partidos. Hai unha evidencia xeral de que estes «G» non corresponden a unha independencia orgánica e a unha autonomía política destas organizacións respecto dos correspondentes partidos españois. A segunda é moito mais complexa, porque supón unha definición táctica no seo dunha liña estratéxica, e na polémica de referencia, en xeral, apenas se deslindaron claramente os dous planos. A polémica, así, ten tido unha virtualidade meramente semántica, redundante por outra parte: a identificación dos «nacionalistas» fronte ós «españolistas».

4.—Do cenáculo á práctica política.

O galeguismo tradicional renunciara á práctica política; a UPG inventara un proxecto político novo na nosa historia, non exento de ambigüedades e contaminacións *gauchistes* que, en paradoxa só aparente, entregou a organización indefensa á actual camarilla reaccionaria. Pro o proxecto da UPG supuxera non só unha creba política respecto do galeguismo tradicional, senón tamén derivativamente a representación dunha certa creba xeracional. Porén, como era esperable, non tódolos elementos da nova xeración que irrumpía a comezos dos 60 na política galeguista asumiron o proxecto UPG. Algún tempo despois da constitución deste partido naceu o Partido Socialista Galego (PSG). Presumiblemente, a vocación política deste partido era a de se erixir nun grande partido galego de masas, pra traballar preferentemente nunha perspectiva electoral

na futura democracia española, que algún día había chegar (Os seus resultados nas recentes eleccións a Cortes, que non se tratan eiquí por se sair do rubro do artigo, son indicativos da modestia dos logros presentes do PSG). Daquel xeito o PSG aturaba con moita mais dificultade que a UPG ou o PC a situación de clandestinidade, e nos seus primeiros tempos fica reducido a unha obra de cenáculo arbitrista.

A medida que amolecen as condicións da ditadura franquista, o PSG enceta unha práctica política específica. A UPG, aínda en posesión da súa liña histórica, traballa no asentamento das bases dun Frente Nacional, e así os dous partidos firman unha declaración conxunta no 73, que abriría o camiño a unha certa, aínda que variable, colaboración das dúas organizacións, deica a ruptura do Consello de Forzas Políticas Galegas (CEPG). Pero, xa con anterioridade a esta ruptura o PSG amosara unha liña un tanto imprecisa, reflexo dunha tensión, penso que aínda non resolta, entre o predominio dunha «lealtade socialista», con veleidades de integración nun eventual único partido socialista español, e o predominio dunha «lealtade galeguista», que pula na dirección dun Frente Nacional Democrático-Popular.

5.—De organizacións apartidarias e de organizacións suprapartidarias.

Un dos fenómenos mais singulares e mais importantes do nacionalismo galego nestes últimos anos é

a Asamblea Nacional Popular Galega (ANPG). A ANPG naceu a virtude dunha presión, ó tempo intensa e difusa, sentida pola UPG de dispor dunha organización de masas pra encadrar a aquelas persoas que, polo seu nivel de conciencia ou de compromiso políticos, non podían traballar no seo do partido. Esta necesidade viña sendo cuberta, de xeito parcial, coa fórmula dos «achegados» e dos «simpatizantes». Pro este recurso, que nunca funcionara ben, era agora de todo insuficiente. Cóntame que no momento de lanzamento da ANPG había xente cualificada na UPG que apenas acreditaba na empresa, e entre os mais esperanzados vacilábase entre unha concepción da Asamblea como Frente, prá integración de organizacións así partidarias coma non partidarias, e outra concepción da Asamblea como propia organización de masas, coa finalidade aludida enriba, concepción esta predominante.

Que aquela presión que deu nacemento á ANPG era reflexo da realidade demóstrao o seu rápido crecemento. Que a indefinición da súa finalidade permaneceu ven demostrado pola crise orixinaria do que hoxe é a Asamblea Popular Galega (APG). O núcleo deste grupo ingresara na ANPG como tal, estruturado de feito, aínda que non formalmente. Pola contra a ANPG apenas tiña mais estrutura cá derivada do control exercido nela polos cadros da UPG. Cando estes cadros, xa imposta a presente liña dereitista, tiveron de facer frente a un mínimo de discusión política no seo da ANPG optaron por romper cos discrepantes.

Dende entón esta é a práctica constante da actual dirección da UPG oficial. Así unha historia semellante repítese coa organización suprapartidaria Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG). Foi constituido inicialmente pola UPG, o PSG, e o Partido Galego Social-Demócrata (PGSD), este derradeiro, pequena pantasma destinada, según algúns a representar á burguesía galega. E o certo que o CFPG tivo nun momento a iniciativa política na oposición de esquer-

da en Galicia. Pouco despois de constituído ampliouse coa entrada do Movemento Comunista de Galicia (MCG) e o Partido Carlista Galego, este outra pequena pantasma. A entrada destes dous grupos abría un camiño dificilmente reversible: significaba abandonalo principio nacionalista (no sentido de se limitar ás organizacións galegas independentes), o que obrigaba lóxicamente a se atraguer ás outras organizacións de esquerdas operantes en Galicia, aínda desprovistas dunha plataforma unitaria concurrente. Seica o PC, nun momento, non estaba mal disposto pró ingreso. Pro, a dirección da UPG optou por dar marcha atrás, sentíndose incompatible co «españolista» MCG, que non era mais «españolista» que cando fora admitido, e retirouse do Consello. O PGSD, que descubrixa o dereitismo da dirección da UPG trala súa fraseoloxía revolucionaria, trocou as súas veleidades europeístas por un nacionalismo intolerante, e segundouno como cativo acólito. E o CFPG morreu de morte, como se soe decir. Entrementes o resto da oposición operante en Galicia fundara a Táboa Democrática pra executar en Galicia a operación xeral de lexitimación democrática da reforma do franquismo. Detrais quedaban as «Bases Constitucionais pra un Goberno Provisorio Galego e o Programa de Medidas Económicas», como expresión dunha alternativa táctica que puido servir como feito dinamizador e clarificador na loita pola liberación nacional e o socialismo en Galicia.

O nacionalismo cara ó futuro

XOSE LUIS MENDEZ FERRIN

O PRIMEIRO NACIONALISMO (1916-1931)

Quizáis o texto uue con meirande precisión (Risco decía que xeométrica) ten delimitado o ideario nacionalista en Galicia é a *Doctrina Nacionalista*, de Ramón Villar Ponte. A partir da lectura deste escrito lúcido, amais dos ben coñecidos de Risco e Castelao, podémonos achegar con suficiente aproximación ó que foi a doutrina política das «Irmandades da Fala» e da Xeneración «Nós». Esquemáticamente consistiría en:

- 1.º Definir a Galicia como NACION;
- 2.º Postula-lo seu dereito á AUTODETERMINACION;
- 3.º Rexeita-la INDEPENDENCIA NACIONAL e optar por un estado federal, incluído Portugal.

Toda a tradición nacionalista dende 1916 (ano da iniciación das «Irmandades da Fala») hastra os nosos días (con antecedentes nebulosos nun Murguía, nun Pondal) presenta como néboa ideolóxica os tres puntos sinalados. E podemos afirmar, sen medo a nos trabucar, que a probeza teórica ten sido tan grande que endexamais foi quen de altera-lo vello esquema. Certamente o galeguismo, como vou tentar de demostrar, ten dado xiros minimalistas, prescindindo xa da idea de nación, xa do obxectivo da autodeterminación; pro aínda non acadou asumí-la reclamación da independencia nacional en base a unha análise política coherente.

Así, a Xeneración *Nós* fai descansar-lo seu inxente labor cultural sóbor dos alicerces nacionalistas. Ou millor dito: a actitude ética e a perspectiva intelectual destes homes, nacidos na década de 1880 a 1890 (Castelao, Cuevillas, Otero, Risco, Viqueira...), só pode ser comprendida comprendendo globalmente un xeral presuposto nacionalista. Intelectuais, son incapaces de artellar un verdadeiro organismo político (a «Irmandade Nazionalista Galega» non chegou a funcionar) e a ditadura de Primo de Rivera resúltalles suficientemente disuasoria

como pra pospór cara tempos millores o paso do nacionalismo teórico á práctica política.

A PRIMEIRA RENUNCIA AUTONOMISTA (1931-1936)

E veleiqué que, súpeto, o 14 de abril de 1931 a nova legalidade re-

UPG: UN PROXECTO DE LOITA ARMADA



publicana ofrécelle a Galicia a posibilidade de obter unha organización administrativa autonómica. Esta posibilidade foi o suficientemente movilizadora como pra facer converxer en Pontevedra, a finais daquel ano, ós veteranos iniciadores do nacionalismo cos seus seguidores máis novos, entre os que destacaba Alexandro Bóveda, a fundaren aló un novo partido político: o Partido Galeguista (PG).

Temos definido o PG como de carácter pequeno-burgués, democrático e republicano. Desenvolvíase en Galicia, certamente, no mesmo espacio político que a «Izquierda Republicana», «Acción Nacionalista Vasca» ou a «Esquerra» dos cataláns, mesmo que sen a expresa militancia laicista dalgunhas destas formacións.

Polo que se refire ó punto de vista nacionalista, que é o obxectivo do presente artigo, o PG:

- 1.º abandona a definición de Galicia como nación e sustítúea por

unha fraseoloxía vaga do tipo «Galicia, sociedade cooperativa» ou «Galicia, célula de universalidade»;

- 2.º consecuentemente co de-nanterior fai perder todo senso ó termo autodeterminación, asimilándolle o contido semántico da verba *autonomía*.

O PG fixaba un obxectivo: o arrincar do Estado español un Estatuto de Autonomía, unha vez fracasado o proxecto de organización federal de España. Isto, que puidera constituir un paso *táctico* (sóbor disto non opino porque non estou escribindo en 1931) de cara á autodeterminación e mesmo á independencia total, convírtese nunha fin *estratéxica* dende o intre en que o PG deixa de profesa-los principios do nacionalismo e o seu conseguinte obxectivo de autodeterminación. O posibilismo faise, pois, oportunismo ó confundir unha posíbel fase do proceso de liberación nacional (autonomía) coa final ruptura histórica (autodeterminación, independencia).

Non foi preciso mais que a legalidade española ofrecera unha regalaxa por onde estraguer unha cativa, misérrima, insatisfactoria autonomía pra que os galeguistas abandonaran o principio da liberación nacional e aceptaran un apéndice constitucional rexionalista, o Estatuto de Autonomía. Nidiamente pódese observar que nos achamos diante dun xiro en valeiro típico da inestabilidade teórico-política da pequena burguesía, inspiradora neste caso do galeguismo.

Con certeza, esta renuncia ó nacionalismo durante os anos da República tivo os seus contestarios (Alvaro das Casas, mozos encadrados na «Federación de Mocidades Galeguistas», a «Sociedade Nazionalista *Pondal*»), contestarios que

chegaban a plantexamentos arredistas (separatistas) aínda que compre que sinalémo-la súa escasa incidencia no proceso político xeral a maila febleza das súas análises.

A SEGUNDA RENUNCIA AUTONOMISTA (1950-1963)

O 1950 parez se-lo ano no que os activistas do PG renuncian á práctica política clandestina e liquidan o partido. Esta práctica tiña consistido en contactos de cúpula con outras forzas do Estado e na participación en organismos unitarios tales como a ANFD (Alianza Nacional de Fuerzas Democráticas) ou a UIL («Unión de Intelectuales Libres»), sen descer á política de masas no seo do noso pobo e prescindindo de calisquera tipo de incidencia na resistencia militar heroica do noso *Exército Guerrilleiro de Galicia*.

Chegados ó intre da decepción política, tras de cumprir algúns deles longos períodos de cadea, estes homes —encabezados por Ramón Piñeiro— ó liquidaren o PG poñen en vigor un plan de organización e resistencia cultural arredor da súa obra fundamental: a Editorial *Galaxia*.

Un teimudo e sosegado labor de ligazón e proselitismo é protagonizado ó longo da década dos 50, e mesmo dos 60, por Ramón Piñeiro, quen difundiu unha nova versión do galeguismo que, como a do PG que el e os seus compañeiros liquidaran sen ningunha razón obxectivamente convincente, prescindía da idea de Galicia como nación e do seu dereito á autodeterminación.

Non nos interesa salienta neste intre o aspecto anticomunista do galeguismo do grupo de Galaxia, que inscribe no sistema de valores da guerra fría o sentimento patriótico de moitos galegos. Convennos suliñar un único feito ideolóxico: o federalismo europeísta, a mitoloxía da Unidade Europea que facía furor

nos anos corenta e cincuenta, ofrecía a posibilidade nun estado non español (os EEUU de Europa) no que *as comunidades básicas diferenciadas* (con este eufemismo eludíase o termo nación) como Galicia gozasen de autonomía.

Remachando: no horizonte político albíscase a posibilidade (mesmo que non inmediata) dun estado federal europeu-occidental e a conseguinte posibilidade dunha Galicia autónoma dentro del. Consecuencia: o galeguismo renuncia á idea de nación e de autodeterminación. Mais unha vez unha *posibilidade*, unha regandixa, fai renunciar ós principios; mais unha vez a pequena burguesía cede ó oportunismo, mesmo se este está baseado nunha tan lonxana esperanza como a unidade política da Europa capitalista. O erro de apreciación consistiu en pensar (con fartísima inxenuidade) que os monopolios e as grandes corporacións que tan diligentemente constituíran a CECA («Comunidade Europea do carbón e do aceiro») e o Mercado Común Europeo (amais de certas instancias de política ficción como o Consello de Europa) íanse dar boa presa en desmantela-los Estados políticos e edificar unha fremosa e idílica federación de etnias históricas. Esta vez o oportunismo descansaba (colmo da incoerencia ou da candidez) sóbor de toda unha pantasma idealista.

A contestación a este sistema de ideas (que agurgulla no círculo de Piñeiro e que, se cadra, ten como principal definidor a Ramón Lugo nun texto interno titulado «Cartas a un amigo emigrado») é mínima entre 1950 e 1964. Mínima e de calidade excepcional: Por unha banda, o Castelao, de volta da aventura oportunista do PG, escribe *Sempre en Galiza*; por outra banda, unha liña nacionalista de esquerda, e protagonizada por Luís Soto, edita no exilio primeiro «Loita» (xornal comunista e nacionalista) e logo «Vieiros» (primeira revista cultural monolingüe e nacionalista posterior a «Nós»). Por outra banda, as «Mocedades Galeguistas de Buenos Ai-

res» (Antón Moreda, Neira Vilas...) acentúan o seu nacionalismo en contacto cos homes da SN «Pondal» (Moisés da Presa, Bieito Cupeiro...). De todo este movemento de pureza nacionalista e de signo radical, incideu na mocidade do interior dun xeito especial o *Sempre en Galiza*, incidíu mesmo mais do que os liquidacionistas do PG tiveran desexado.

O SEGUNDO NACIONALISMO (1963-1977)

De cara ó ano 1963, un grupo de mozos lectores de *Sempre en Galiza*, animados por Antón Moreda (procedente das Mocedades de Buenos Aires) inician a «Operación Paloma Mensajera», que había consistir en levar adiante o seguinte programa:

1.º contactar e reunir a tódolos mozos galeguistas nunha organización clandestina, illándoos do influxo de Piñeiro e do grupo liquidacionista do PG;

2.º abandona-lo pasivismo e o traballo exclusivamente cultural e pasar ó activismo político,

3.º elaborar un novo galeguismo, nidiamente nacionalista e de esquerda.

O resultado foi un efímero Consello da Mocidade e unha escisión no movemento galeguista, que trouxo consigo a creación da UPG, que dende o seu inicio supuxo a re-

VILAR PONTE



cuperación do nacionalismo dende a raíz e dentro dunha perspectiva de esquerda revolucionaria. No primeiro dos dez puntos de 1964, UPG afirmaba: «Galicia é unha nación e como tal ten dereito á súa autodeterminación», seguindo outros entre os que destaca a oficialización do idioma e apropiación por parte do pobo dos «medios de produción, distribución e creto».

Así, a irrupción da UPG na historia supuxo un revulsivo en dous niveis. Por unha banda presentou, anovado cuns contidos de esquerda revolucionaria, o nacionalismo; por outra banda, impulsou un activismo político *de masas* de carácter galeguista, cousa descoñecida dende os anos da República e que se fai evidente a partir dos conflitos de Castrelo de Miño e da fábrica de Barreras, en 1966, intre no cal aparece por primeira vez un panfleto en galego, con contido nacionalista, incidindo na clase obreira. A presión ideolóxica obriga, deste xeito, ó PSG (nado do piñeirismo, moi relacionado coa ASO, presuntamente paga pola CIA, da que o xornal «Adiante» era bilingüe e afirmaba «NON SOMOS NACIONALISTAS PORQUE NON SOMOS REACCIONARIOS») a adoptar dun xeito progresivo e firme posicións de intransigente nacionalismo e de inspiración marxista. De tal maneira, o galeguismo autonomista fica refugado no estrito grupo de Galaxia, no que segue destacando Piñeiro como liberal e Illa Couto como demócrata cristián.

A teimuda persistencia da UPG na área política da oposición ó réxime de Franco —en contradición cos agoireiros que levan xa catorce anos dándoa por morta— foi condicionando a tódolos partidos da esquerda sucursalita até obrígalos a definicións de galeguidade, en diferentes degraos, e mais a impólo galego como verdadeira lingua oficial da conspiración antifascista.

A TERCEIRA RENUNCIA AUTONOMISTA (1977)

A partir da morte do Ditador é á

sombra da Reforma cando xorde a terceira renuncia ó nacionalismo.

De primeiras, a UPG (e mailas organizacións de masa encadradas na ANPG) aparecen á luz poseídas por un furor extremadamente nacionalista. Arbitrando o «Consello de Forzas Políticas» (no que conviña coas forzas de dirección nacional e neutralizaba ós calristas e a un MC de dirección española), cunha total hexemonía nas organizacións da ANG, a UPG desatou unha dura dinámica antiautonomista centrada na campaña contra a reinstauración do Estatuto de 1936.

Moi axiña, a forza das cousas obriga á UPG a ofrecer unha alternativa á proposta de dito estatuto. E había que responder con algo mais que coas aleluías AUTODETERMINACION, ESTATUTO NON. E a UPG presenta, en consonancia co CFPG, un texto alternativo: «Bases constitucionais pra un pacto federal e de Goberno Provisorio galego». Este texto non é senón, un *proyecto autonómico* mais.

Chegados a este punto, caberían dúas alternativas. Ou ben se valoraban as bases coma un paso táctico, como unha manobra conxuntural de cara á autodeterminación; ou

ben se asumían como obxectivo estratéxico, totalizador, final. O optaren os dirixentes da UPG — roto xa o CFPG — pola segunda actitude política, aproximábase ós criterios dos galeguistas de 1931 en percura do seu estatuto de autonomía.

Finalmente, o xiro no que UPG abandona o nacionalismo estrito e adopta unha forma vaga e inconcreta de autonomismo prodúcese no intre en que decide inscribirse na legalidade española e participar nas eleccións xerais da Reforma de Suárez. Como os galeguistas do PG, en 1931, os galeguistas da UPG de Francisco Rodríguez e López — Suevos vense pillados na trapa do poder e participan nas eleccións en base á renuncia do ideario nacionalista orixinal, así como dos postulados comunistas do partido. Na súa campaña, e despois da campaña, substitúen o principio de autodeterminación por un nebuloso concepto autonomista que se concreta en consignas tales como «unha Galicia próspera, de seu e democrática» ou «Gobernemos nós a nosa terra». Esta renuncia é enmascarada cunha violencia verbal extremada que lles serve pra cega-la única verdade: o sometemento ó sistema democrático burgués de Suárez e a perda de toda ponderación racional dos datos políticos.

Deste novo autonomismo cabe decidir que nin tan xiquera está formulado de xeito coerente. Unha vez máis a pequena burguesía atópase incapacitada pra dar resposta a unha situación democrática formal; unha vez mais cae no oportunismo. Esta vez, a dirección «patriótica» da UPG cae nun oportunismo que nin xiquera sabe formula-la súa propia alternativa, que non sería outra que un Estatuto autonómico. De todas as renunciadas autonomistas, a dos dirixentes pequeno-burgueses de UPG é a mais inconsistente dende o punto de vista ideolóxico.

No intre histórico do postfranquismo combínase o xiro oportunista da dirección «patriótica» de UPG coa reaparición política dos liquidacionistas do PG. Así Ramón



RAMON PIÑEIRO

Piñeiro inspira o *documento dos 25* e presentase ás eleccións pra Senador mentres Illa Couto promove, aliado coa dereita española, un PPG rexionalista e castelán falante.

Eis o punto en que, por razóns de clase e por razóns de estratexia revolucionaria nacional-popular, os membros marxistas-leninistas da UPG agrúpanse e afortalan a liña obreira comunista do seu partido, nacionalista é, xa nidiamente, independentista.

PERSPECTIVAS DE FUTURO

Non se pode xogar ó oficio do profeta; resulta frecuentemente necio. Agora ben, é un feito que a actual división do galeguismo ten que ser superada. Non cabe dúbida de que somos moitos os que desexamos ver medrar e robustecerse unha Asamblea Nacional-Popular Galega, na que exista democracia interna e dereito de tendencia. Isto

por exemplo, faría unirse pola base, na práctica de masas, a tódalas forzas políticas — nacionalistas ou autonomistas — de dirección galega e representativas de intereses populares.

Por outra banda, a remodelación das actuais forzas políticas é unha realidade que irá desenvolvendo o seu proceso nos próximos meses, en contacto coa crise e co malestar social que desencadearán sóbor do noso pobo as medidas do Prof. Fuentes Quintana. Poñamos un só exemplo: un novo partido social-demócrata, nacionalista, marxista e non leninista, está xa a prepararse en torno ó documento titulado «Unha alternativa prós traballadores de Galicia». Este partido viría a modificar sustancialmente o panorama da esquerda galega e a recoller a moita militancia honesta e sinceramente social-demócrata.

Pro a conclusión fundamental da miña análise é como segue.

A pequena-burguesía galega, inspiradora de todo o galeguismo, cambea o seu nacionalismo teórico por estreitas fórmulas autonomistas de cada vez que o Estado lle abre unha posibilidade legalista. En tales intres, a aplicación política dos principios de nación e autodeterminación non se leva a termo. A pequena burguesía, clase indecisa e indefinida, amosra unha incapacidade real pra facer chegar hastra o seu fin (autodeterminación pra independencia) os principios do nacionalismo galego que ela mesmo creou.

Emporiso, só unha clase consecuentemente revolucionaria, a clase obreira, está hoxe capacitada pra asumir a dirección do movemento nacional-popular e arrastrar tras de si ó resto do pobo galego cara ó obxectivo da autodeterminación. Por suposto que a clase obreira galega deberá contar, pra este labor histórico, co seu instrumento máis eficaz: o partido de clase deseñado no seu día por V.I. Lenin.

CARLOS VELO



Euzkadi e Catalunya:

O día das nacionalidades

Os pobos teñen por costume a celebración da súa festa nacional na data na que conqueriron a súa independencia e escolleron o camiño da liberdade. Caso illado, os cataláns conmemoran no 11 de setembro —1977 é o 263 cabodano— a *Diada de Catalunya*, nada en 1714 cando aquela nación irmá vía destruída a posibilidade dunha Catalunya libre nunha España unida. As violentas represións que, ano tras ano, caen enriba dos lombos e das testas vascas, tamén lle dan ó *Aberri Eguna* especiais connotacións á convocatoria. XAVIER NAVAZA recolle algúns datos encol das dúas manifestacións.

A historia dunha derrota

No aspecto militar, o once de setembro de 1714 foi a fin da resistencia catalá ás tropas de Felipe V e supuxo, á mañá seguinte, a ocupación da capital do *Principat Catalá*, derradeiro reduto importante na loita do pobo catalán pra conservar —diante do uniformismo centralista de Castela— as institucións políticas que gobernaban Catalunya desde a Alta Edade Media. Institucións que os cataláns soberanos manter, sen fendeduras, durante os séculos XVI e XVII, a pesares dos repetidos intentos dos monarcas da Casa de Austria —sobor de todo a partires de Felipe II— de se inmiscuir na dirección política de Catalunya.

Políticamente, a *Diada* trouxo, pois, a destrución violenta de tódalas institucións catalás, a asimilación forzada da estrutura administrativa e mais económica de Catalunya á de Castela e a fortísima represión, a tódolos niveis, daqueles cataláns que se comprometeran na resistencia contra da invasión de Felipe V cos seus aliados franceses. «*Pro tamén* —comenta o historiador *Jaume Sobrequés Callicó*— *aquel once de setembro significou o comenzo da longa loita de Catalunya pola recuperación da súa identidade nacional. Até a data, somentes se rexistra nesta aínda incabada contenda un cativo período que, parcialmente, pódese considerar como de vitoria: o conxunto do Estatut d'Autonomía que, logo de moitas reticencias, conce-*

deron as Cortes españolas en 1932 e tamén en setembro.

Seguindo coa análise do mesmo historiador, o once de setembro de 1714 foi o derradeiro episodio dunha complexa problemática internacional que xurdira como consecuencia da pugna por alcanza-la sucesión do último soberano español da *Casa de Austria*, Carlos II, morto sen herdeiros directos en 1700 logo de otorga-la coroa a Felipe, duque de Anjou, neto do omnipotente Luis XIV de Francia, casado cunha irmá de Carlos II. O Imperio, Holanda e mais Inglaterra non estaban dispostos a permitilo grande crecemento da influencia que este feito supoñía pra Francia e opuxéronse con forza á sucesión levada de tal maneira, sucesión que —por outra banda— fería os intereses do archiduque Carlos de Austria, fillo do emperador Leopoldo I, cuñado de Carlos II.

Se ben os cataláns, de momento, aceptaron a Felipe V, o espírito centralista deste, as súas medidas antiautonomistas e a dureza coa que o seu virrei en Catalunya reprimiu ós grupos políticos puxeron na súa contra ós mais amplos sectores da sociedade catalá. E no pacto de Xénova de 1705, firmado secretamente polos emisarios cataláns, saídos clandestinamente de Catalunya, e mais Inglaterra, o *Principat* comprometiase xa de cheo na loita dos aliados europeos contra de Felipe V. Loita na que, definitivamente, Catalunya —xunto cos reinos de Valencia, Aragón e Mallorca— ía se-lo grande e único derrotado. O apoio catalán permitiu ó archiduque Carlos, chegado a Barcelona en novembro de 1705, converter a Catalunya na súa base de opera-

La Plaza Catalunya de Sant Boi fue insuficiente

L'Onze de S recuperar



de 1710 foron xa a ruína total das posibilidades de Catalunya pra facer medra-la súa influencia na dirección do Estado español. A morte do emperador José I en 1711 e o ascenso ó trono imperial do archiduque Carlos, apartaron a este da loita. Os aliados, por outra banda, non viron con bos ollos a posibilidade de que o archiduque reconstruira o imperio de Carlos I e decidíronse pola paz. Firmada esta en Utrecht (1713), Catalunya ficaba soa fronte a Felipe V. Nun esforzo —«tan heroico coma insensato», di *Jaume Sobrequés*— a *Junta de Braços*, derradeiro *Parlament* catalán se non contamos o que funcionou durante a Segunda República, decidiu en xullo de 1713 proseguir pola súa conta a guerra. Encetouse, deste xeito, o asedio a Barcelona —o resto do *Principat* atopábase xa, practicamente, nas mans de Felipe V— que remataría o día 11 de setembro de 1714.

A represión que seguiu á derrota catalá foi dunha forza increíble. As primeiras medidas tomadas polo duque de Berwick, xefe das tropas de ocupación, consistiron na creación —pra substituír ó *Gubern Catalá*— dunha *Real Junta Superior de Justicia y Gobierno*. Foi, asemade, disolto o *Consell de Cent* e substituído por dezaseis administradores eleixidos, como os membros da

cións pra conquero-lo predominio peninsular, política que tamén lle interesaba á burguesía mercantil catalá.

Catalunya obreira e progresiva...

A perda de Aragón e mais Valencia en 1707 e as derrotas militares

ades

Setembre,



Los tres oradores: Jordi Carbonell, Octavi Saltor, Miquel Roca i Junyent

Con asistencia de muchos millares de catalanes, se celebró la Diada. La plaza de Sant Boi presentaba este impresionante aspecto durante el acto de ayer. El Onze de Setembre volvió a poder celebrarse con emoción y al aire libre otra vez

Junta, entre homes que non defenderan ó archiduque. Liquidouse, tamén, a *Generalitat de Catalunya*. Disposicións, todas elas, de tipo institucional que foron acompañadas doutras de tipo persoal practicadas co desterro e encadeamento dos que se significaran fundamentalmente na resistencia ós desmanes de Felipe V.

«En todo caso —decía o profesor González Casanova ó se referir á celebración da Diada o pasado ano—, moito me temo que algúns queiran asignarlle un contido an-

tiespañol ou anticastelán que non ten e que as forzas políticas catalás rexeitan explícitamente». O mesmo G. Casanova lembraba, en beizos do historiador Ferrán Soldevila, a frase que, ó arengar por derradeira vez ós barceloneses denantes do asalto final das tropas de Felipe V, o xeneral Antoni de Villarreal dixo: «Per nosaltres i per tota la nació espanyola, combatem («por nosotros e por toda-la nación española, combatimos»)». «O mesmo que en 1714 —líase na *Solidaridad Obrera*, órgano da CNT, o 11 de se-

tembro de 1938—, *Catalunya obreira e progresiva, Catalunya libertaria, reafirmase na súa decisión de vencer. Nunca morrer. As leixións inmensas do seu proletariado confederal probaron como contribúe Catalunya á liberación dos outros pobos do Estado español. O noso movemento confederal e anarquista, maioría indiscutible na democracia catalá, ergue as súas bandeiras na memoria dos caídos polas libertades de Catalunya e de España dende 1714 a 1938*». Pra rematar coas pretendidas intencións separatistas que, ano tras ano baixo da ditadura franquista, foron o sambenito imposto ós cataláns, en setembro de 1976, días denantes da celebración da *Diada* as organizacións das distintas asociacións de veciños de Barcelona especificaban: «A loita pola autodeterminación de Catalunya considéramola xunguida á loita pola consecución das libertades políticas tanto en Catalunya coma no resto do Estado español e á loita polos intereses que, como traballadores e veciños destes barrios, temos».

A memoria vasca de Sabino Arana

Douscentos sesenta e tres anos prá *Diada*, o *Aberri Eguna* (Día da Patria Vasca) non dispón dun caudal histórico semellante. Pola contra, as explosións represivas das forzas do Orde Público sobor do pobo vasco e as numerosas mortes dos últimos anos, multiplican por cen o interés histórico dos sucesivos «aberris». Celebrado en Bilbao e convocado polo Partido Nacionalista Vasco, o 27 de marzo de 1932 tiña lugar o primeiro *Aberri Eguna*. Celebrábase, deste xeito, o cincuenta cabodano do nacemento do primeiro nacionalismo euskeraorganizado. Domingo de Resurrección —data na que, sempre que se puido, se celebrou o día—, aquela festividade nacía, pois, en conmemoración das bodas de ouro da adscripción do pobo vasco ós principios nacionalistas establecidos por *Sabino Arana Goiri* en 1882. Asistían ás manifestacións, daquela, arredor de sesenta e cinco mil persoas.

O ano seguinte, o *Aberri* celebrouse no campo de Atocha, en San Sebastián. En 1934 tivo lugar en Vitoria e, en 1935, en Pamplona, suspendéndose co comenzo da guerra en 1936. Durante moitos

anos non fa ter lugar o *Día da Patria Vasca* pola represión que, baixo do franquismo, caíu enriba das manifestacións que, de calquera xeito, foran referidas á cultura ou á vida política vasca. Non embargantes, en 1964, o Partido Nacionalista Vasco convocaba ós seus militantes e simpatizantes pra levar adiante a primeira celebración do *Aberri Eguna* despois da guerra e o lugar elixido é a vila de Guernica. Mais de sesenta mil persoas se manifestaban diante da arbre e da *Casa de Juntas* sen que ningún incidente se producira. A partires daquela, tódolos anos vense convocando o *Aberri*, uns anos nun lugar, outros nou-

Desde 1966, tódalas concentracións do *Día da Patria Vasca* foron conflitivas, sempre disoltas pola actuación das forzas da policía e, regularmente, precedidas dalgunha actuación violenta de ETA. En 1966 tiveron lugar dúas convocatorias: unha en Vitoria, polo Goberno vasco no exilio, e outra en Irún, convocada pola ETA. O ano seguinte a convocatoria foi en Pamplona, disolta pola forza pública. O mesmo ocurriría coa de San Sebastián en 1968. A vista dos acontecementos pasados, a convocatoria de 1969 foi de abstención de acudir a concentracións de clase ningunha. De tal maneira, as celebracións do *Aberri* suspendíanse hasta o ano 1974, ano no que a convocatoria tiña lugar, novamente, en Guernica. A ela asistía o presidente do Goberno vasco no exilio, Leizaola, quen días denantes entraba clandestinamente en España. 1975, tamén, era o ano de Guernica. O de 1976, convocado polo Partido Nacionalista Vasco e por outras organizacións da esquerda, ía ser un *Aberri Eguna* confuso tras do asasinato, por ETA, de Berazadi, acontecemento que moveu ó PNV e outros, como o Partido Comunista de Euzkadi e mailo PSOE, á desconvocatoria da celebración. Finalmente, sen acordos unitarios de tódalas forzas democráticas de Euzkadi, a prohibición do *Aberri* neste ano íase traducir na mais violenta represión a cargo das forzas da Policía Armada e da Guardia Civil. 1977, xustocando logo de corenta anos de franquismo se escomenzaba xa a falar de posibilidades democráticas no Estado español, coas medidas do segundo Goberno da Monarquía de Juan Carlos I nacía unha forte oposición na opinión vasca contra das represivas medidas de Orde Público ás ordes de Rodolfo Martín Villa.

UN BANCO DE TODOS UN BANCO PRA TODOS



© M.I.B. Banco de Bilbao 76-B. Autorizado por el B.O.E. Nº 11599

Un banco propiedade de 170.000 persoas, cifra que segue medrando día a día.

Un banco absolutamente aberto a tódolos que queiran incorporarse como accionistas-propietarios.

Un banco onde tódolos que nel traballan hai mais dun ano, e os seus xubilados e pensionistas, son accionistas.

Un banco onde mais dun millón e medio de persoas teñen a súa libreta de aforros e perto dos dous millóns a súa conta corrente.

Un banco fundado no 1857, con ideas e servizos innovadores.

Velahí o Banco de Bilbao.

Non somos, de certo, un banco mais. Déixenos demostrarllo.

Veráo todo mais claro no



BANCO DE BILBAO

Historia do 25

Latexa un peito galego

M. RIVAS

Dende «A Nosa Terra» os homes das Irmandades da Fala tiveron bo coidado de lembrar que non había días nin celebracións illadas. O Día de Galicia, o Día da Patria, eran, tiñan que ser, tódolos días e cada un. O 25 de xullo era como un reconto festivo dun labor de espallamento e loita levado ó longo do ano «un novo día que nos fai reafirmar nas arelas renovadoras de adianto, liberdade, desenvolvemento progresivo da nosa cultura e vigorización do sentimento galeguista». O acontecer que vai de 1920 a este 1977 está simbolicamente escrito na historia destas 24 horas do mes de xullo. Primeiros berros e brillos de bandeiras, Festa, Silencio, Represión, Clandestinidade, Rexurdir. Da esperanza daqueles primeiros nacionalistas ás carreiras polas rúas de Santiago, pasando por aquela especie de catacumbas galeguistas que eran as chamadas *misas de ateos* en Santo Domingo. Da toma de conciencia á loita polo autogoberno, con aquel paréntese republicano no que todo foi posible.

A PRIMEIRA CONVOCATORIA

Irmandades da Fala, a traveso do seu voceiro político, fixo a primeira convocatoria no ano 1920. «Esta data do 25 de Santiago —decíase— en todo-los lugares do mundo onde latexa un peito galego, é data de lembranza da Patria natural que dende antigo, como agora e sempre, ha ser a única patria verdadeira do home. Arela a Irmandade, espallada por tódolos pobos da nazón de Breogán, facer canto seia abranguibre, para que dentro de poucos anos, o 25 de xullo, non haxa fogar galego, aldea ou vilego, que deixe d'esteriorizar o seu patriotismo no Día de Galicia.

A Cruña, a capital da Nosa Terra, escomenza a dal-o exemplo. No ano veñideiro imitarann-a total-as cidades galegas.

Cómprenos, porén, na data xurdía d'oxe, saudare con moito amore, con fraterno agarimo, a tódolos queridos irmáns na Grande Obra, que'eisi chamáballo Antolín Faraldo i da redenzón da Terra asoballada... Cómprenos tamén ofrendarles unha lembranza cordial ás nazionalidades irmás da Iberia, Portugal libre e Cataluña i-Euskadi arelosas de se ceibaren pra conseguir o réximen de seu que pra nós tamén nosco cobizamos...

Pro a lembranza máis do inti-

mo, a lembranza que medra de xeito maormente cristaiño do fondo da nosa i-alma é a que, fixada con sangue do corazón, temos pra Irlanda, irmá nosa e nosa mestra, anaco latexante i heróico do tronco celta, oxe callado de mestos loureiros tinguidos de roxo, que han de cinguir a raza, común i-aldraxada de cote coa coroa trunfal que se merecen os xurdidos «epos» alumeadores da Hestoria.

Irmás, amigos i-enemigos: fai-gamos votos no Día de Galicia porque a nosa terra chegue a conquistar o imperio espritoal na futura e groriosa civilización atlántica que xa escomenza a xurdir enchendo da diviña sauda-

PLAZA DO OBRADOIRO
25 DE XULLO DE 1968



SANTIAGO, 1968: AS PRIMEIRAS PANCARTAS

de, «do que foi e do que agardamos», o curazón dos bós e xenerosos... ¡E o momento hestórico «de ser ou non ser» prá terra na que fumos nados nos e nosos pais i-abós!».

Noutro traballo publicado na primeira plana do mesmo voceiro titulado «O noso día» dise que «pola derradeira Asambreira qu'en Compostela xuntóu os nazionalistas, foi acordado facer «Día da Patria» o 25 do mes de Santiago...». De feito, anque «Día de Galicia» foi a fórmula mais utilizada, o de «Día da Patria» non foi un invento recente senón que aparecía frecuentemente nos chamamentos das Irmandades e do Partido Galeguista. Así, en 1930, no editorial de «A Nosa Terra» dise: «Un novo «Día de Galicia». O día grande da Patria. O día símbolo de festa nacional que teñen todol-os pobos». Dende as esferas oficiais ou locais, e en tempos non moi doados, o termo mais utilizado foi «Día do Apóstolo» — anque os galeguistas xamáis consideraron enfrontada esta fórmula coa de «Día de Galicia» ou «Día da Patria» —, e tamén houbo un intento, coma sinala Baldomero Cores, de denominar á xornada «Día da Emigración».

TEMPOS DE DITADURA

O éxito das primeiras convocatoria será crecente. A bandeira azul e branca ondeará nas rúas e mesmo

nos axuntamentos das principais cidades galegas. Aquí e acolá tiñan lugar numerosos actos políticos e culturais. Pro o réxime de Primo de Rivera prohibirá a celebración dende o ano 1924. O mesmo ditador viaxará nesta data a Santiago pra presenta-la Ofrenda ó Apóstolo e, ó tempo, participará nos actos organizados pola reaccionaria Unión Patriótica. Dende 1923 estaba prohibido o uso público das bandeiras das nacionalidades e «A Nosa Terra» será perseguida pola censura chegando a ser detidos varios dos seus periodistas. «Na imposibilidade de o poder facer ó noso gusto —dirá o voceiro das Irmandades en 1924— e tal como debera, sírvanos de consolo, ¡qué remedio senón conformarse!, a afirmación n'este día de canto dixemos e pensabamos na mesma data en tempos pretéritos, máis soaves e propicios, que cobizamos pra o porvir». «Tamén as rúas galegas —engadía— aparecerán hoxe adornadas con bandeiras de moitas cores, algunhas d'elas firentes e molestas, e na ausencia «d'aquela», o ceo galego, branco e azul, lucirá limpio o crariño indiferente ás pomposidades oficiais, d'aquí abaixo».

En 1930, coa Ditablanda, danse unha condicións menos represivas e os nacionalistas poderán saír de novo á rua. «Os pobos libres, non mediatizados, adoitan a celebrar o seu día con grandes festas de explosión patriótica. Para os que aínda non son por enteiro donos dos seus destíños siñifican estas datas supremas arelas de renovación, de liberación en pensamentos xenerosos voando en procura do porvir. Pombiñas mensaxeiras portadoras de ideas de amor, de liberdade. Fai

sete anos que en Galicia o día de hoxe viña celebrándose unicamente na comunión espiritual dos bós e xenerosos. Non podía exteriorizarse e os latexos do corazón ofrendados no altar da Patria eran cingidos e coutados pol-o xugo alleo. Mais como as boas ideas e os pensamentos sanos teñen máis poderío que a forza bárbara, os días no seu decorrer foron poñendo as cousas no seu lugar e este ano xa o día de hoxe pode ter, anque non toda a que lle corresponde, mais libre expresión e públicamente pode facerse algunha exteriorización do seu significado».

A TRAXEDIA DO 36

Xa na República o «Día de Galicia» recuperará o seu carácter masivo e a súa repercusión, coma a das forzas nacionalistas, será ascendente. Celebrábanse actos —nos que se misturaban política, economía, antropoloxía e cultura— en tódalas vilas galegas. «La juventud galleguista —decíase nunha nota de prensa no ano 1935— repartió unas octavillas escritas en el idioma regional recomendando el uso y empleo constante de esta hermosa lengua». Logo, despois de que o pobo galego votara unanimemente pola autonomía, o estralido fascista de 1936 non só retirou das rúas a bandeira galega senón que perseguíu a propia lingua e mais calquera mostra do ser galego. Con todo, aquel 25 de xullo, días despois do levantamento militar en Galicia, a misa de Rosalía celebrouse, entre a emoción e a dor dos asistentes. Naquela data llíase na prensa: «el orden que reina en nuestra ciudad, bajo el mando de la autoridad militar, es de lo más complaciente».

Durante os corenta todo se viu reducido ás catacumbas. Contan que nun deses anos, cando se celebraba a misa por Rosalía entrou na igrexa unha escuadra da Falanxe en actitude provocativa. Logo, a misa e a Ofrenda recobrarían importancia. A primeira misa en galego na postguerra foi celebrada polo xesuíta padre Seixas. Frente ó carácter oficialista e paramilitar que se daba á festividade do Apóstolo, a Ofrenda a Rosalía —á que asistiron de sempre galeguistas como Ben-Cho-Shey, Ramón Piñeiro, Paco del Riego, Xesús Carro, etc.— foi como un pequeno facho, agochado alí, nun currunchos dos xornais, cando a outra Ofrenda chea de cantos imperiais enchía as primeiras planas. Algúns chamaban a esta misa a *misa dos ateos*. De certo, nos anos sesenta era mais un encontro no



adro de Santo Domingo entre as novas xeracións e os vellos galeguistas ca unha celebración especificamente relixiosa. Alí xurdíu tamén a necesidade de lle dar un carácter menos críptico a este día de expresión nacionalista: no ano 1967, grupos de mozos cantaron, despois do tradicional Himno, o *Venceremos Nós*, que daquela era certamente contestatario.

1968: UN ANO IMPORTANTE

Neste ano —tan importante a nivel mundial prós movementos revolucionarios— prodúcese a primeira convocatoria abertamente política. A *Unión do Pobo Galego* espalla octavillas por toda Galicia chamando a unha «Concentración Nacional en Compostela». Apoiaron a convocatoria outras forzas coma a *Asociación Democrática de Estudiantes* —con certos vencellos a nivel estatal co *Frente de Liberación Popular*, tamén coñecido como *Felipe*— que falou, quizaves por vez primeira, nas súas octavillas de «Día Nacional Popular».

Foron moitas as medidas de seguridade das autoridades franquistas, seguramente alarmadas pola magnitude da campaña de propaganda previa ó 25. Dous mozos relacionados con ADE foron detidos nas vísperas cando se dirixían á Coirúa dende Santiago. Ocurríuselles

mete-los panfletos perto do motor o que provocou un incendio e o conseguinte alto da Guardia Civil. Foron detidos, anque un deles conseguiu fuxir momentaneamente. De resultados do interrogatorio a policía políticossocial procedeu a unha «histórica» redada na que *calron* varias ducias de persoas e outras tantas tiveron que abandonar precipitadamente Santiago. Na mañá do 25, a praza do Obradoiro, lugar da convocatoria, estaba practicamente tomada militarmente. Os asistentes dirixíronse entón hastra a Ferradura onde colocaron —con grave risco— unha gran pancarta co texto «Viva Galicia ceibe e socialista». Había xente da UPG, do PSG e dalgunha outra organización.

O ano seguinte, os principais incidentes producíronse á saída da misa de Rosalía. Despois de que o coro obreiro de Vigo «Ondas do Mar» interpretara o Himno Galego, a xente mais nova cantou o *Venceremos Nós*. De súpeto, cargou a policía armada, que rodeaba a zona, e escoitáronse varios berros. «Os grises —conta *María Xosé Queizán*, testigo directo dos feitos— cargaron inesperadamente e houbo unha gran desbandada polas escaleiras como aquela escena de *Einsteinstein...*» Foi entón cando detiveron a *Illa Couto* —hoxe dirixente do *Partido Popular Galego*—, cando se revolveu despois dun porrazo, e ó doutor ourensán *Guitián*. Xaime

Illa sería xuzgado por berrar «Viva Galicia ceibe». O fallo do Tribunal Supremo —que o absolvéu— foi do mais sorprendente: el grito de Viva Galicia Ceibe —viña a deci-lo fallo— *puede entenderse como un deseo de mejora de prosperidad de la región gallega lo cual es compatible con la grandeza de España*.

Non hai grandes cousas que sinalar hastra o ano 1974. Hai outra grande campaña de propaganda e a cidade amence tomada pola policía, tanto nos accesos coma as prazas céntricas. Varias persoas son detidas á saída da Ofrenda a Rosalía. En 1975 convoca por vez primeira a recién constituída *Asamblea Nacional Popular Galega*. Perto dun milleiro de persoas acoden á convocatoria pro a manifestación prevista —que estaba preparada pra celebrarse rematada a misa de Rosalía— non se leva adiante por un erro de organización: ó parecer, o responsable de da-lo *signal* foi descuberto pola *social* e detido. Numerosas persoas dirixíronse á Ferradura, pro todo quedou nun paseo.

OS NOVOS TEMPOS

A do «Día da Patria» de 1976 recordárase coma unha das máis espectaculares convocatorias na historia de Galicia. Milleiros de octavillas e pintadas encheron o chan e os valados de Galicia. Namentres os reis de España participaban na Catedral na Ofrenda ó Apóstolo, varios milleiros de persoas manifestáronse na Alameda convocadas pola AN-PG, a pesares da prohibición. A policía cargou en diversas ocasións e houbo ducias de detidos. Neste ano, os dous organismos da oposición galega —*Consello e Táboa*— non conseguiran poñerse de acordo pra facer unha manifestación conxunta. Deuse tamén unha polémica arredor do nome chegándose a dicir que o nome auténtico era «Día de Galicia» en oposición ó «Día da Patria Galega». No fondo, claro, había grandes discrepancias políticas e estratéxicas. Aparte da AN-PG, un grupo integrado no Consello, o MCG, saíra ás rúas de Santiago pola súa conta.

A historia da convocatoria deste ano xa é coñecida. O que puido ser un gran acto de afirmación nacional será unha mostra mais da división das forzas populares en Galicia, nestes tempos nos que a dereita transforma astutamente o seu sistema de dominación.

Se quiere seguir tendo
 unha **teima** independente,

¡¡suscríbase!!

NOME _____		
DOMICILIO _____		
POBOACION _____		
PROVINCIA _____	PAIS _____	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º _____
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.


Atentamente,

NOME _____		
DOMICILIO _____		
POBOACION _____		
PROVINCIA _____	PAIS _____	

TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA
 (Semanal)

	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.

TALON ADXUNTO N.º _____
 XEITO DE PAGO: XIRO POSTAL N.º _____
 IMPOSTO EN _____ DATA _____
 CONTRA REEMBOLSO



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con carácter á miña conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente presentáralles Sociedade Galega de Publicacións, S. A. pró pago da miña suscripción á revista TEIMA.

Atentamente,

XXV

FERIA DE MUESTRAS DEL NOROESTE



EL FERROL DEL CAUDILLO

16 al 27 de Julio de 1977